

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e nove de setembro de dous mil dezasete, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de realizar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.<sup>a</sup> Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.<sup>a</sup> Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don Francisco José Fraga Civeira, don Miguel Bautista Carballo, dona Elvira Lama Fernández, don José Ignacio Gómez Pérez, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García, don Adolfo González Nóvoa e, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa como interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

O deputado do Grupo Socialista, don Miguel Bautista Carballo, estivo ausente na votación dos puntos sexto e sétimo da orde do día.

O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, estivo ausente na votación do punto décimo segundo da orde do día.

A deputada do Grupo Socialista, dona Susana Rodríguez Rodríguez estivo ausente na votación do punto décimo terceiro da orde do día.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace:  
[videoacta.depourense.es](http://videoacta.depourense.es)

**1º.- ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, CORRESPONDENTES Á ORDINARIA DO DÍA 28 DE XULLO DE 2017 E Á EXTRAORDINARIA DO DÍA 9 DE AGOSTO DE 2017.-**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

A Presidencia preguntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular aos borradores das actas das sesións anteriores, correspondentes á ordinaria do día 28 de xullo de 2017 e á extraordinaria do día 9 de agosto de 2017, que foron distribuídos coa convocatoria da sesión.

Non se formulan observacións e as actas do 28 de xullo de 2017 e a do 9 de agosto de 2017 son aprobadas por unanimidade.

**2º.- CONTA XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, DO INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, DO CONSORCIO PROVINCIAL DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO E DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2016.-**

A Sra. interventora expón o contido da Conta Xeral e a tramitación a seguir.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**, moitas grazas señor presidente. Bo días a todas e a todos, moi brevemente para aclarar a nosa postura ao respecto deste punto. A nosa posición respecto á desaparición do INORDE xa é dabondo coñecida por todos, polo que non nos parece lóxico que a Deputación siga transferindo fondos a un organismo que é insolvente. Con respecto ao Consorcio do Servizo Provincial de Loita contra Incendios tamén é coñecida a nosa posición en contra, dende o principio, ao respecto da privatización deste servizo e así o temos reiterado en sucesivos Plenos; co cal o noso voto tamén é contra ao respecto desta Conta. En relación co Consorcio de Augas, mantemos desde o inicio unha posición de abstención. Loxicamente como no punto se votan as tres conxuntamente, na súa globalidade, pois vamos a votar en contra. Nada máis, moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana**, ola, bos días a todos. Nós, tamén é coñecida a nosa postura crítica coa existencia do organismo INORDE, estimamos que non cumpre as súas funcións. Estimamos que a interferencia das administracións públicas no desenvolvemento económico debería ser mínima. Estimamos que o Partido Popular parte do seu éxito electoral baséase na precariedade laboral dunha ampla franxa de poboación da provincia de Ourense. Xa sabemos que parte do éxito electoral do Partido Popular dende hai décadas consiste en ofertar empregos, eses que vulgarmente se chaman *enchufes*. Entón pensamos que vai contra os intereses do Partido Popular o fomento

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

do verdadeiro emprego, o fomento das empresas, o fomento do desenvolvemento económico porque, claro, se a xente ten postos de traballo no ámbito privado, de calidade, pois son menos manipulables á hora de pedir o voto do xeito en que o fai o Partido Popular. Por iso pensamos que o INORDE realmente é un *paripé* porque vai en contra dos intereses do Partido Popular que se desenvolva economicamente a provincia de Ourense.

Por outro lado, chámannos a atención cousas tales como que non estea dentro do ámbito do competencias do INORDE as famosas excursións empresariais dos Estados Unidos ou como se lle queiran chamar. Si o INORDE ten as competencias en todo o que é o desenvolvemento económico, non sei como non é o INORDE o que se ocupa de xestionar esas misións comerciais aos Estados Unidos. Un representante do Partido Socialista na Xunta do Consello Reitor do INORDE insinuou que, ao mellor, o INORDE, ocupábase solamente aquelas cousas que non eran vendibles mediaticamente ou que non poderían xerar grandes titulares; entón, cousas como esas, como a misión comercial, se a realidade fose que pretendese impulsar o desenvolvemento económico, entón tamén debería ser competencia do INORDE. Pero segundo dixo este representante, insinuou, e parécenos acaída a reflexión, que ao mellor esas cousas que son vendibles mediaticamente prefire asumilas directamente a Presidencia. Son reflexións que facemos. No tema do Consorcio de augas ímonos abster e, en xeral como vai todo xunto, absterémonos en todo o punto. Grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE**, moitas grazas señor presidente. Bos días a todos e a todas. Para non reiterarnos en argumentos xa ditos noutras ocasións, e como estas Contas Xerais traen causa dos respectivos orzamentos aprobados no seu momento e ante os que nós votamos en contra, vamos manter ese voto en contra sen entrar para nada nas cuestións contables e apuntamentos da Conta Xeral.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular**, si, grazas señor presidente. Bos días señoras deputadas, señores deputados e demais persoas que hoxe nos seguen neste Pleno. Eu con moita brevidade, pero creo que hai un error de concepto aquí e de principio. O señor Rodríguez Suárez fala da existencia ou non do INORDE, o señor Ojea fala do funcionamento ou do que debería ser o seu funcionamento e aquí non estamos falando dese tema. Estamos falando das contas dos organismos da Deputación e da propia Deputación durante o ano 2016, vostedes non se refiren a nada diso; polo tanto creo que non están acertados na súa formulación. Moitas grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar as contas xerais correspondentes ao exercicio 2016 de acordo co establecido no artigo 212.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co seguinte detalle:

**Primeiro.- Conta Xeral da Deputación Provincial de Ourense** do exercicio 2016, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 18.022.879,58 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 22.428.129,18 €
- Balance de situación: 2.658.321.509,95 €
- Resultado económico patrimonial: -38.368.533,14 €

**Segundo: Conta Xeral do Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico** do exercicio 2016, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 103.697,21 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 369.873,52 €
- Balance de situación: 17.364.194,91 €
- Resultado económico patrimonial: 26.807,83 €

**Terceiro.- Conta Xeral do Consorcio provincial de servizo contra incendios e salvamento** do exercicio 2016, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 1.377.964,03 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 2.694.562,33 €
- Balance de situación: 9.913.116,06 €
- Resultado económico patrimonial: 2.597.235,76 €

**Cuarto.- Conta Xeral do Consorcio de augas de Valdeorras** do exercicio 2016, da que se obteñen os seguintes datos:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

- Resultado orzamentario axustado: -1.657,79 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: -273.591,88 €
- Balance de situación: 1.063.565,51 €
- Resultado económico patrimonial: -46.785,56 €

Quinto.- Corrección de erro material na conta xeral da Deputación Provincial de Ourense do exercicio 2015, de forma que onde di:

Primeiro.- **Conta Xeral da Deputación Provincial de Ourense** do exercicio 2015, da que se obteñen os seguintes datos:

- Remanente de tesourería para gastos xerais: 26.726.742,37 €
- Balance de situación: 2.699.579,62 €

Debe dicir:

- Remanente de tesourería para gastos xerais: 26.726.781,54 €
- Balance de situación: 2.699.579.520,62 €

**Segundo.-** Proceder á rendición da conta xeral correspondente ao exercicio 2016 ao Consello de Contas de Galicia, cumprindo co preceptuado no artigo 212.5 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo

**3º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N.º 2/2017 DO ORZAMENTO DO INORDE.-**

A Sra. interventora expón o contido do expediente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**, si, moi brevemente. Pola mesma razón que o exposto no punto anteriormente na aprobación da Conta Xeral deste Organismo, a metade dos recursos utilizados nesta modificación de crédito van para aboar distintos gastos ao persoal. Este é un pozo se fondo que, como xa se dixo aquí, existe única e exclusivamente para manter a estrutura clientelar do Partido Popular. Contestando á intervención do portavoz do Partido Popular, cando estamos falando do INORDE, estamos falando do INORDE. Danos o mesmo estar falando dun expediente de modificación de crédito, da Conta Xeral, etc., todo vén á raíz da existencia do organismo coa que nós, volvemos a reiterar, estamos totalmente en contra. Nada máis, moitas grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana**, si, buenos días, al margen, obviamente, de estar en contra de esta modificación de crédito que la hacen para lo que la hacen, viene a demostrar un poco que uno de los puntos posteriores que son los presupuestos que debatimos hoy son un *paripé*, porque esta modificación de crédito que hacemos – esta modificación de crédito es de los presupuestos anteriores- la hacemos el mismo día que hacemos los presupuestos, que son una farsa porque van a requerir de modificaciones constantes posteriores en hasta un 25%. Porque, el presupuesto de la Diputación, la previsión inicial está en torno a 80 millones y al final se van a gastar en torno a 100; entonces al final es todo una farsa. Esto viene a demostrar que el mismo día que presentan unos presupuestos, arrastran una modificación anterior; con lo cual demuestran que ustedes son unos gestores pésimos.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE**, moitas grazas. Pouco que dicir, porque basicamente xa está dito. Suplementáanse créditos en partidas de persoal e dez mil euros, case once mil e pico, en gastos de feiras e exposicións que inciden no xa dito, na inutilidade do INORDE. Votaremos en contra.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo do Partido Popular**, moi bo día distinguidas señoras e señores, medios de comunicación, de información e todos os que nos están vendo de maneira indirecta, moi bo día. Vamos a ver, aquí se refire a todo menos ao que hai que ir. Estamos nunha modificación, nun expediente de modificación orzamentaria que foi aprobado polo Consello Reitor do INORDE o 10 de xullo que ascende, como ben dixo a interventora, a 19.216 € nunha modificación que se financia co remanente de tesouraría para gastos e incorporación de remanentes de créditos do exercicio 2016-2017. Son necesidades, en todo caso, sobrevidas, e voulle a explicar, porque a isto non se referiron, isto é o substancial do punto da orde do día. Primeiro, para aplicar a subida do 1% aprobado no orzamentos do Estado para o ano 2017 e que non estaban contemplados nos orzamentos do INORDE, eses foron 8.219,44€ e despois gastos diversos das diversas feiras e exposicións para asistencias a concellos que, por certo, foron 109 eventos realizados na xeografía provincial, 109 eventos. Din que non vale para nada o INORDE, bueno, aquí son 109 eventos. Pero aquí fálase por un lado de desaparecer, señor Ojea, o INORDE e por outro lado di que hai que darlle competencias como as misións. Vamos a ver, ou si ou non. Se ten que desaparecer xa non se poden dar misións, nin a misión americana, nin a misión alemá, nin a que se leve. Polo tanto

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

desaparece ou deixa de existir, ou ten que existir e potencialo máis. Despois fala o señor Ramiro, o único que dixo así sobresaínte é que o INORDE é un saco sen fondo. Home eu non sei si un grupo que ten un deputado e dous asesores é un saco sen fondo ou non; non o digo, pero o digo en voz alta. En calquera caso, a captación de fondos do INORDE para o 2018-2020 importa compromisos que, ademais de previstos, xa están contemplados e firmados; recórdolle, a este saco sen fondo que di don Ramiro, o proxecto Crinma 198.700€ , ao mellor non sabe o que é o proxecto Crinma, ese é outro cantar. O proxecto Limia Cávado 106.050€. O Programa Incide, 100.000€. O Convenio coa Consellería de Medio Rural para a conservación de razas autóctonas, 280.000€. O Convenio coa Axencia de Turismo de Galicia para actividades de turismo na provincia, 100.000€, non son moitos, pero son 100.000€, para non valer nada o INORDE é ser un saco sen fondos, xa é bastante. O Convenio anual coa Axencia de Turismo para o xeodestino Manzaneda-Trevinca, 35.000€. Convenio anual coa Axencia de Trismo de Galicia para o xeodestino número 10 Celanova-A Limia, 35.000€. Inter Europa, a segunda convocatoria, 316.00€, etc, etc... Total de captación de fondos, en xestión sería, na partida de gasto corrente 550.000, na partida de investimentos, 404.000 e a isto engadiríamos convenios con Turismo: 170.000. En total, 939.565. A este saco sen fondo non fixeron referencia ningún dos grupos, que xa non sei si son oposición ou alternativa de goberno; calquera das dúas podería valer, pero a segunda creo que se queda moi alta. En todo caso, eu creo que isto é sobresaínte e estivemos presentes en 109 eventos que pediron os concellos desta provincia. Se fora un saco sen fondo... Señor presidente, ¿creo que é bastante, non?

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Orensana**, si, acababa Rosendo diciendo que si se nos queda alto lo de ser alternativa de gobierno. Que vengan esas palabras de alguien que llevó al PP a mínimos históricos en la ciudad de Orense, con 21.000 votos y que después de su labor de cuatro años, el PP cayó a 16.000 votos o más; que venga de él decir eso.. Una persona que tenía 21.000 votos, que eso ya era una *trapallada* para el PP en la ciudad e marchouse e a labor do PP viuse nas eleccións do 2015, na que tiveron 16.000 votos. Caiu 5.000, claro, coa inestimable colaboración de Jesús Vázquez que era un candidato tan malo como Rosendo. Rosendo no hubiera coseguido 16.000, hubiera conseguido 17.000 yo creo; mil más por lo menos. Primero, es una persona que yo no sé si cree que todos los demás somos tontos, o si directamente él es tonto. Ahora, una cosa está clara, para aprobar la carrera

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

de medicina no hace falta dominar la lógica; porque vaya falacias se marca el señor Rosendo. Dice que antes Armando Ojea dice que primero hay que eliminar el INORDE y que lo de Estados Unidos tenía que gestionarlo el INORDE. Hombre, está bien claro, nosotros creemos que se debe eliminar el INORDE; si no se elimina, *se con estes bois temos que arar*, lo normal es meter la campaña de Estados Unidos ahí, eso es lo normal. Pero es que además, el tema de eliminar el INORDE no parte de Democracia Orensana, ni del Bloque, ni del PSOE (es decir, siempre fue una reivindicación de toda la oposición); parte de ese señor de ahí, porque Baltar, incluso en la televisión en el programa aquel famoso de *Salvados*, dijo que el tema del INORDE era un tema que había que minimizar e ir camino de eliminar. Entonces cómo puede Rosendo criticar esto, cuando el propio Baltar lo dijo. Claro, los que están en el poder y les interesa tener esa vía de escape para muchas historias, pues entonces lo utiliza. Luego, utiliza otra falacia Rosendo diciendo: *¿cómo pueden ustedes decir que el INORDE es algo inútil, cuando hemos hecho 109 eventos?* O sea, das por hecho que esos 109 eventos son útiles. ¡Cómo si haces 6.000!, si son 6.000 eventos inútiles, como la *trapallada* de Estados Unidos de turismo ¿xa me dirás ti de que vale? O sea, por 109..si eu fago 110 xa son mellor ca ti. ¡Vaia razoamentos que fas!

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE**, brevemente señor presidente. Nós seguimos manifestando a inutilidade do INORDE. Pode facer, como ben dixo o señor Jácome, actos e máis actos, os datos económicos e a situación económica e social da provincia non melloran. Non sei se é que eses fondos que capta son insuficientes e ten que captar máis. Nós, máis ben, creemos que é por inutilidade do propio órgano. Non hai máis que ver o seu proxecto de orzamento, que falaremos despois del, en que consume a maior parte do orzamento: en gastos de persoal e en gasto corrente.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo do Partido Popular**, moitas grazas presidente. Señor Ojea, tivo que saltarlle o señor Jácome ao *quite* que como aqueles toureiros que fallan e se presta o subalterno e di: *agora vou eu*. Entón, ou quedou cansado da primeira fase e salta o segundo, ou non sabía o que responder. En calquera caso, mire señor Jácome, eu veño aquí a falar do INORDE, non veño a falar das eleccións, nin do Concello. Se quere, aínda que sexa nunha cabina telefónica podemos falar do Concello, vostede e máis eu; pero non aquí precisamente. Nada máis e moitas grazas.



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación de créditos n.º 2/2017 do orzamento do INORDE, para o exercicio 2017, co seguinte detalle:

<b>SUPLEMENTOS DE CRÉDITO</b>		
<b>ESTADO DE GASTOS</b>		
<b>APLICACIÓN</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>IMPORTE</b>
42211/101.00	Retribucións xerente	579,93 €
42211/130.00	Retribucións básicas persoal laboral fixo	1.710,07 €
42211/130.02	Outras remuneracións persoal laboral fixo	2.343,49 €
42211/131.00	Retribucións básicas persoal laboral temporal	566,34 €
42211/131.01	Outras remuneracións persoal laboral temporal	980,20 €
42211/160.00	Seguridade Social	2.039,41 €
42211/227.10	Gastos diversos feiras e exposicións	10.996,67 €
<b>Total</b>		<b>19.216,11 €</b>
<b>RECURSOS UTILIZADOS</b>		
<b>ESTADO DE INGRESOS</b>		
<b>CONCEPTO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>IMPORTE</b>
870.00	Remanente de tesourería para gastos xerais	19.216,11 €
<b>Total</b>		<b>19.216,11 €</b>

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público tralo anuncio no BOP, por quince (15) días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**4º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DO CONCELLO DE RAIRIZ DE VEIGA EN MATERIA DE RECADACIÓN EXECUTIVA.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aceptar a delegación nesta Deputación Provincial das facultades que o Concello de Rairiz de Veiga ten atribuídas en materia de recadación executiva de todos os ingresos de dereito público e en especial taxas, prezos públicos, sancións e calquera outro ingreso dese carácter, sen exceptuar ningún deles.

Todo isto ao abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 7 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no acordo do Pleno do dito Concello do día 31 de xullo de 2017. A dita delegación rexerese polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia e terá efectos a partir do 1 de outubro de 2017.

**5º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2018.-**

O Sr. presidente anuncia que se presentou unha emenda conxunta por parte do Grupo Socialista e do BNG.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG,** moitas grazas señor presidente. Os orzamentos son un instrumento económico fundamental para o desenvolvemento das políticas que se pretenden executar de cara a acadar o que debe ser o obxectivo final: cubrir, ou en todo caso paliar, as necesidades das veciñas e veciños da provincia. Moito mudaron nos últimos anos esas necesidades básicas da sociedade, e pola contra, moi pouco mudan os orzamentos que veñen ao Pleno ano tras ano. Nin unha mínima referencia á durísima situación económica que atravesan as familias e ás inxustas medidas que o poder económico está impondo á sociedade máis desfavorecida, e nin un só programa novo neste orzamento para paliar os efectos desas medidas na nosa sociedade, por máis que agora queira convencernos de que a súa é unha aposta firme polo emprego. Polo tanto, nada novo, preséntannos vostedes case un calco dos orzamentos do ano pasado. En realidade poderíamos despachar este debate

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

pedindo que se copie o que xa dixemos o ano pasado, porque non perdeu en absoluto validez. Pretenden maquillar a realidade cunha achega maior que o ano pasado no plan de empregabilidade, pero pola contra, diminúen as axudas aos concellos previstas no plan de cooperación, impedindo, de facto, que os concellos poidan adxudicar as obras, mentres continúan mantendo, ademais dunha maquinaria burocrática enorme, as partidas de autobombo e propaganda, é curioso. É dicir, señor Presidente, o comido polo servido. Este orzamento é un claro exemplo, ou así nós o consideramos no BNG, do fracaso das políticas do Partido Popular. Uns orzamentos que retallan o poder investidor desta Deputación porque teñen vostedes que dedicar recursos, que poderían ir destinados a outras necesidades, para tapar as vergoñas do comportamento do Estado e da Xunta con Ourense. Son uns orzamentos que actúan de cortalumes das políticas do Partido Popular, e todo o que vostedes dedican a cubrir o déficit investidor da Administración do Estado e da Administración galega podería dedicarse a novos programas, polo tanto recortan do propio orzamento para cubrir orzamento alleo, como digo, tapan vostedes as vergoñas do seu Partido. Son uns orzamentos tamén, claramente, na onda do catecismo económico - liberal ao que vostedes manifestan unha obediencia absoluta, aínda que despois na práctica o incumpran, pasándose a lei de estabilidade polo forro. A prioridade absoluta para vostedes é a débeda, os bancos, sen importar que iso supoña axustes económicos claramente prexudiciais para os concellos e para a sociedade. Temos unha boa saúde económica, vostede non cansa de repetilo en diferentes foros, pois ben, sendo así, prioricemos ás persoas e aos concellos e fagamos uns orzamentos formulados dende unha óptica social e non dende unha óptica simplemente economicista. Hai elementos no orzamento xeral de Deputación que por si sos xa determinan a nosa posición contraria ao mesmo. Uns relativos ao informe de estabilidade orzamentaria, que vostedes incumpren, outros que se refiren ao plan estratéxico de subvencións, onde se pode apreciar que vostedes non gobernan, viven sumidos na máis absoluta improvisación, e outros derivados do propio orzamento da Deputación e dos seus organismos autónomos, o caso máis flagrante – como xa se dixo anteriormente- é o do INORDE. Pero vaíamos por partes. O informe de intervención non deixa lugar a dúbida: o proxecto de orzamento do exercicio 2018, en termos consolidados, non cumpre co teito de gasto non financeiro. O teito de gasto é un mecanismo que serve para limitar o gasto das Administracións Públicas. É un dos instrumentos recollidos na Lei de estabilidade orzamentaria para garantir que as Administracións non disparen os seus

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017**

compromisos non financeiros en época de bonanzas e o reduzan en tempos de estreiteces. Sorprende que aqueles fervorosos crentes que defenderon con unllas e dentes a Lei de estabilidade orzamentaria (lémbrolles que o noso partido opúxose desde o primeiro momento) insistindo en manter como prioridades da súa política económica a redución do déficit, sexan despois os primeiros en incumprila. Ao respecto da segunda das cuestións, o papel do INORDE, é realmente inconcibible que vostedes se empecinen en manter un organismo que fagocita case de 2 millóns de euros do erario público para manter única e exclusivamente unha estrutura de persoal de 20 persoas entre laborais fixos e contratados, que se levan case do 50% do total do orzamento e o outro 50% vai destinado a gasto corrente, pois apenas 79 mil euros dun total de 1.936.000 se poden considerar investimento. Non esquezamos que este organismo chámase, e así foi concibido, Instituto Ourensán para o Desenvolvemento Económico: absolutamente surrealista. No que atinxe ao Consorcio para o servizo contra o lume tamén temos sido claros e contundentes ao posicionarnos en contra da súa privatización. Non imos abondar nos argumentos esgrimidos por este grupo anteriormente, polo que tamén está máis que xustificada a nosa posición en contra de que a Deputación aporte 1.419.750 euros para manter un servizo privado, que entendemos debería ser público e de xestión pública. Como xa dixen, estamos diante dunha ficción total. É un copia e pega a respecto de anos anteriores, porque entre o que se presenta a aprobación, e a resultante final calquera parecido é mera coincidencia. Ao longo do ano, os sucesivos expedientes de modificación de crédito, produto da escasa execución orzamentaria, acaban provocando que haxa un orzamento real que desvirtúa absolutamente o orzamento que hoxe se trae a aprobación. E claro está, nese outro orzamento gran parte dos recursos que se incorporan vía remanente, distribúense na súa meirande parte entre os concellos do Partido Popular: a vella táctica. O propio documento avala e demostra claramente as teses de que a mellor Deputación é a que non existe: esta é unha administración subsidiada e fagocitadora de recursos que directamente poderían ir aos concellos. Dependemos nun 80% das transferencias doutras administracións públicas, e só somos capaces de investir un escaso 16% do noso orzamento. Imaxínense vostedes que isto fora unha ONG que gastara un 60% dos fondos que lle doan diferentes persoas en manter o seu entramado burocrático e só destinara un 16% a destinar eses fondos á sociedade que é o obxecto do seu labor. Poderíamos chegar a dúas conclusións, ou que esa ONG ten uns xestores pésimos e que xestionan moi mal os obxectivos

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017**

sociais que perseguen, ou que esa ONG é unha sociedade inservible que non inviste os fondos que recada. Vostede señor Presidente, vostedes señoras e señores deputados do Partido Popular, tiveron desta volta unha oportunidade histórica para virar o rumbo e cambiar de modelo, para sumarse, en definitiva, ao proceso modernizador que xa se encetou hai anos no resto das deputacións. Vostede, señor Baltar, non pode pretender ser a vangarda da modernidade cando a súa xestión económica é decimonónica e arcaica. Segue unha e outra vez xestionando os recursos de todos e todas de xeito clientelar, desouvindo o que as alcaldesas e alcaldes dunha parte importante da provincia lle están a pedir. Que non escoita non é unha novidade, pero ademais é vostede soberbio. A nós, á oposición, sempre se nos ten acusado de criticar e de non dar solucións. Pois desta volta señor presidente, traemos unha proposta rigorosa, realista e ambiciosa que pasa por por en marcha un plan único que permita que todos os concellos da provincia, independentemente de por quen sexan gobernados, melloren a súa situación económica e saiba cales son os recursos cos que conta, para destinalos, dentro do absoluto respecto á autonomía municipal que aquí tantas veces se invoca, a aquelas cuestión que consideren máis necesarias. Nesta proposta, e xa me estou a referir á emenda que presentamos conxuntamente co Partido Socialista, gañan todos e todas, agás os concellos representados polos deputados e deputadas do PP que sentan nesas cadeiras. Eles son os que vostede definiu hai tempo como merecentes, por iso se opoñen con forza a unha proposta como esta. Porque acreditamos na igualdade e na xustiza distributiva, presentamos unha proposta que permite, en base aos criterios fixados pola FEGAMP, que de agora en adiante se implante un reparto equitativo dos fondos públicos da institución entre os concellos fixando un teito por abaixo de 80 mil euros, é dicir, garantindo que ningún concello vai ter menos deses cartos, e aplicando no reparto criterios variables en función da morfoloxía do concello. Non é de recibo darlle o mesmo diñeiro a un concello que ten 700 habitantes, como a outro que ten 13 mil. Non pode dárselle a mesma cantidade de diñeiro a un concello que ten un 10% de desemprego, como a outro que ten o 30%. Non poden destinarse os mesmos recursos a un concello que ten 92 núcleos de poboación, como a outro que ten 10. Estas razóns, por si soas, xustifican xa a validez da nosa proposta, pero ademais de todo iso, tamén é necesario incrementar os fondos que esta Deputación adica a cooperación. E tamén lle dicimos señor Presidente, que esta non é unha proposta pechada, en ningún caso. Estamos dispostos a sentarnos e falar de criterios e de cantidades. Nós fixamos os criterios da FEGAMP, pero

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

tamén pode haber outros. Nós pensamos que esta Deputación debe estar no entorno do 25% dos orzamentos en cooperación, ao igual que o resto das Deputacións, e tamén estamos dispostos a discutir de onde sacamos os recursos. En definitiva, señor Presidente, estamos abertos ao diálogo. De vostede depende, recoller a man que nós lle tendemos, sincera e sen apriorismos, ou quedar instalado no modelo caduco que representa hoxe en día esta Deputación. De momento, nesta primeira intervención, nada máis.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana**, muchas gracias. Rosendo, antes decías que si yo salí al rescate, que por qué no respondía Armando Ojea; estaba yo en mi turno y mi segundo turno era yo. Aquí ya se había acabado el turno, entonces me tocaba a mí. Son unos razonamientos muy raros. Me pregunto, ya que hablas de eso de lo que es salir a primera línea de fuego, me pregunto si vas a replicar tú los presupuestos; pero me temo que no porque parece ser que desde que una vez te dio una *somanta* presupuestaria, aquí en los debates, Nacho el portavoz del PSOE en su día, non volviches a falar nos presupuestos. Sei que quedaches escarmentado e dende entonces creo que o fai Plácido, dende aquela vez que che deu o repaso. Un tema, antes de hablar de estos presupuestos, tengo que decir que lo cortés no quita lo valiente, y también queremos darle nosotros la enhorabuena al presidente de la Diputación, José Manuel Baltar, por el retoño que ha tenido, igual que en su día se lo dimos aquí a la diputada, e igual que le dijimos en su día a la diputada, esperemos que ese niño en su día –como si fuera la *Guerra de las galaxias* - no esté seducido por las fuerzas del mal y pueda votar a Democracia Orensana. Esperemos que se rebele. Decir también que sale en la prensa hoy que ardió una casa ayer en Vilameade, Bande, y decir que esa casa era de un concelleiro de Democracia Ourensana, de Manolo del Foro, que lle ardeu a casa onte. Están investigando a ver que pasou. Había alí xente con sopletes, esperemos que non teña que ver coas obras da Deputación. Nós creemos que non, seica non, seica foi un obrero que non ten relación coa Deputación. Pero a casa que ardeu onte que é do concelleiro de Democracia Ourensana Manolo o do Forum. Bueno, vamos xa cos orzamentos en si, por chamarlle algo. Primero estamos ante lo que es aquí, el señor Baltar, un presupuestador precoz. Le puse ese nombre porque quiere ser el primero de España en decir: tengo los presupuestos. Esta es una verdadera contradicción con toda la filosofía del PP y ahora digo porqué. Él es el máximo responsable del Partido Popular en Orense y si para él fuera tan importante presentar los presupuestos de una forma útil para los orensanos, primero

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

no presentaría unos presupuestos de ficción como son estos. Son de ficción porque, como hemos dicho antes, esto es simplemente hacer un paripé para luego hacer modificaciones de crédito, con lo cual no se van a parecer en nada estos presupuestos a los que realmente van a ser en la ejecución final. Va a tener un margen de error en torno a un 25% porque de 80 millones puede acabar en 100, con lo cual es un 25%. Ustedes imagínense lo que es un margen de un 25%, pues macho, cualquier contable que tengas en una empresa igual lo echan a la calle, cualquier gestor; excepto que sea, obviamente, en ventas, pero si desde luego en lo que es presupuesto de gasto tengo un error de un 25%, ¡válgame Dios!. Esto demuestra que estos presupuestos son una mentira. Decir que, fíjate hasta que punto son una mentira, son también contradictorios, que si para el PP es tan importante tener los presupuestos en regla, ¡cómo el presidente del Partido Popular de la Diputación de Orense, no le dice a Jesús Vázquez que esto es gravísimo! Porque Jesús Vázquez, que es alcalde en el Concello de Orense, lleva dos años y medio sin presupuestos. Es el alcalde de España que más tiempo lleva sin presupuestos en una capital de provincia, en toda España. Lo curioso es que nunca se los presentó a la oposición para que se los aprobáramos o los rechazáramos y, sin haberlos nunca presentado, fíjense lo que es capaz de decir Núñez en la prensa, sale hoy en los periódicos, aquí lo dice La Voz de Galicia, pero también lo dice La Región, *Feijóo acusa a la oposición de Orense de bloquear la acción del gobierno del PP por los presupuestos*. O sea, Feijóo dice que bloqueamos al PP en los presupuestos, pero si no los presentó. ¡Cómo vamos a bloquearlos si no los presentó! O sea, aquí ya están locos desde el primero hasta el último. Desde aquí el que fue candidato que ya no lo es, hasta el presidente, hasta el presidente también del partido en Galicia. Acusa a la oposición de algo en lo que no tenemos nada que ver y, además, está diciendo que es horrible no tener presupuestos, con lo cual está censurando la actitud de su alcalde en Orense. Es gravísimo lo que dice hoy Feijóo. Primero demuestra que no tiene ni idea porque no sabe que no fuimos nosotros los que bloqueamos nada, porque no nos presentó nada por lo cual no podemos presentar. Y segundo dice que es gravísimo no tener presupuestos, con lo cual está diciendo que Jesús Vázquez lo es está haciendo fatal. Decir entonces que tenemos por exceso y por defecto. Éste por exceso, quere ser o primeiro de España. Aquí tenemos una persona que no podemos olvidar cómo llegó a la Diputación, llegó porque su padre lo metió, pero no lo metió de cualquier forma, lo metió cometiendo irregularidades hasta tal punto que fue condenado a nueve años de inhabilitación por enchufar a cinto y pico personas. Una denuncia

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017**

que lideró nuestro compañero Nacho del PSOE. Entonces, decir que llegó por eso. Es una persona, José Manuel Baltar, que para él esto es un juguete, porque si para él esto no fuera un juguete, además es un megalómano, una persona con aires de grandeza. Incluso hay una teoría que dice que el 2-3% de la población son psicópatas de corbata, gente que está metida en negocios y en todo eso y que son los que más arriba llegan, yo personalmente creo que él entra en ese perfil porque es una persona que es capaz de jugar, con qué frivolidad, con los presupuestos para meterle un número mágico que es el 7. Lo vuelve a hacer este año importándole un bledo, claro como él nunca se presenta a las elecciones porque le vienen de rebote y le votan los demás, le importa un bledo todo lo que pase, pensando que todo el monte es orégano. En el año 14, sus primeros presupuestos, los presupuestó ficticiamente por 73.770.000, ahí están los sietes, luego por 75.707.000, luego 77.700 y ahora pues 80.707.000. Realmente toma el pelo a toda la población. Si tu número mágico el siete porque son tus manías, las manía las tendrás que guardar para ti, pero no transmitir las aquí. Fíjate hasta qué punto todo esto es una mentira, Luego, explícame Plácido por favor, primero dime por qué está siempre el siete ahí, ¿cómo te ríes de la población y cómo aceptáis vosotros eso?; segundo, explícame por favor por qué motivo no metéis los 900.000€ que ya habéis acordado, porque está todo el acuerdo oficial, pagarle al periódico La Región por esa fraudulenta compra de 2.700.000€ por el archivo histórico que vale cero. Por cierto, ya han admitido la denuncia a trámite de Democracia Orensana y esperemos que quede en nada eso. Va a traer Jauja eso, porque la valoración real de ese archivo es cero euros. Bueno, vosotros le habéis dado 2.700.000, de momento 900.000€ le habéis dado y se le van a pagar otros 900.000 en 2018 y otros 900.000 en 2019. Explícame Plácido, que supongo que eres tú quién va a debatir, porque el otro todavía no se recuperó, Rosendo, explícame Plácido por qué no están esos 900.000. Si realmente el acuerdo ya es firme, me estás diciendo que estos presupuestos son una mentira; porque si no lo reflejas es que estos presupuestos no reflejan la realidad; es decir, lo hacéis solamente para el paripé de una persona que es un megalómano y que tiene la suerte de que nunca se presenta a las elecciones porque este sistema diabólico de las elecciones hace que se recojan votos indirectamente de todos los alcaldes. Entonces, la gente le vota a sus alcaldes en los pueblos y en la ciudad y después los votos los recoge este tipo como si fuera ahí la iglesia en el medievo recogiendo el diezmo. Es lo que está haciendo este señor. Es una persona que, fijaros hasta que punto es un infantil crónico, José Manuel Baltar un infantil crónico, que se le



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

ocurre mandar una nota de prensa diciendo soy el número uno de España en twitter, en notas de prensa en twitter. ¡Hay que estar mal de la cabeza!, ¡en twitter!. Si una vez tuvo una reunión en Vigo, rogó, se puso de rodillas para que en el Círculo de Empresarios lo invitaran porque iba el Rey de España, Felipe, y rogó casi de rodillas que por favor lo invitaran. Allí lo meten en una mesa al final porque él quería ir, lo meten en una mesa al final entre cien personas y manda una nota de prensa y dice: *el Rey de España se reunió ayer con José Manuel Baltar en Vigo*. O sea, ¡cómo está este tío, cómo está este tío! Fijaros hasta qué punto esta persona es un infantil que lo que armó en el Francisco II, porque, infidelidades a parte que yo en su vida privada ahí ya no me voy a meter, pero lo que armó que, como se dice vulgarmente, para echar un polvo involucró a toda la ciudad y a las instituciones. Involucró hasta a la Diputación, a todo el mundo; hasta al del hotel que tuvo que falsificar y poner una allí de que esa noche no hubo habitación, que no se ocupó la habitación, que tuvo que falsificar el tema ese, que es también un delito. ¡Manda carallo para el tío! Entonces le deja aquí un juguete el padre para ser presidente de la Diputación y todo lo que arma y todas sus paranoias. Llegó a decir el otro día que Orense era la provincia más internacional de toda España. Le dicen, perdón, ¿qué dijiste?. No, que Orense es la provincia más internacional de España y le dicen ¿por qué dices eso? Es que es la que más kilómetros de frontera tiene. O sea, ¡cómo está este tío! Simplemente decir que además, fíjate hasta que punto la Diputación ha tenido que presentar un informe económico financiero por la mala aplicación del remanente de tesorería. Explícame esto, por favor Plácido si vas a ser tú, porque ha habido una amonestación por las autoridades económicas por superar el límite aplicado en inversiones financieras sostenibles. Explícame eso, si tan buenos sois gestionando por qué habéis sido amonestados por las autoridades económicas. Explícame por qué. Seguramente vendrás con el rollo y la *trapallada* con la que vienes siempre, pero claro, ante una mentira como la de los nazis pues hay que replicar diciendo la verdad y la gente luego lo sabrá, vendrás diciendo el rollo de que tenéis un gran remanente de tesorería y que vais a amortizar deuda y yo vuelvo a decir, el remanente de tesorería significa que no has gastado el dinero. Esta empresa no genera nada, es la Diputación, la Diputación recibe impuestos, los impuestos son para gastar si tu no gastas en servicio a los ciudadanos, sobra dinero. Entonces, ¿qué ocurre? Lo que tú no puedes hacer es amortizar deuda de forma vertiginosa porque entonces estás haciendo una gran carencia de servicios para los ciudadanos. Estás demostrando que no sirve casi de nada tu

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017**

gestión. Si resulta que guardas el dinero para amortizar deuda y colgarte una medalla en las elecciones del 2019 y decir: *eh, conseguí amortizar deuda*, ¡cómo si fuera un logro! La deuda se amortiza porque no has gastado el dinero. Lo que hay que hacerlo es de forma paulatina y progresiva, no de forma brusca; máxime cuando los créditos que quedan por pagar en la Diputación tienen un interés cercano al 0% que son unos que se consiguieran en su día. Si tú tienes unos créditos con interés al 0%, no tiene sentido amortizarlos, déjalos estar ahí, gasta el dinero en la población porque no te producen gasto. Yo entiendo que en unos créditos que te cobren el 18% hay que amortizarlos cuanto antes porque te ahogan, pero al 0% no tiene sentido, simplemente es para colgarse la medalla porque es lo único que va a hacer. El *pobriño* cree que va a ganar en el 2019. Primero vamos a ver si es el candidato porque vamos a ver en lo que queda la imputación y segundo, vosotros igual creéis que vais a tener 14 diputados. ¿Qué más se puede decir aquí? Los gastos. Fijaros los malos gestores que sois. El Teatro Principal, que metió ahí de jefa a su ex mujer, seguramente en el acuerdo de separación iba incluido que quedaba de jefa del Teatro Principal, por eso digo que involucra con dinero público a todas sus paranoias. O sea, su ex mujer la metió de jefa del Teatro Principal. Fijaros si es una inútil la ex mujer que tenía, que gestiona el Teatro con un millón de euros de pérdidas y recauda en entradas en torno a un 2% de los gastos. ¡Vaya gestora! En torno a un 2% de los gastos. En Estados Unidos a una persona así, vamos, case a levanta a hoguera. Bueno, pues un millón de euros de pérdidas. Pero en el Paco Paz, tiene 1.300.000 que tiene que desinar al Paco Paz, un saco sin fondo, dijo al principio de privatizar, claro nadie quiere coger eso. No se le ocurre otra cosa que gastar 40.000€, aquí o tes, en toallas como estas. Mira, mira, mira, toallas da Deputación de Ourense, como se foramos...me la voy a poner así (*neste momento, o Sr. Pérez Jácome colócase unha toalla do Pazo dos Deportes Paco Paz sobre os ombros*). Mira, escúchame, el tema del Paco Paz, se gasta en toallas la friolera esa, además dándoselas a un colega, y lo que me flipa a mí es que 1.300.000 € de pérdidas y, además, cometiendo una ilegalidad con el Club Orense Baloncesto – cuidado que esto puede traer aquí cola, ya lo anunció Democracia Orensana - acaba de anunciar que le da 200.000 al Club Orense Baloncesto, pero es que está prohibido darle más de 200.000 € en tres años, y le está dando 200.000 cada año, ya supera la cifra, está cometiendo una ilegalidad. Europa no permite eso. Claro, tampoco se lo permitiría al Breogán. O sea que al final me parece que tendremos que dar parte porque eso no se puede hacer, es una ilegalidad. ¿Que no debería serlo? Pero ustedes

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

para qué están, ¿para cumprir la legalidad o no? Es como el rollo este de Cataluña, ¿deberían tener derecho a votar? Ao mellor si, pero é que non se pode porque a Lei non o permite. ¡Pois coño! Se queres o que tes que facer é cambiar a Lei, pero mentres haina que cumprir. Esto igual. ¿Es una putada que ahora al Club Orense Baloncesto le anulen esa subvención? Seguramente sí, pero amigo, es la Ley. La Ley europea no permite eso. Dime algo de eso, hay 200.000€ para el Club Orense Baloncesto, vale, la Ley no permite en Europa que se le dé más de 200.000 euros en tres años; pero vosotros daís 200.000 al año, ya son 600.000. Explícame eso. El Centro Valcárcel, 1.000.000 € de pérdidas al año. Esto significa que el Centro Valcárcel tiene 3.000 € de pérdidas al día, pero es que el Teatro Principal tiene otros 3.000 € al día y el Paco Paz más de 3.000 € de pérdidas al día. Yo me pregunto, en el Teatro Principal te da para que a los asistentes le deis marisco cuando vayan a ver una obra de teatro, porque si perdéis 3.000 € al día, lo mínimo que tenéis que hacer cuando hay una obra de teatro es repartir marisco; si es que no repartís otras historias, me refiero a la otra *fariña*, de esa que aparecía en las grabaciones aquí con la amiga. Estamos, además, con el Centro Valcárcel donde tenéis a un auditorio de exposiciones en la ciudad de Orense, que ya anticipo aquí ahora un dato, que es la que más auditorios tiene de pequeño tamaño, auditorios de 200 asientos, por ahí, es la que más tiene del mundo por habitante; tiene más de treinta y pico auditorios, sin contar los de los centros de los colegios, o sea por habitante es casi la que más tiene del mundo. Bueno, pues en el Centro Valcárcel tenemos también su auditorio, con tus historias y con nueve porteros, cuando él hablaba de que iba a instalar aquí, hacía referencia al 5G de Corea del Sur en su discurso inaugural, o sea, unha persoa que ten nove porteiros para unha porta vén falar de eficiencia y de tecnología. Luego el termalismo. El otro día me hace gracia porque ya salió el presidente de la Confederación de Empresarios de Orense, o de los empresarios de Orense, que también creo que es el de Galicia, que aspiró, que es el de Aceites Abril y dijo: *tenemos que hacer algo con el termalismo porque realmente no se traduce en dinero*. Es decir, tres años después viene a decir lo que dijo Democracia Orensana, que el termalismo es un *bluff*. Ahora ya lo dice el presidente de lo empresarios, lo que nosotros dijimos en su día que era un *bluff*, ya lo dice el presidente de los empresarios. ¡Hombre! Si será un *bluff* lo del termalismo que si no es por las subvenciones, cerran todos. Fíjate hasta que punto é un desastre o termalismo que en inverno teñen que cerrar moitos balnearios, ¡xa me dirás! Luego están diciendo: *en Orense hace falta un gran balneario*, perdona, si fuera un

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017**

negocio no hace falta que cacarees, ya los empresarios vienen. Porque cuando hay que ir al parking del hospital, no hizo falta pedir que vinieran a los empresarios, ya vinieron ellos porque era un chollo. Pero el termalismo, llevamos 15 años diciendo: *hai que montar un*. Se fora un bo negocio, xa o montaban as empresas hoteleras, ¿ou cres que as empresas hoteleras están para perder o tempo? Foron ata países comunistas, ¡carallo!, a montar hoteles, como non van vir montar aquí un balneario. La realidad de la provincia es esta, pese a estas paranoias de José Manuel Baltar, la realidad de la provincia es ésta: tenemos 310.000 habitantes y bajando. Ojo, hace medio siglo éramos 475.000 habitantes. Pero éramos 475.000 habitantes cuando España tenía 36 millones, pero es que ahora España tiene 47 millones y nosotros tenemos 310.000; es decir, hemos bajado la mitad nuestro porcentaje en relación a España. Estos son los datos de ese hombre, los que no puede manipular, los datos realmente de la provincia que tenemos cada vez menos población y pronto podremos bajar de los 300.000 habitantes. Pero es que además las jubilaciones son las más pobres de España, la población más envejecida, donde más paro hay y donde menos crecieron las exportaciones en el año 2016 a pesar de haber hecho la expedición, que no sirvió para nada, de Estados Unidos. Una expedición que al final no se pudo ejecutar todo su pago porque la interventora mostró en su informe que no se podían ejecutar cierto tipo de pagos de esa expedición. O sea que, por favor, Plácido coméntame también por que la interventora hace referencia a que no se ejecutó tal, es decir, si tan importante era para vosotros esa ejecución de esa campaña a Estados Unidos, hubo un fallo y no se pudo hacer, una parte de ella, explícame, si tan importante es. Otro dato más, las *trapalladas* de la promoción. Antes decía lo del termalismo porque os vais a gastar dos millones de euros, pero es que, además, en el tema de la Vuelta Ciclista a España, que sabe Dios cuánto pagaría la Xunta, que estuvo cuatro días en Orense. Nunca en la historia de la Vuelta Ciclista a España estuvo cuatro días en una provincia. Pues justo dijeron que iba a ser una promoción para Orense espectacular y resulta que al año siguiente, que es cuando realmente hay que recoger los frutos de esa publicidad de la Vuelta Ciclista a España, en Orense bajaron los turistas, en agosto 3.000; pero es que en diciembre es la que menos creció en España en turismo. Es decir, tuvimos la Vuelta Ciclista a España cuatro días en agosto en el 2016 luego en diciembre se tienen los peores datos. ¡Ostra! Oiche, menos mal que houbo a Vuelta senón a xente xa non é que non virían, escaparían todos. ¡Vaya desastre! Decir que se gasta casi todo en personal que no es necesario en esta Diputación y esto me recuerda a que, si

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017**

por exemplo nosotros vamos a un banco para que nos invierta unos fondos de inversión o un dinero, *joye, móveme os cuartos!* Y que el tipo del banco nos invierta el dinero y se queda con la mitad de comisión. Diríamos, ¡válgame Dios! Nadie le daría ese dinero al banco. Pues es lo que está haciendo la Diputación, se está quedando la mitad en administrar la otra mitad. ¡Hombre, vaya desastre! Es decir, las Diputaciones no deberían de existir, debería de ir el dinero directamente a todos los concellos. No tienen ningún sentido las Diputaciones. En el tema de los gastos decir también que me hace gracia porque vienen aquí los sueldos de los funcionarios y personal laboral y me hace gracia porque las retribuciones básicas, claro, le meten unos complementos a los sueldos que hace que los sueldos de la Diputación sean muy superiores a los de los funcionarios del Estado y de la Xunta. Entonces, ya me dirás tú por qué en Ourense que es una provincia pobre, los funcionarios de la Diputación cobran muchísimo más que los del Estado y los de la Xunta. También ocurre en el Concello de Ourense. ¡Vaya gestión! Oye, si esto fuera Luxemburgo yo entiendo que los funcionarios cobren más, si fuera Madrid o Cataluña lo puedes entender, pero en Ourense que somos la ciudad más pobre, que los funcionarios cobren muchísimo más que un funcionario en Madrid o un funcionario autonómico – por la misma categoría - es, obviamente, una forma de despilfarrar y de administrar mal el dinero. ¿Qué más puedo decir? Me hace gracia porque se gasta en teleasistencia 250.000 euros. En teleasistencia, en la provincia más envejecida de España, se gasta solamente 250.000 € en asistencia, que es seis veces menos de lo que se gasta en la prensa para publicidad. Se gasta en teleasistencia para los mayores en la provincia más envejecida de España 250.000 € y en la prensa, de publicidad, 1.300.000 €. Pero de esa prensa, 200.000 son para fuera de Ourense que es para el Correo Gallego, para tener presencia en Santiago. Claro, así cuando va a cualquier historia, sale en portada. Tenemos que pagar su publicidad con dinero público. Y cada vez somos más pobres, mientras él cada vez es más rico y lo pasa pipa con sus coches y presume y va a todos los partidos del Real Madrid y cuando va a Nueva York se reúne con el Raúl, con dinero público, se reúne con el Raúl y saca fotos y colma sus frustraciones personales con dinero público. Esto es lo que hace esta persona. Este va a ser como Ronaldo, tiene cinco hijos y va a querer tener siete, por el número siete y sino, tiempo al tiempo. Yo creo que de momento voy a parar, no ya por lo que tengo que decir, que lo voy a decir en la segunda intervención, sino porque con la toalla estoy sudando

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSdG - PSOE**, moitas grazas señor presidente. Coa aprobación destes orzamentos, por fin, por fin imos situar á provincia de Ourense nos primeiros postos de algo. Xa só por isto, por saír do último lugar dos indicadores de desenvolvemento aos que semella estar esta provincia abocada, merecería o noso voto a favor deste documento de previsións orzamentarias. Ata poida que, con isto de ser os primeiros, nos emocionemos e sexamos, non só os primeiros en aprobar estes orzamentos, senón tamén os primeiros en modificalos nada máis entrar en vigor – alá polo mes de xaneiro - tal e como aconteceu cos deste ano, cos do 2017. Pero aínda así, creo que non sorprende a ninguén se avanzo que seguramente teñamos que votar en contra porque a nós non nos abonda con ser os primeiros; entendemos que ademais teñen que ser útiles para esta provincia. Iso é o que non atopamos nestes orzamentos, a utilidade dos mesmos para tentar mudar unha situación preocupante desta provincia. tampouco vemos que estas previsións sirvan para os fins que para nós debería desempeñar unha deputación, que basicamente englobamos en dous: prestarlle servizos e cooperación aos concellos ourensáns menores de 20.000 habitantes e actuar como palanca de desenvolvemento dos sectores produtivos desta provincia. Apenas se contempla nada disto nestes orzamentos. Estamos diante dunha Deputación que consume case todos os seu ingresos nos Capítulos I e II; en manterse a si mesma. Entre o gasto de persoal, máis do 39%, e dos gastos correntes, máis dun 23%, vaise a maior parte do gasto. ¿Que queda para transferirle de xeito incondicionado aos concellos? Apenas unha insignificancia dos 80,7 millóns de euros previstos; migallas que en nada alivian as necesidades municipais para facerlle fronte aos servizos que lle son propios. ¿Que queda do orzamento do INORDE, o organismo desta entidade encargado de darlle pulo aos sectores produtivos desta provincia?: apenas uns 79.000€, consumindo o resto – preto de case 2 millóns de euros - en mantelo aberto. Entenderán que nos cuestionemos, unha e outra vez, a súa necesidade. O mesmo poderíamos dicir, xa se dixo aquí non só neste Pleno, senón noutros exercicios ou debates orzamentarios, o mesmo poderíamos dicir do pavillón Paco Paz e do Teatro Principal. Por iso propomos eliminalo e pasar esas partidas orzamentarias a un Plan Único para os concellos da provincia menores de 20.000 habitantes. Un apuntamentos apenas do orzamento: as partidas englobadas baixo a denominación de *Gastos diversos*, 4.153.000 €, acadan case a cifra do destinado ao Plan de Cooperación dos concellos. O capítulo de *Investimentos* é uns catro millóns de euros inferior ao de *Gastos correntes*, que tamén supera en cinco millóns e medio

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017**

ao de *Transferencias correntes*. Son demasiadas as partidas de gastos superfluos e improdutivos, abonda cuns exemplos. ¿De verdade cren que son necesarios 1.370.000 € para información e publicidade? ¿Que dicir dos 70.000 € para o premio Ourensanía? ¿de verdade custa tanto?. Mentres tanto a cantidade que se dedica a manter as vías provinciais é insignificante para as necesidades contempladas nos informes sobre as mesmas. E ¿que dicir do Consorcio de Incendios? Xa dixemos en varias ocasións que se aforraría, e bastante, cunha xestión directa por parte desta Deputación. Son uns orzamentos, estes, aos que non lle atopamos outra finalidade máis que a de manter con vida a estrutura mastodóntica desta Deputación, sen apenas incidencia na realidade desta provincia. Estes orzamentos, a semellanza dos de exercicios anteriores, renuncian a enfrontarse á sangría demográfica da provincia - non abonda coa *tirita* das axudas á natalidade; a enfrontarse a unhas elevadas taxas de desemprego e de precariedade laboral, cun goteo continuo de xoves formados e emigrando en busca de oportunidades que aquí se lles negan. Estamos nun rural que desaparece á vista de todos, sen que se faga nada para evitalo. Non son suficientes mocións, cada dous por tres, cada vez que acontece unha inclemencia meteorolóxica. Renuncian a cooperar, de xeito incondicionado e obxectivo, cos concellos da provincia para que poidan dar servizo ás xentes do rural e asentar poboación. O rural ourensán padece unha dobre discriminación, a da Xunta e a do Estado e, por outra banda, á que lles somete esta Deputación que debería actuar como reequilibradora. Son estes uns orzamentos que repiten os mesmos males e eivas de orzamentos pasados. Ano tras ano, vemos reflectido o mesmo modelo de provincia e de Deputación. Teimar no erro é un sen sentido e así o veñen amosando os resultados. Despois de anos e anos de orzamentos, de gastar millóns de euros, non podemos dicir que esta provincia vaia a mellor; os datos estatísticos son aínda máis teimudos que os seus orzamentos. Responden estes orzamentos a un modelo caduco que xa non da máis de si. A meirande parte dos ingresos desta Deputación, o 82%, uns 66 millóns de euros dos ingresos, veñen de transferencias correntes que reciben doutras Administracións, que recibe esta Deputacións doutras Administracións. Recursos que se desvían das finalidades xa reseñadas anteriormente, a de cooperar cos concellos menores de 20.000 habitantes e actuar como motor de desenvolvemento desta provincia. A maior parte deste diñeiro, destes 66 millóns de euros, quedan no camiño para alimentar a este gran monstro que devora á provincia. Para tentar mudar isto é polo que propoñemos unha emenda conxunta co Bloque Nacionalista Galego que responde aos desexos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

de moitos alcaldes e alcaldesas desta provincia que queren recibir recursos desta Deputación de xeito incondicionado para poder atender ás necesidades da veciñanza, para poder planificar e gastar no que lles é propio. Os concellos non precisan de máis tutelas, precisan de confianza, de respecto por parte doutras Administracións. É preciso que a autonomía municipal sexa certa e iso non se acada sen a imprescindible autonomía financeira. Por iso faise necesaria unha achega de recursos incondicionados a través dun Plan como o que xa teñen as outras Deputacións galegas que nos levan a dianteira, xa non somos os primeiros. Seremos os últimos, unha vez máis, pero o que non debemos é demorar máis tempo en equipararnos. O Plan que presentamos recolle a minoración e supresión de varias partidas orzamentarias que entendemos innecesarias para trasladalas a un Plan único de cooperación cos concellos, cuns criterios obxectivos acordados – que como xa ben dixo o portavoz do BNG - estamos dispostos, non pode ser doutra maneira, a negociar, e que rematen, dunha vez por todas, co clientelismo político á hora de repartir os recursos. É un Plan modesto, pero posible, que se debería ir incrementando en anos vindeiros a medida que se vaian eliminando gastos que non teñen razón de ser nesta Deputación, como puideran ser, xa dixen antes, Teatro Principal, pavillón de deportes, etc...Un Plan que queremos que sexa dinámico no senso de incorporar outros recursos ao longo do exercicio, como puideran ser os remanentes de tesouraría. Un Plan que recolle unha cifra, fíxense ben, inferior á que esta Deputación prevé gastar nestes orzamentos en material de subministro e outros, case 15 millóns e medio de euros. Se queremos ser unha Deputación, remato, moderna, áxil, útil á sociedade, eficiente, cómpre pasar das verbas aos feitos, e os feitos reflíctense en números de orzamento. Señor presidente, señores e señoras deputadas do grupo de goberno, só depende da súa votade política mudar esta situación. Moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** grazas señor presidente. Ao marxe dunha visión apocalíptica da provincia á que xa estamos acostumados a escoitar e, por suposto, de actuacións máis ou menos ocorrentes e simpáticas para un determinado canal de televisión, eu falarei con responsabilidade do que son os orzamentos desta Deputación para o ano 18 que, por responsabilidade de goberno, a que nos outorgaron todos os cidadáns, todos non, a gran maioría de cidadáns da provincia de Ourense, nos toca elaborar e presentarlles a vostedes aquí e incluso escoitar propostas, que por certo escoitámolas en breve, e non en tempo, como despois lle explicarei. E si, seremos de novo a primeira Administración pública



**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017**

de España en contar co orzamento do ano 18. Unha vez máis e cumprindo o establecido, como non pode ser doutro xeito, no Plan Ourense 15 - 19 co que o presidente desta Deputación, recórdolles, se presentou ás eleccións no ano 15 e que, por suposto, este Grupo de Goberno fai seu na súa totalidade. Esta circunstancia fala, e ben alto, da planificación e da previsibilidade deste Goberno provincial. Compáren tamén, neste apartado, como é o comportamento doutras deputacións ou gobernos provinciais, que está ben comparar, pero comparar todo. Esta planificación e previsibilidade debería servir tamén para facer unha oposición modélica, presentando con antelación suficiente un proxecto de orzamentos dos que vostedes farían se fosen goberno do tripartito provincial. Craso error. Dispuxeron de todo un ano para verbalizar ese proxecto e aparecen, e non o tripartito, senón co bipartito que conforman as dúas forzas que formaron o peor goberno da historia de Galicia, dous días antes, repito, dous días antes, cunha emenda á totalidade á que me referirei máis tarde. En todo caso, animámoslos dende o Grupo Popular, dende xa, a que unha vez se aprobe por este Pleno o orzamento do ano 18, fagan chegar propostas para o ano 2019 que, como saben, aprobará esta Deputación o 28 de setembro do ano 18. Como diría o noso presidente, quedan 364 días; polo tanto, poñámonos a traballar. Todos. Vostedes e nós, ou nós e vostedes. O goberno provincial do Partido Popular presenta a este Pleno o proxecto de orzamento de maior contía dos últimos seis anos: 80.707.000 €, elaborado, como non podería ser doutro xeito, dende o realismo, o rigor e tamén dende a prudencia. Un proxecto realista, non unha ilusión para acadar contas que lle da valor engadido aos plans provinciais, e fíxense que falo en plural, plans provinciais. Non só de un como parece ser a única preocupación que teñen vostedes dende os últimos días. Todos vostedes teñen no seu poder a nosa proposta económica para o ano 18, por iso non vou a entrar ao detalle das contas aínda que si me gustaría e así farei referencia a algunha delas. Para comezar, este proxecto económico axudaranos a conseguir un dos principais obxectivos marcados no Plan de mandato: a débeda cero no ano 2019. Un logro que permitirá contar aos ourensáns, digan o que digan vostedes, cunha institución saneada e cunha administración que será quen de afrontar no futuro maiores investimentos. Dende o 1 de xaneiro do próximo ano, todos e cada un dos concellos desta provincia, todos, terán á súa disposición máis de 85.000 €. 20.000 € son do plan de empregabilidade, cuestión a destacar xa que duplica a contía do pasado ano que eran 10.000 €, un notable aumento que vén dado pola necesidade de contribuír a un mantemento dos servizos e conservación das infraestruturas municipais que os concellos

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017**

crearon e puxeron en marcha nestes anos, reforzando así os seus pequenos cadros de persoal. Un plan que tivo unha excelente acollida dende o primeiro momento, mesmo entre os alcaldes dos seus grupos e algúns sentados aquí; ao igual que dende que se coñeceu a nova contía, foi quen este plan de crear 200 postos de traballo anualmente. Duplicamos o seu importe dado que pretendemos que no vindeiro ano sexan 400. 48.000 € do plan de obras, que experimenta un axuste con respecto a exercicios anteriores para, precisamente como dicíamos, dar prioridade no vindeiro ano ao plan de emprego e digo 48.000 máis 3.000€ que, como saben, se asignan liñalmente a todos os concellos para asistencia técnica e redacción de proxectos. E outros 6.000 € para o plan de axudas de actividades relacionadas coa mocidade. Cando antes remarquei que todos os concellos serían beneficiarios destes plans non só me refería só á máis absoluta falla de distinción por parte da política, como no podería ser doutro xeito, senón ao feito de que tamén o próximo ano e por primeira vez a entidade menor de Berán estará incluída no plan de empregabilidade con 10.000 € e no plan de mocidade con 3.000 €, e non goberna, señor Fraga Civeira, precisamente o grupo ao que represento. Os orzamentos manteñen unha clarísima aposta de este goberno provincial polos servizos e a acción social como son os plans BenOurense, as axudas á natalidade, teleasistencia domiciliaria, axudas a entidades sociais e infancia. Non esquezamos o Plan de termalismo, que tan mal lle cae ao señor Pérez Jácome, con 500.000 € para seguir apoiando e promocionando un dos nosos recursos distintivos, ademais do programa de termalismo social; ou o mantemento do apoio, a través dos consellos reguladores, a un produto que distingue especialmente á nosa provincia como é o viño, 200.000 €; ou a liña de subvencións para a promoción do deporte, 400.000 €. Haberá no ano 2018 máis de 12 millóns de euros para un área estratéxica deste goberno como é o medio ambiente, con aspectos tan importante como é a cooperación cos concellos en materia de augas, recollida e tratamento de lixo, xestión de zonas verdes ou compromiso coa eficiencia enerxética. Quédense tamén con esta iniciativa: a Deputación asumirá no ano 18 a parte de financiamento que corresponde aos Grupos de Emerxencia Supramunicipal, achegando para este fin en torno aos 813.000€. Grazas a elo, os concellos poderán liberar o 20 % que viñan achegando aos GES para destinalos a outras partidas. Unha iniciativa que, por certo, presentará o Partido Popular na Deputación de Pontevedra e agardamos que tamén sexa apoiada alí igual que aquí. Tamén no ámbito dos servizos de emerxencia, no seu primeiro ano a pleno funcionamento, cos catro parques comarcais e de bombeiros integrados, logo da

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

apertura do de Carballiño - Ribeiro, a Deputación achegará ao Consorcio contra incendios un total de 1.419.000€. Debo destacar tamén que esta Deputación, o que non ocorre en todas, adicará dous millóns de euros á conservación e mantemento da rede viaria provincial, que recórdolles contamos con 1.840 quilómetros, se non recordo mal. No olvidemos tamén que o INORDE, para a súa tarefa de promoción local, económica e turística disporá de máis recursos, ata 1.780.000€. Por certo, recórdolles que no Consello Reitor, onde foi aprobado o orzamento, as achegas dos grupos non as recordo, no sei se me corraxirá o señor presidente do INORDE, pero non recordo que ningún grupo achegara nada e agora aquí sacan as maldades todas do mesmo. De seguro podería citar moitas máis partidas, pero estas son as grandes liñas, os principais aspectos duns orzamentos que apostan novamente pola cooperación cos concellos, o medio ambiente, os servizos sociais e o emprego; sen olvidar que a nosa prioridade seguirá a ser chegar a maio de 2019 cun endebedamento cero desta Deputación, tendo rebaixado este Grupo nos últimos cinco anos 100 puntos. Un proxecto económico desta deputación que, unha vez máis, é o primeiro en presentarse en toda España, lles guste ou non lles guste, e iso, señores deputados da oposición, por moito que lles moleste, significa planificar e non improvisar. Anticipación e planificación que a vostedes, xa o sabemos, non lles gusta porque preferirían, estou seguro, entrar no próximo ano cun debate orzamentario aberto para precisamente criticar a este goberno por falta de previsión. Se non o digo, rebento: *palo se remas, palo se non remas*. En resumo, contamos cun programa de goberno, cousa que vostedes nin chegaron a formular, señor Fraga Civeira, nin chegaron a formular para a provincia que tamén garante a flexibilidade para adaptarnos á cambiante realidade e permite a adaptación das nosas propostas a un novo escenario, que o temos aí, de reactivación e de recuperación económica. De momento nada máis e moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG,** moitas grazas señor presidente. Xa sabe que a min non me gusta moito referirme á situación doutras Deputacións, ou facer comparacións como a vostede si lle gusta tanto, porque ao fin e ao cabo a nós o que nos interesa é o que acontece aquí nesta Deputación e na provincia de Ourense. Pero para que vexan vostedes o seu grao de incoherencia ao respecto do que fan aquí e predicán no resto das Deputacións, dicirlle que, por exemplo, o Partido Popular na Deputación de Lugo presentou unha moción na que pedía *que a Deputación Provincial de Lugo elaborara un Plan único de colaboración cos concellos da provincia de Lugo no que se inclúa, xa, no orzamento do ano*

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017**

2017; que se convocara á maior brevidade posible unha xunta de voceiros co obxectivo de traballar na elaboración das bases do Plan Único en colaboración cos concellos da provincia de Lugo e acordar o importe adicado ao mesmo de cara ao orzamento do 2017. Isto, Partido Popular de Lugo. Algúns titulares, Partido Popular de Lugo sigo: *O pleno extraordinario da Deputación de Lugo aprobou por unanimidade o Plan Único Provincial que suporá un investimento de 23 millóns de euros nos 67 concellos.* No caso de Pontevedra, edición do *Faro de Vigo* en Pontevedra: *O Pleno provincial aproba cos votos do PP o plan de axudas aos concellos.* Alí tamén hai Plan Único. Está claro, señor presidente, que a posición do seu partido no resto das Deputación e favorable, e así o amosan apoiando as propostas do grupo de goberno, ao respecto destes Plans Únicos. E se isto é posible en Pontevedra, en Lugo en Coruña, ¿por que non é posible aquí? É preciso que nunha provincia que se está caendo a pedazos, na que a desertización está a ser unha dramática constante (nós sempre recordamos que hai máis de 300 núcleos de poboación que non conta cunha soa persoa) crear as condicións para que as persoas poidan vivir en condicións dignas, con servizos e infraestruturas do século XXI, e para iso cómpre que os concellos dispoñan de recursos, e dentro da súa autonomía municipal, os destinen a aquilo que consideren perentorio e necesario. O criterio non pode ser o expresado polo presidente nunha recente entrevista no seu xornal de cabeceira: *quen merece o apoio da deputación, teno.* ¿Como se decide que concello fixo os merecementos para ter financiamento? ¿Acaso os veciños e veciñas dos distintos concellos da provincia non gozan dos mesmos dereitos independentemente de onde residan, e de quen os governe? Isto, señor presidente, non é un concurso de méritos, é xustiza distributiva en función de criterios obxectivos; o outro é perpetuar a práctica habitual nesta Deputación do clientelismo. E porque resulta de xustiza, o BNG continuará a reclamar da Deputación de Ourense un trato xusto e igualitario cos concellos da provincia, para que máis alá da súa cor política, ou de quen ostenta a responsabilidade de gobernalos, os cidadáns e cidadás deses territorios teñan dereito a que os recursos públicos, os recursos de todas e todos, se repartan de xeito obxectivo e responsable na procura dunhas mellores condicións de vida. Con respecto á emenda que presentamos e ao Plan Único, dicir, en primeiro lugar a unha das críticas que nos facía agora mesmo o portavoz do Partido Popular, que é un documento moi sinxelo de estudar, é moi simple, é moi básico, non ten ningunha complexidade; ao contrario do que pasa cos orzamentos, miles e miles páxinas

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017**

que vostedes nos presentan sempre unha semana antes e despois nos piden esas achegas. Pois este ano facémoslle chegar as achegas e facémosllas chegar en tempo e poderían ser aprobadas hoxe mesmo porque, como digo, é un documento sinxelo de estudar, se nós tivemos unha semana para estudar os orzamentos – miles e miles de páxinas - pois catro *páxinas* ou cinco que compoñen esta emenda que melloraría substancialmente os orzamentos, pois penso que lles daría tamén a vostedes, proporcionalmente, tempo suficiente para estudalo. Vostede falaba do Plan de empregabilidade, que vostedes apostan polo emprego, pasárono de 10.000 a 20.000€, pero é que ao final compensan máis o menos o mesmo co Plan de Obras porque baixa en 7.000€; en total, como dixen na miña primeira intervención, o comido polo servido. Vostede fala dunha proposta que garante, de entrada, a cada concello 85.000€, sumando os diferentes Plans, e nós dicémoslle que coa nosa proposta, modesta, porque estamos falando dunha proposta de aproximadamente 13 millóns de euros que resulta da modificación desas partidas, partidas que nós consideramos innecesarias e das partidas que xa vostedes adican a cooperación, o mínimo que recibiría cada concello, o mínimo, andaría ao redor dos 100.000€. Xa llo dixen tamén cando tivemos o debate no mes de agosto, do Pleno extraordinario, no que nós, xa daquelas, dándolles tempo, en previsión da realización dos orzamentos, propoñíámoslles que fixeran ese Plan, que o aprobaran e o redactaran vostedes coa intención, ou con vistas, aos orzamentos xa do ano 2018 que se ían aprobar, como xa prevíamos, neste mes. Xa daquela lle dicía que vostedes non deron absolutamente ningún argumento en contra do que son as bases do Plan, porque non nos explicaron por que é mellor distribuír unha cantidade ridícula aos concellos en varios micro plans de 48.000, 4.000, 3.000 €... e non garantir unha cantidade e unha dotación importante, mínima aos concellos – como nós dicimos no Plan que estamos presentando ou na emenda que estamos presentando - de 100.000 euros para que os concellos puideran contar con ela ao principio do exercicio; e sobre todo, repartida con criterios obxectivos, no que ningún concello, independentemente da súa cor política, sae prexudicado porque os criterios serían coñecidos e serían obxectivos á hora de repartir eses fondos. Nada máis, remato. A nosa proposta está clara. Dende logo, tamén entendemos que é unha proposta realista, como xa lles dixen é unha proposta baseada nos seus propios números, en cantidades reais do orzamento do 2018. Entendemos que é unha proposta que ao final vostedes, máis tarde ou máis cedo, terán que ir cara un modelo deste estilo porque é

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

insostible a situación na que queda a Deputación Provincial de Ourense no contexto do país, onde as outras deputacións realmente están apostando por esa finalidade que sempre teñen ou que nos defenden os que xustifican a existencia deste organismo, que é cooperar cos concellos. Pois mentres no resto do país as deputacións estanse movendo nesa dirección, de cooperar, de destinar recursos e de trasladar eses recursos aos concellos que sonos que están máis cerca dos veciños e veciñas, pois aquí seguimos anclados nun modelo que está obsoleto; co cal, máis tarde ou máis cedo, vostedes terán que ir a un modelo similar ao que formulamos nós: un modelo de Plan Único que colabore con todos os concellos da provincia, que non discrimine a ninguén, que realmente faga chegar recursos aos veciños e veciñas para que sexan xestionados polos concellos directamente, porque ao final, niso estamos todos de acordo, son os que teñen mellor coñecemento de cal é a realidade, de cales son as súas necesidades. De momento nada máis, moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourenzana,** hola, sí. ¡Plácido, Plácido, Plácido!. Ya no eres el Plácido que yo conocía. El Plácido que yo conocía no tenía que traer todo escrito. Además me llama la atención que, en principio tenías que responder, replicar a lo que nosotros decíamos antes y traes todo escrito; entonces, ou tes ciencia infusa para saber o que íbamos dicir ou non. También incluso el del BNG parte de su réplica la leyó. Esto me recuerda la película *Desmadre a la americana*, los profesores, uno siempre daba apuntes entonces la gente se dio cuenta de que si un profesor solo va a clase a dar apuntes, entonces muchos alumnos lo que hacían era poner una grabadora. Entonces, al final, iba el profesor a dar clase y solo había grabadoras, no había nadie en clases y al final el profesor se dio cuenta y puso también un reproductor. Entonces había un reproductor y grabadoras. Esto es un poco la misma historia. No respondiste a ninguna de las preguntas que te hicimos. O sea, te estamos preguntando lo de los 900.000€ de *La Región* ¿dónde va? Tú acabas de decir que esto no es una improvisación, que está muy bien planificado, y lo dice cuando el mismo día presenta una modificación de crédito que significa, obviamente, una mala previsión. La modificación de crédito es precisamente adaptarse a una no - planificación. Tiene el valor, como se suele decir vulgarmente, tiene los cojones de decir que realmente no improvisan, que planifican el mismo día que traen una modificación de crédito. Esto me recuerda antes a lo de Feijóo que dice que Orense está bloqueando los presupuestos, cuando el alcalde no los presentó. La política es el arte de la mentira al grado máximo. Yo es que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

realmente alucino. Entonces, pregunta Plácido, ¿dónde están los 900.000 € que tienes pensado pagarle a *La Región*? Aparte de lo que ya se le paga de 700.000€ cada año regularmente, hay 900.000 € para comprar el archivo histórico, 900.00 por tres, en tres años que son 2.700.000. Los de este año ¿por qué no están en los presupuestos? Dímelo, ¿Por qué no están? Si tan bien planificáis las cosas, ¿dónde los escondisteis? Dime eso ¿por qué no respondiste a ninguna de las preguntas? Decir también, obviamente, dime por qué solo ponéis 100.000 € para contingencias, cuando realmente después pasa lo que pasa en cosas importantes como es lo del pedrazo, tema de las cosechas y no hay un euro. Entonces dime, ¿por qué sólo dejáis 100.000 € para contingencias? Dices que es planificar algo que tenéis que variarlo en un 25% ¡macho, vaya planificación! Tiñas que ir a competir a tiro olímpico ti nas Olimpíadas ¡macho, quen te vería! Cando collas a frecha todo o mundo escapando. ¡Joder con esa puntería, todo o mundo escapando alí! Por cierto, ¿sabes un dato curioso que el otro día me dijeron de las Olimpíadas? El beber alcohol, *mazarse*, solamente está prohibido, ¿sabes en qué especialidad? En el tiro, en el tiro, efectivamente por eso, por se te desvías moito. Pero es cierto, es curioso. Decir que nosotros, en este tema, vamos a aceptar la enmienda del PSOE y del BNG porque creemos que es menos mala, obviamente, que no nos sumamos a toda su filosofía, pero es menos mala obviamente que la que vosotros presentáis. Entonces, nos sumamos a la enmienda del PSOE y del Bloque. Datos para replicarte a lo que has dicho, dices que hemos descrito una visión apocalíptica, ¿cómo tienes el valor de decir eso? Nosotros no, nosotros no, es el Instituto Nacional de Estadística. Nosotros no la describimos. Es el Instituto Nacional de Estadística que dice que Orense ha perdido 150.000 habitantes, el que tiene la población más envejecida, el de las ciudades con más paro de España, donde la gente gana menos, donde más tiene que emigrar. ¡No somos nosotros! Es el Instituto Nacional de Estadística. Entonces se quieres vaite alí e dille: *oiga, ustedes teñen unha visión apocalíptica da provincia*. Vaillo dicir alí, nós non somos. Son os datos que Ourense ten un dos sitios con menos turismo, a pesar de gastar millones de euros promocionando el turismo, no somos nosotros, son los datos. No puedes decir que nosotros presentamos una visión apocalíptica. Dijiste una verdad, que yo parte de la actuación la hago para Auria Televisión y es verdad; pero ojo, no sólo para Auria Televisión porque ya es *trending topic* lo mío con la toalla, ya me lo están mandando por whatsapp. Así que no es sólo para Auria Teevisión, es para más cosas, es *trendig topic*. Dices que no aportamos ninguna propuesta.

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017**

¡Hay que tener jeta! ¡pero si hubo aquí un debate del estado de la provincia, que lo haréis este año en el mes de diciembre, donde Democracia Orensana presentó diez propuestas y le rechazaron las diez! ¿Que quieres que presentemos hoxe cen para que nos rexeites as cen? ¡macho! Presentamos diez y nos anulasteis las diez, ¡y ustedes no hacen propuestas! ¡Hombre! ¿por quién nos quieres tomar? ?¿Burros y apaleados? Luego dices, otra vez, que sois los primeros y que tiene una gran impotancia. Entonces repíteme la pregunta que te hago, si tan importante es ser los primeros en presentar los presupuestos de toda España, no presetaréis de candidato a Jesús Vázquez en el 2019 porque lleva sin ellos durante dos años y medio. Es decir, si esto es bueno, lo otro es malo. Entonces no dejaréis presentar de candidato a una persona que no tiene presupuestos porque si no os estáis contradiciendo. Respóndeme también a eso. Hablas de que son presupuestos con realismo y rigor. Lo mismo si tienes que hacer modificaciones, de realismo nada. Le llamas realismo y rigor a meterle la cifra mágica de él en todos los presupuestos y aún encima son ficticios. ¡Cómo tienes el valor de decir que es realismo y rigor cuando le mete una cifra de un comic, este señor! ¡Oye por favor! Dice que es el mayor. ¡como si fora un mérito voso! Que sexa o maior non é mérito voso. Vós non sodes unha empresa que tedes que factura e vender productos. Dices que es un gran logro tener la deuda cero. Logro no, es un ogro. Es un ogro porque lo que estáis haciendo es no haciendo gastos estos años de forma forzada para llegar al 2019 sin deuda y sacar pecho. Pero claro, a un coste de que habéis amortizado la deuda con mayor rapidez a coste de no hacer gasto en la provincia. Y perdona, si vosotros estáis aquí es para invertir en la provincia, no para colgaros medallas. Para guardar el dinero no hace falta una diputación. Luego hablas de que se le va a repartir a cada ayuntamiento, dijeron, es que ya en enero vamos a conseguir que cada ayuntamiento tenga 85.000€. Si tú multiplicas los 85.000€ por los 92 concellos, te sale 7.700.000€; es decir, ni un 10% del presupuesto de la Diputación. Pues macho, ya me dirás tú, ¡qué mérito! Repartir un 10 do presupuesto. ¡Qué menos! ¡cómo puedes decir eso! Ahora mismo en Narón, la Diputación le envía, sólo para Narón, cuatro millones de euros. Non lle manda 85.000 €, 4 millones de euros. Es lo que tine que hacer: dar el dinero directamente a los concellos. La planificación no puede ser buena cuando tenéis una previsión de 55.000€ para concellos, que antes la mencionó aquí el compañero del BNG, pero resulta que al final la tuvisteis que improvisar



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

y recortar a 48.000. Si tan bien planificáis ¿por qué la recortasteis a 48.000 esa planificación que teníais de 55.000? Dime Plácido. ¿Qué más dices? No dices nada más.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSdG - PSOE**, moitas grazas señor presidente. Señor Álvarez Dobaño non me vai quedar máis remedio que parafrasealo, *pals se fas achegas, palo se non as fas achegas*; a maiores vou ter que pedir prestado ao señor Jácome o libro este das falacias, para mirar de cualificar a súa. Levamos facéndolle achegas pleno tras pleno. Este ano temos que recoñecer que nos fixo caso nunha, na de duplicar o Plan de empregabilidade; pero botamos en falta o resto. Non nos pida a nós, que somos oposición, que presentemos un orzamento alternativo. Nós o que facemos son emendas e propostas, é o noso plan. Mire, nós somos oposición e entre as nosas obrigas está a de ensinar a cara B desta provincia, esa realidade teimuda, non apocalíptica, é a que é, é a que din os datos. Que vostedes, entendo, son grupo de goberno e quererán ensinarnos a cara A, a cara bonita; pero é a nosa obriga ensinar a outra tamén. Fala vostede de débeda cero. Estamos de acordo, pero, ¿preguntouse vostede cal é a débeda que teñen os concellos? ¿esta deputación non debe de cooperar cos concellos? ¿de que serve que esta deputación teña débeda cero se non axudamos a que os concellos entren dentro duns ratios razoables de débeda e teñan eles débeda cero tamén?, ¿que cumpran cun plan de pago a provedores?, ¿temos ou non que cooperar cos concellos da provincia? Fala dos plans de mocidade, dos plans de empregabilidade, do plan de cooperación, por outro lado ponnos exemplo de plans que se reparten sen discriminación a todos os concellos, poderíamos meter tamén o plan de axudas para as rozadoras, aí si; pero, claro, obvia vostede a inxente cantidade de diñeiro que se lle reparte aos concellos a dedo. Mire, señor Álvarez Dobaño, a verdade é que desaproveita vostede – vostede non, o seu grupo, vostede incluído, visto é - unha oportunidade de empezar a mudar a situación desta provincia, de repartir os recursos con criterios de obxectividade e transparencia. Ese argumento de que tiveron só dous días, ¡home!, é unha escusa barata, xa llo explicou o compañeiro do BNG, non vou a entrar no mesmo, é dicir, tempo de sobra. ¿Por que? Porque é o que vimos xa, ano tras ano, e non hai que mirar máis que as actas de debates orzamentarios pasados pedindo o mesmo: un plan que reparta os fondos para os concellos de xeito non discrecional. Fíxese vostede que me tomei a molestia de, no debate orzamentario do ano 2013 para os orzamentos do 2014, dicía vostede: *a idea central é a de que a función do Goberno provincial* –léollo porque

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

estou de acordo co que vou a ler- *ha de residir na competencia nuclear e irrenunciable de asistencia á cooperación aos concellos e, en especial, aos de menos de 20.000 habitantes que, como todos sabemos, en Ourense son todos agás a capital da provincia. O presidente e o seu equipo de Goberno teñen claro que a Deputación non pode limitar o seu papel a botarlles unha man aos concellos cando estes o solicitan. A Deputación debe, en cambio, situarse á fronte, detectar as necesidades, procurar solucións e achegarlle ás políticas municipais unha visión integradora que vertebre o noso goberno local no aspecto administrativo e permita o deseño de políticas concretas de xeito concertado con pleno respecto, iso si, á autonomía municipal e levando á práctica os principios de eficacia, eficiencia, participación democrática, descentralización de servizo aos cidadáns, que é o fin último.* Señor Álvarez Dobaño, estamos de acordo con isto, o que pasa é que non o vemos por ningún lado nestes orzamentos. Cómpre baixar da nube, da ensoñación á realidade. Porque a realidade ¿hoxe en día cal é? A realidade é que vostedes orzamentan, non en función das necesidades da provincia, senón en función dos intereses políticos do seu partido. Confunden interesadamente os intereses xerais da provincia cos intereses particulares do seu partido político, porque do contrario non ten outra razón de ser o manter este reparto clientelar que se recolle en moitas partidas deste orzamento. Sen ir máis lonxe, na comisión respectiva de contas, non foron quen de explicar como se ía repartir esa aplicación orzamentaria denominada *Infraestruturas municipais. Planos provinciais* de un millón e medio de euros. Estes orzamentos non deixan de ser unha ferramenta electoral ao seu servizo. A maior parte do orzamento desta casa deberían de ser transferencias correntes ás entidades locais menores de 20.000 habitantes. Estamos nun debate, este, como xa se dixo, importante; pero moito me temo que ermo, porque non hai vontade política por parte do seu Grupo de mudar ningunha partida deste proxecto de orzamentos. Iso si, xa verán como dentro duns meses a necesidade e a improvisación de traer estes orzamentos tan cedo, obrigaranos a modificalos. Moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular,** grazas señor presidente. Señor Pérez Jácome, vostede vaime a entender que eu non veño solo aquí a contestarlle a vostede porque, mire, entre outras cousas eu teño o mesmo tempo que calquera grupo de vostedes para defender a nosa postura, os nosos orzamentos e contestarlle aos tres grupos restantes, cousa que no regulamento non está moi ben, pero isto

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017**

é así, aparte da xenerosidade á que o señor presidente nos ten acostumados ao non andar cortándonos a palabra en ningún momento. Enténdame eu non vou actuar aquí un pouco como vostede, porque vostede actúa pata a televisión e eu, home, permítame que non intente actuar, que vostede ás veces consegue que o faga. Permítame que intente non facelo. Dito iso, ao gran. Débeda cero. Nós entendemos que iso é bo para a provincia de Ourense; polo tanto ¿por que o facemos?: porque a curto prazo, e falamos do 19 e adiante, esta Deputación e polo tanto os cidadáns de Ourense poderanse beneficiar de máis recursos para financiar ou cofinanciar investimentos que agora mesmo non poderíamos facelos. Expedientes de modificación de crédito, home, parece mentira, que o diga vostede, si, que o diga o señor Fraga Civeira xa me estraña máis; porque iso é o devir de calquera orzamento, de calquera movemento orzamentario, de calquera execución orzamentaria no ano. Hai movementos de transferencias de crédito, de xeración de créditos extraordinarios, de suplementos de crédito. Pero iso fano todas as administracións locais, todas, e algunhas moito máis que esta Deputación. ¿Que pasa? Executar o orzamento dun ano ao 100% é practicamente imposible. Iso... hai que ser adiviños, como di vostede. Entón, hai partidas nas que se gasta menos e hai ingresos que ben, ou temos máis dos previsto, ou ben o señor presidente e o seu equipo xestionan para que teñamos máis ingresos, como nalgúns casos será así. Polo tanto, e respóndolle así a algunha das súas preguntas, só a algunha, vaime permitir que tamén me dirixa aos demais e siga falando dos nosos orzamentos, señor Pérez Jácome, en breve, e digo no primeiro trimestre do exercicio, teremos outro expediente de modificación de crédito ¿por que? Porque se liquidará o orzamento do ano 17 e haberá un resultado, un remanente líquido de tesouraría que nos permite destinalo ao que entendamos conveniente. A nosa responsabilidade de goberno é esa, escoitalos a vostedes tamén, fagan propostas e ao mellor, acaba de dicir o señor Fraga Civeira que algunha lle escoitamos, ao mellor tamén era a nosa, pero ao mellor escoitámoslle algunha máis. Fáganos vostede e fáganos a tempo, non dous días antes dun Pleno e nin sequera ter a elegancia administrativa, por chamarlle dalgunha maneira, de presentalo á comisión informativa correspondente. Cousa que non fixeron. Señor Rodríguez Suárez, vostede que fala tanto de Lugo, xa sabe que a min gústame, porque coñezo alí a moita xente e pásanme informes a miúdo. Voulle a dar dous ou tres datos, moi significativos, e xa lle teño dado moitos pero vostede non aprende, volve outra vez. Mire, alí hai 67 concellos, aquí 92 – vamos a falar de 91, e alí de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

66 - faga vostede o reparto e xa verá como as contas son doutra maneira. Xa son doutra maneira. Pero voulle a dicir dous datos, xa que vostedes falan de *chiringuito*, mire, alí integraron o INORDE de aquí, integrárono na Deputación, efectivamente, pero crearon algo que se chama SUPLUSA, ¿para que? (época do señor Besteiro e logo co-gobernando con vostedes) para construír residencias de maiores e xestionalas directamente. Orzamento: cinco millóns de euros. Curiosidade, señor Rodríguez Suárez, antes de maio do ano 15 seleccionan o persoal para a posta en marcha desas residencias; aínda no o contrataron hoxe. Ao mellor ten que me explicar vostede algo. Preguntarallo aos socios de alí, aínda que co *tinglado* que hai alí é un pouco raro. Outro *chiringuito*: Fundación TIC, fíxome moita gracia, eu ánimoos a que investiguen que é iso da Fundación TIC en Lugo; pero si ten un orzamento case do INORDE de aquí: 1.600.000 €. Averigüen que fai. Dito isto, ao gran, porque nos toca falar dos orzamentos: miren vostedes, case me cinguirei agora a emenda, e me vai a perdoar o señor Pérez Jácome e o señor Ojea, porque presentan unha emenda de substitución nos orzamentos e por respecto democrático eu débolle contestar a ela. Desesa emenda, entre outras cousas, eu tería que dicir o seguinte, con todos os respectos que xa saben que eu procuro selo: é unha mala copia do seu posicionamento demagóxico no Pleno extraordinario de agosto. Esa *cantinelas* de Plan único xusto na única deputación, e digo xusto na única deputación que ten un goberno único, a de Ourense, froito da única, da única maioría absoluta de Galicia; polo tanto, señor Rodríguez Suárez e señor Fraga Civeira, a aritmética na política conta. Por iso que ás veces hai que gobernar dun xeito ou doutro e vostedes diso entenden. Somentes valeu para que conseguiran unha fotiño, tamén o digo con todos os respectos, para conseguir unha fotiño, aínda que esta foi pouco afortunada porque os pillaron aí cruzando unha rúa con *risitas e demás*, non deixa de ser unha anécdota e non mo tomen moito en serio. Incluso os apoios a estes *teatrillos*, parecen, parecen que van devecendo día a día. Primeiro, na primeira convocatoria eran vostedes un número considerable; na segunda, parece ser, danme o dato, eu non os contei, que eran 12 e, na terceira, parece ser que xa eran 7. Parece que vai minorando a cousa. Vostedes saben que minten, que xogan con datos incertos, que inventan onde non hai porcentaxes e contías. Demagogia e máis demagogia, e así queda reflectido nesa emenda conxunta da totalidade onde fan un exercicio de funambulismo político alonxado de calquera rigor e amosando nula experiencia de goberno, o que me estraña dalgúns deputados. E o máis preocupante,

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017**

inexistente proxecto político, nin separada nin conxuntamente. Vostedes, socialistas e nacionalistas, xa saben como acaban as súas experiencias de goberno, e vanme dicir que non debo dicilo, pero debo dicilo, os exemplos son para ben e para mal. Os galegos e galegas sabemos como foi o bipartito, nefasto, con enfrontamentos constantes. Os ourensáns sabémolo, sexa na capital ou en concellos, como por exemplo, Baños de Molgas, de rabiosa actualidade e vostedes sábeno. Esta emenda é unha pose, si, é unha pose. Esta emenda é un engano. Esta emenda é irrespectuosa incluso coa normativa e coa institución. E a política non é un xogo, nin unha loita constante, nin un desprezo permanente. A política é solucionar, non mentir, é xestionar. Miren vostedes, e o sigo dicindo dende o respecto, a o mellor un pouco duro, pero é así, a emenda non merece outro comentario que poñer de manifesto as consecuencias que traería consigo as operacións de resta e eliminación de partidas que rexistran. Eliminan por completo o INORDE, así dun *plumazo, sin más*, ¿que pensan facer vostedes cos 18 traballadores do INORDE? Haberá que prever orzamentariamente algunha cuestión ¿ou non? Pechan o Instituto da Campo en Xinzo, digan claramente se o pechan. Non colaboran coa Confederación de Empresarios e coa Cámara de Comercio de Ourense. Chamen a esas portas, esas que visitan por certo, todos, nós tamén, pero vostedes tamén, só cando hai campaña electoral e díganlles que non lles prestan colaboración para proxectos de interese provincial. Xa se falou aquí, non queren a Volta a España no ano 18, díganlo abertamente mentres asisten, di o señor Pérez Jácome, a vostedes non llo escoitei, díganlo tamén, mentres asisten como espectadores a, como estamos a falar, un evento de extraordinario peso turístico e promocional e así o ven todas as institucións de España que a apoian, por suposto, moitas delas gobernadas por algún grupo político dos que asina esta emenda, tamén é certo. Coa súa emenda cárganse o programa Atarazana en materia cultural, non sei se se deron conta, pero así é. Cárganse tamén o programa de cooperación cos concellos en materia de desbroces, tamén se citou aquí. Creo que algún deputado ou deputada non o ten moi claro. Cárganse as subvencións específicas para a mostra de teatro de Ribadavia - pois non lle vexo a risa - para a festa do esquecemento en Xinzo. ¿Queren que siga? ¿Van a ir a eses lugares a dicir que propoñen eliminar toda colaboración do goberno provincial con eses eventos? ¿van a ir a Celanova a dicirlle que non colabora a Deputación no mantemento da escola infantil, outro exemplo?. Díganlle tamén aos cidadáns desta capital abertamente que non van a acudir en auxilio do

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

Concello para cofinanciar os plans de obras do Concello de Ourense, que se non fora pola nosa achega – pequena, pero formalmente moi importante - non se executarían. ¿Están en contra de colaborar co Concello de Ourense? Dígano tamén. ¿Van a ir a Berán a dicir que cero euros da Deputación no ano 18? ¿nin obras, nin empregabilidade, nin mocidade? ¿van a ir vostedes, señor Fraga Civeira? Pois ben, vaian, deben ir ademais, hai que andar de cara. Señores do Grupo Socialista e do BNG a súa emenda bota a baixo o Plan de termalismo provincial, eu pensei que só estaba en contra o señor Pérez Jácome, ¿van a ir a Berán, vai a ir vostede señor Fraga Civeira a dicirlle, a Tomás Lorenzo, que eu coñezo e vostedes seguro que moito máis ca min, que a Deputación non investirá a previsto para que o novo balneario abra no ano 18? ¿Danse conta do pouco rigor das súas propostas? Vostedes son, é dígoos con respecto, de *corta e pega* e isto vai máis alá; isto vai de escoitar e de priorizar e por suposto que está aí, señor Fraga Civeira, e estráñame que vostede non o entenda. En conclusión, revisen ben o documento orzamentario e verá si está ou non está. En conclusión e sen acritude, como diría o señor González Márquez, seguramente queda moito por facer ou moito que falar do Plan único, seguramente. Din que é unha realidade nas outras Deputacións, xa o apuntei aquí, ¿saben por que? Porque non existe proxecto de provincia, e a Deputación non é unha mera máquina de distribuír cartos, e vostede o leu aí literalmente, a nosa opinión, e di que vostede está de acordo, pois non se contradiga, nós pensámolo así e repetímolo outra vez. É o goberno dun territorio, a deputación, non é un mero repartidor de cartos, este organismo non é un mero repartidor de cartos, é un goberno dun territorio. Non nos veñan con comparanzas con outras deputacións, non queremos eses pactos contra o vencedor para que gobernen os perdedores. En Ourense o resultado é claro, admítano vostedes. Non queremos dous gobernos, para iso xa nos chegou a experiencia do bipartito, menos mal que non nos propuxeron aquí tres, a punto estiveron. Non queremos espectáculos como o da Deputación de Lugo. Señores socialistas, Besteiro aplicaba os criterios dese Plan único?, ¿aplicábaos? Xa llo demostrei aquí, que non e senón vólvollo demostrar cando queiran. Nos orzamentos ían as subvencións nominativas para os concellos do BNG porque non se fiaban, e logo, na execución orzamentaria, había convenios e expedientes de modificación de créditos para, como dirían os meus veciños portugueses, *cumprimentar* aos alcaldes socialistas. Vostedes saben que todo isto é un *paripé*, sábeno, claro que o saben, que son dúas forzas condenadas a entenderse para

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017**

pretender gobernar. Pura aritmética electoral. E fagan ben as contas, por certo, fagan ben as contas. Teño por aquí, a ver se o encontro, algo que sacou un alcalde que, como me citou a min nun Pleno, tamén o quería citar eu a el, porque, claro, fixo este *planfetiño*, e ¿que di ese *planfetiño*? Publicou o señor alcalde de Amoeiro, voulle pór nome xa que mo puxo a min nun Pleno de alí, voullo a por eu aquí, co todos os respectos ademais, que el a min tampouco me faltou ao respecto, di: a Amoeiro corresponderíanlle 205.000 € máis da Deputación, imaxino que despois de recibir as axudas de obras, empregabilidade, mocidade; é dicir os máis de 85.000 € aos que eu me referín, máis os 205.000 dos que fala. Entendo así, non ten outra lectura. Se di 205.000 máis dos que xa leva, pois sería iso. ¿Sabem canto lle correspondería a Amoeiro seguindo a emenda que vostedes nos presentan? Pois 140.000 €. Fagan vostedes as contas, que foron os que as fixeron, nós fixémoslle seguidismo neste caso. Alguén minte. Nós creemos, en todo caso, que minten os dous, porque este Plan único é unha grande mentira que o único que pretende é unha foto e algunha cousa máis. Nós seguimos traballando, escoitando e xestionando, facendo Ourense. Invitámoslos deste xeito a traballar en positivo, e dicímolo sinceramente, e eu máis, alonxados do fatalismo e de complexos de inferioridade que levan a ningures e os resultados están á vista. Vostedes coa súa teima de reparto único están a menoscar a autonomía de acción dos entes provinciais. Queren impoñer, non propoñer, os seus modelos de goberno sen entender que aquí non gobernan. Ignoran as singularidades de cada territorio e sobre todo, acabar coas deputacións que parece ser que é a opinión, a postura clara de sempre do señor Rodríguez Suárez e do seu Grupo, do señor Pérez Jácome é clarísima, a de vostedes depende de a quen escoitemos. Seguindo a súa estratexia, as deputacións converteríanse en simple repartidores de diñeiro – xa o dixen antes - sen programas nin plans de servizos, institucións idénticas que non terían para nada en conta para nada as características da provincia, a súa poboación, os seus recursos e as peculiaridades do territorio. Nós queremos seguir liderando ás deputacións de Galicia en compromiso coa terra, en transparencia e goberno aberto, e non só nas de Galicia, tamén nas de España, en programas innovadores, en foros nacionais e internacionais onde somos chamados para falar de planificación, de xestión e de visión de gobernanza. O noso plan é Ourense, o de vostedes máis ben parece o da fotiño. Moitas grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#).

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda conxunta, presentada polo Grupo Socialista e o BNG, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

A continuación somete a votación a aprobación inicial do orzamento para o exercicio 2018, e co voto favorable do Grupo Popular (14) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o orzamento xeral da Deputación provincial de Ourense para o ano 2018, co detalle que figura nos resumos seguintes:

A) ENTIDADE LOCAL.-

**Estado de gastos**

Capítulo 1.- Gastos de persoal	31.798.524,56 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	18.923.476,00 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	17.962,75 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	13.213.768,95 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia	10.000,00 €
Capítulo 6.- Investimentos reais	14.610.872,47 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	663.528,20 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	300.000,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	1.168.867,07 €
TOTAL GASTOS.....	80.707.000,00 €

**Estado de ingresos**

Capítulo 1.- Impostos directos	4.605.000,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos	4.030.000,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	4.458.461,13€



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

Capítulo 4.- Transferencias correntes	66.182.047,37 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	219.511,75€
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais	21.000,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	890.979,75 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	300.000,00 €
<b>TOTAL INGRESOS...</b>	<b>80.707.000,00 €</b>

**B) INORDE.**

**Estado de gastos**

Capítulo 1.- Gastos de persoal	933.911,70 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	423.320,90 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	499.500,00 €
Capítulo 6.- Investimentos reais	79.981,40 €
<b>TOTAL GASTOS.....</b>	<b>1.936.714,00 €</b>

**Estado de ingresos**

Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	12.020,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	1.860.920,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	12.824,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	50.950,00 €
<b>TOTAL INGRESOS.....</b>	<b>1.936.714,00 €</b>

**C) CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO.-**

**Estado de gastos**

Capítulo 1.- Gastos de persoal	116.920,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	3.679.008,70 €

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

Capítulo 3.- Gastos financeiros	500,00 €
Capítulo 6.- Investimentos reais	371.600,00 €
TOTAL GASTOS.....	4.168.028,70 €

**Estado de ingresos**

Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	18.500,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	4.149.528,70€
TOTAL INGRESOS.....	4.168.028,70 €

2º.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral, segundo figuran no expediente.

3º.- Aprobar os cadros de persoal, que se dividen en persoal funcionario, laboral e eventual, de acordo co art.126 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986.

4º.- De acordo co art. 169 da LRFL, o orzamento xeral será exposto ó público, previo anuncio no boletín oficial da provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**6º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO CADRO DE PERSOAL E DA CLASIFICACIÓN E PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABAJO**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**, grazas señor presidente. Moi brevemente, anunciar que a nosa postura neste punto da orde do día vai ser a da abstención. En anos precedentes, o BNG votou en contra da RPT, e non imos reproducir as razóns que nos levaron a tomar esta decisión. En todo caso, o que se trae a aprobación é unha modificación da ordenanza reguladora para adaptala ao Estatuto básico do empregado público e unha modificación que se refire a unha cuestión puramente procedimental. En ningún caso se entra

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

no fondo da cuestión, porque de facelo o noso voto sería en contra. Reiterar que a nosa posición vai ser a da abstención. Nada máis, moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana**, si, nosotros aquí estamos a outro nivel, en este punto, y realmente si que seríamos los primeros, Plácido, y eso fíjate hasta que é unha merda o que fai aquí o presidente da Deputación, que todas estas trapalladas de ser o primeiro, se fora relevante sairía nas noticias; é dicir, en Ourense tal e tal...como saben que é unha merda, no sale. Xa o expliquei aquí co tema do fútbol, é un tío que perde un partido 8-0 e di: *saqué el corner mejor sacado de los últimos tres años*; pois é o que fai o tipo este. *Coloqué la mejor barrera colocada, nos metieron gol pero estuvo bien colocada según los entrenadores, un comité que hubo*. Nosotros realmente en este tema seríamos la primera administración de España en hacer como hay que hacer un buen ERE. Esta Diputación pide un ERE a gritos, pide un ERE a gritos; sobre todo con gente enchufada, hijos de. Es lo que realmente nosotros haríamos para que realmente hubiera justicia en esta Diputación, que el dinero está realmente usurpado por la gente que trabaja aquí, cuando es dinero que tiene que ir para os concellos. Antes dijiste Plácido, me hace gracia, que vosotros no sois meros repartidores de dinero; pero si hace un rato acabas de decir: vamos a repartir 85.000 € a primeros de año con cada tal, tal, tal... O sea, macho, aclárate. ¡Cómo no sois unos meros repartidores! Precisamente, la Diputación no debería existir porque el dinero debería ir directamente a los concellos. La pregunta es ¿para qué quieres existir si el dinero que hay es para los concellos? Y resulta que os quedáis con la mitad. Lo ideal es que esto no existiera y el dinero fuera directamente a los concellos; excepto que penséis que los concellos son imbéciles y no saben gastar el dinero, que ese es otro tema, entonces deberíais hacer un comité de imbéciles con vuestros alcaldes.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSdG - PSOE**, si, moi breve señor presidente. Nós neste punto e no seguinte ímonos abster; pero quero aproveitar para indicarlle que, tanto nesto como no que toca en xeral ás deputacións – e falaba o señor Álvarez Dobaño antes de modelos-, nós temos un modelo claro que non é este. Xa non lle vou falar da Deputación de Barcelona que se usa continuamente como modelo de deputación que gasta case todo o seu en persoal altamente cualificado, que pon a disposición dos concellos e en transferencias correntes aos mesmos cun auténtico plan de mandato no que os concellos saben, a catro anos, de que cantidade de diñeiro van dispor, pero xa non vou aí; abóndanos co

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

modelo da Deputación da Coruña, co modelo da de Pontevedra e do Plan que acaba de aprobar a Deputación de Lugo. Mire, ese outro modelo, aos concellos desas provincias, nin lles foi tan mal; é máis, foille mellor, nin se produciu ningún cataclismo atómico que mudara a realidade; máis ben vaille moito mellor do que nos vai a nós. Nada máis señor presidente.

**D. Jorge Pumar Tesouro, do Grupo Popular**, bos días a todas e a todos. Cinguíndonos á orde do día, simplemente, como ben mencionou o secretario, estamos a falar dunha modificación puntual dunha Ordenanza que data do ano 2004, é dicir fai trece anos, estamos actualizando esa ordenanza ao Estatuto Básico do Empregado Público e estamos actualizando esa Ordenanza á Lei do Emprego Público de Galicia. É unha ordenanza que foi ditaminada favorablemente na comisión de Transparencia por todos os grupos e é tamén unha Ordenanza que tamén foi aprobada na Mesa Xeral de Negociación por todos os sindicatos presentes; é dicir, CSIF, CIG, USO e a maiores tamén a favor está o Comité de empresa e a Xunta de persoal. ¿Que nos vai a dar a esta ordenanza? Pois dalgunha maneira moita máis flexibilidade, onde dalgunha maneira a RPT non está supeditada á aprobación, neste caso, ao orzamento, como viña noutras ocasións; o que nos da moita máis garantía de flexibilidade de recursos humanos que é, neste caso, o instrumento básico de organización dos recursos humanos dunha administración que é a RPT. Moitas grazas a todos.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana**, so quería contestarlle ao portavoz do Partido Popular que non foi ditaminada favorablemente por todos os Grupos; segundo podo ler na acta votou favorable o Grupo Popular e abstívose o Grupo Socialista, Democracia Orensana e o BNG. Ditaminouno favorablemente a Comisión, pero non todos os grupos. Grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e abstención do Grupo Socialista (7), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

1ª) Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza provincial reguladora dos cadros de persoal e da clasificación e provisión de postos de traballo da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte sentido:

A) Modifícase o artigo 7.3 da Ordenanza, que queda redactado como segue:

*“As prazas estrutúranse en grupos de clasificación, conforme ao previsto no Estatuto básico do empregado público”*

B) Suprímese o apartado 2 do artigo 15.

C) Dáse nova redacción ao artigo 26, quedando redactado nos seguintes termos:

*“1. O proxecto de Relación de Postos de Traballo será formado pola Presidencia, e someterase a consulta e negociación cos representantes dos empregados públicos provinciais conforme ao previsto no artigo 27.*

*2. Concluída a negociación do proxecto, a Relación de Postos de Traballo será obxecto de aprobación conforme ao seguinte procedemento:*

*a) Aprobación inicial por parte do Pleno*

*b) Información pública, por prazo non inferior a 20 días hábiles, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia.*

*c) Resolución de alegacións e aprobación definitiva por parte do Pleno. En caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase automaticamente aprobada de forma definitiva.*

*3. A Relación de Postos de Traballo será de aplicación a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da súa memoria xustificativa e das determinacións sobre clasificación e valoración dos postos. Sen prexuízo disto, as determinacións da Relación poderán aplicarse de forma retroactiva cando se dean os requisitos previstos na lexislación de procedemento administrativo común.*

*Para estes efectos, non será necesario publicar o organigrama nin as fichas individualizadas de cada posto, que non obstante estará dispoñibles para a súa consulta no portal de transparencia da Deputación Provincial.*

*A publicación no Portal de Transparencia da Deputación Provincial do documento íntegro da Relación de Postos de Traballo (incluíndo o organigrama e as fichas individualizadas), terá carácter preceptivo e deberá realizarse ó día seguinte ó da*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

*publicación no Boletín Oficial da Provincia da memoria xustificativa e das determinacións sobre a clasificación e valoración de postos.*

*Adicionalmente á publicación no Portal de Transparencia da documentación integrante da Relación de Postos de Traballo deberá estar igualmente dispoñible no mesmo prazo na sede electrónica da Deputación Provincial nunha sección específica do taboleiro de anuncios electrónico dedicada a anuncios e informacións en materia de emprego público na que se publicarán igualmente todos os anuncios e informacións relativas á selección e xestión de recursos humanos da Deputación Provincial.*

*4. A Relación de Postos de Traballo terá vixencia indefinida ata a súa modificación, sen prexuízo da aplicación das actualizacións retributivas non determinadas pola clasificación e valoración dos postos, dentro dos límites que estableza anualmente a Lei de Orzamentos Xerais do Estado.*

*5. A modificación da Relación esixirá os mesmos trámites que a súa aprobación.*

*6.- No caso de que a modificación da Relación de Postos de Traballo inclúa cambios de adscrición de postos ou modificación dos ditos postos que impliquen cambio de municipio de desempeño, a modificación precisará do consentimento expreso do titular do posto, salvo que a dita modificación se prevese nun plan de ordenación de recursos humanos, cos límites establecidos na lexislación vixente neste último caso.*

*D) Suprímense os artigos 28, 31, 32 e 33 da Ordenanza.*

*2º) Someter este acordo a información pública por período de trinta días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial de Provincia, para a presentación de alegacións, reclamacións ou suxestións que, se é o caso, serán resoltas polo Pleno. No suposto de non presentarse alegacións, o acordo de aprobación inicial entenderase automaticamente elevado a definitivo.*

**7º.- RESOLUCIÓN DOS RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS POLO COLEGIO OFICIAL DE INGENIEROS DE TELECOMUNICACIÓN CONTRA O ACORDO DO PLENO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DO 31 DE MARZO DE 2017 (BOP N.º 104, DO 8 DE MAIO DE 2017) POLO QUE SE APROBOU DEFINITIVAMENTE A RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2017 E**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

**CONTRA O ACORDO DO PLENO DA DEPUTACIÓN DO 28 DE ABRIL DE 2017 (BOP N.º 136, DO 15 DE XUÑO DE 2017) POLO QUE SE ACORDOU A MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA DEPUTACIÓN PARA O EXERCICIO 2017**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e a abstención do Grupo Socialista (7), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Estimar parcialmente o recurso de reposición interposto polo Colegio Oficial de Ingenieros de Telecomunicación contra o acordo do Pleno da Deputación Provincial de Ourense do 31 de marzo de 2017 (BOP n.º 104, do 8 de maio de 2017) polo que se aprobou definitivamente a Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2017, exclusivamente no sentido de modificar a denominación das categorías profesionais ás que están reservados os postos de traballo de técnico de desenvolvemento de proxectos informáticos da Área de Benestar (para o que se require a categoría de enxeñeiro superior en informática ou enxeñeiro especialista en informática), e de coordinador técnico do Servizo de Administración Electrónica e técnico en desenvolvemento de proxectos informáticos e novas tecnoloxías do Servizo de Administración Electrónica (para os que se require a categoría de enxeñeiro superior en informática). En virtude desta estimación, as ditas categorías pasarán a denominarse no sucesivo como segue:

a) Enxeñeiro superior informático: pasa a denominarse “técnico superior en sistemas e tecnoloxías da información”.

b) Enxeñeiro especialista informático: pasa a denominarse “técnico especialista en sistemas e tecnoloxías da información”.

A eficacia da estimación parcial do recurso entenderase referida ao momento da publicación da aprobación definitiva do Plan de Ordenación de Recursos Humanos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2017 a que se refire o apartado 4º dese acordo.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

Desestímase o recurso en todo o demais, polos motivos sinalados no informe de Secretaría Xeral do 22 de agosto de 2017.

2º) Desestimar o recurso de reposición interposto polo Colegio Oficial de Ingenieros de Telecomunicación contra o acordo do Pleno da Deputación Provincial de Ourense do 28 de abril de 2017 (BOP n.º 136, do 15 de xuño de 2017) polo que se acordou a modificación da Relación de Postos de Traballo da Deputación para o exercicio 2017, polos motivos sinalados no informe de Secretaría Xeral do 22 de agosto de 2017.

3º) Notificarlle esta resolución ao interesado, con copia do informe de Secretaría Xeral que lle serve de motivación, entendéndose incorporado como anexo ao texto desta resolución, ao abeiro do establecido no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4º) Aprobar inicialmente a modificación do Plan de ordenación de recursos humanos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2017, modificando a denominación das categorías de enxeñeiro superior informático e enxeñeiro especialista informático, que pasarán a denominarse, respectivamente, como técnico superior en sistemas e tecnoloxías da información e técnico especialista en sistemas e tecnoloxías da información.

Este acordo de modificación do Plan someterase a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncio que se publicará no BOP de Ourense. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial, procedéndose á súa publicación para a súa entrada en vigor. En caso de formularse alegacións, estas serán resoltas expresamente polo Pleno da Deputación.

**8º.- APROBACIÓN INICIAL DAS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2018.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**, moitas grazas señor presidente. Na emenda que presentabamos ao orzamento - esa emenda que tan pouco lle gusta ao



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

portavoz do Partido Popular - nós tamén presentábase unha proposta de bases do Plan Provincial de Cooperación e simplemente lle vou ler tres parágrafos desas bases porque resumen cal é o noso posicionamento, cal é a nosa visión ao respecto deste tema e como nós pensamos que debería funcionar. Nas nosas bases nós falabamos que co Plan único de cooperación cos concellos a Deputación Provincial trata ou debería tratar de dar resposta ás situacións e necesidades concretas de cada concello, reforzando a súa autonomía e responsabilidade - en que e como gastar - mediante a ampliación e flexibilización do seu obxecto, que pasaría a ser múltiple, facilitando tamén a planificación da actividade dos respectivos gobernos municipais. O Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos debería supor unha profunda reformulación no que atinxe aos instrumentos de cooperación cos municipios, na medida en que a mesma pasara a concentrarse, basicamente, nun Plan Provincial Único que se distribuíra territorialmente con criterios obxectivos, reducindo drasticamente a discrecionalidade na asignación dos fondos provinciais, profundando así nas políticas de equidade, obxectividade e transparencia nas accións de cooperación cos concellos. Xunto co anterior, pretendíase unha racionalización, simplificación e redución dos instrumentos de colaboración cos municipios que se viñan desenvolvendo mediante liñas de subvención ou achegas, de tal maneira que a colaboración financeira da deputación cos concellos quedara concentrada neste Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos. Simplemente engadir, porque o mesmo que aconteceu no Pleno extraordinario que solicitamos e que se celebrou no mes de agosto onde xa debatemos esta proposta de Plan Único, e co que acaba de acontecer na anterior intervención do voceiro do Partido Popular, digo falou moito pero para dicir máis ben nada ou en todo caso repetir o mesmo de sempre. Contestar ou aludir a situacións ou afirmacións que non se produciron – porque eu non falei para nada de *chiringuitos* nin nada de nada - é desvirtuar ou ata case diría ridiculizar unha proposta como a que nós presentabamos ou presentamos a este Pleno, que era unha proposta que nós pensamos que é totalmente defendible, totalmente realista e, como xa dixen no mes de agosto e repito agora aquí, despois de tanto falar, de tanto criticar, de tanto comparar, etc, etc, etc... o que aínda non escoitei é unha explicación de por que a proposta ou o sistema de funcionamento de plans que teñen vostedes agora mesmo, ou de reparto dos fondos públicos entre os concellos de xeito, nalgúns casos, lineais como os plans de emprego sen ter en conta para nada a realidade do concello; noutros casos, na

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

maioría, de xeito discrecional, a determinados concellos premiando ou castigando actitudes deses concellos, deses alcaldes ou deses grupos de goberno ¿por que, repito, esa forma de funcionamento e esa forma de distribución dos fondos públicos de todos os veciños e veciñas de Ourense é mellor que o que nós propoñemos? Tanto na emenda que acabamos de presentar, como nas bases do que sería un plan provincial destas características, repito, ¿por que é mellor ese modelo que vostedes teñen agora, comparado co modelo que nós propoñemos? Que é un modelo baseado en criterios obxectivos, baseado na realidade e en parámetros obxectivos dos concellos; non baseado, dende logo, na cor política do grupo de goberno e que é un modelo que achegaría fondos a todos os concellos en función da súa realidade, sen discriminar a ninguén. E digo sen discriminar a ninguén, e non só penso nos gobernados polo Partido Socialista ou polo Bloque Nacionalista, senón sen discriminar a ninguén, incluso dentro dos propios concellos do Partido Popular. Eu estou agardando todavía, que nalgún momento nos digan, ou nos expliquen, porque é mellor o seu modelo que o modelo que nós propoñemos, que repito que é un modelo que non prexudicaría a ninguén, que beneficiaría a todos e, sobre todo, xa non é que solo beneficiaría aos concellos que agora están discriminados, é que beneficiaría a todos os veciños e veciñas que disporían de cantidades reais e obxectivas e distribuídas con un criterio que ninguén poderíamos critica, porque sería baseado en criterios estatísticos como os que nós propoñemos e non o que está pasando agora, que o criterio é o que deciden vostedes – non sei se todos en conxunto ou exclusivamente o señor presidente - dos concellos que merecen apoio, os que non o merecen; co cal nos leva á realidade que estamos vivindo. A realidade que é demostrable cos números que nós temos enriba da mesa e que vostedes seguro que tamén teñen, onde hai concellos – como tamén dixen no mes de agosto - de primeira, de segunda e de cuarta *regional* dentro, xa non solo dos gobernados por forzas políticas que no son as súas, senón dentro da súa mesma casa. Nós, dende logo, anunciamos loxicamente que vamos a votar en contra destas bases. Nada máis, moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana,** votaremos en contra. Moitas grazas.

**D. Vicente Gómez García, do Grupo do PSdG - PSOE,** bos días a todos e todas. Antes de nada felicitar ao presidente pola súa paternidade que tivo ultimamente. En segundo lugar, dicir que o Grupo Socialista todos os anos ten votado a favor desta Plan

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

Provincial de Obras e este ano creo que vai a mudar a cousa por varias razóns. A primeira é que o Plan Provincial das vías provinciais é moi cativo, con dous millóns de euros, me parece que con iso pouco vamos facer. Dende o Grupo Socialista si que poderíamos chegar a votar a favor se aceptaran unha proposta *in voce* que sería a seguinte:

1º) Que se contemple no Plan Base, tal e como o Plan 15-19 do Partido Popular tiña previsto, que serían 57.500.

2º) Que se contemple como máximo aportación por parte dos concellos para ter a delegación de competencias; que é outra das máximas do portavoz do Partido Popular, que é dicir, a autonomía municipal.

Polo tanto eu creo que esas dúas cousas, que xa dixen na comisión, creo que serían fundamentais para que nós votáramos a favor; senón vamos a ter que votar en contra. Moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Popular**, grazas señor presidente. O asunto creo que está suficientemente debatido en comisión e noutros puntos e nós vamos a manter a nosa proposta tal e como se trae ao Pleno. Xa dixen anteriormente que a minoración ou a redución deste Plan é de 7.000€; pero incrementamos en 10.000 o Plan de empregabilidade, o que quere dicir que son máis fondos todavía. Non hai máis que dicir ao respecto, simplemente ao señor Rodríguez Suárez que eu non lle dixen a vostede que falara de *chiringuitos*, aínda que o adoito dicir con frecuencia, esa palabra foi miña; pero parafraseando a vostedes, aínda que hoxe non a citaran, cítana con bastante frecuencia. En canto á cor política, home eu citei aquí exemplos onde non se mirou para a cor política. Citeinos no punto do debate dos orzamentos, señor Rodríguez Suárez e señor Fraga Civeira, e tamén no Pleno de agosto, que deu lugar a bastante polémica, citei os fondos que recibiran moitos dos concellos que tanto protestan polo reparto de diñeiro desta Deputación. Ao final, quedáronme de dar datos como iso era mentira, pero aínda non recibín ningunha comunicación ao respecto. Non debín contar ningunha mentira porque a min pasáronmos os técnicos, non os inventei eu, pero aínda non me dixeron que iso sexa mentira; en todo caso, se é así, retirarei o que dixen. En canto ao modelo, xa o dixen anteriormente, nós - entendemos e témolo claro - non somos meros repartidores de cartos e os que asignamos, que polo que vexo ao señor Pérez Jácome parécenlle moitos e a vostedes parécelle pouco, o que digo eu, *palo se remas, palo se non remas*, el di que é moito,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

vostedes din que e pouco, a ver si nos pomos de acordo, nós facemos o que entendemos. Repito, os cartos, o diñeiro, os euros que lle asignamos a cada concello non é por capricho nestes Plans que acabo de dicir, e estamos a falar dun, é de acordo cunhas bases; polo tanto a orientación dese diñeiro parte dos órganos desta Deputación que para iso estamos aquí democraticamente elixidos. Polo tanto, repito, non somos repartidores de cartos, somos o goberno dun territorio, o da provincia de Ourense. Grazas.

**D. Vicente Gómez García, do Grupo do PSdG - PSOE**, non son 7.000 €, son 9.500 porque se nos fiamos, como din vostedes que teñen un Plan de mandato 15-19, neste ano tocarían 57.500, non 55.000, se son 48, a resta son 9.500. O que si me gustaría é si cree vostede que a autonomía municipal é obrigar aos concellos a pór o 100% se queren ter a delegación de competencias. Tamén me gustaría saber cal é o criterio, porque aínda fai un ratiño, na súa intervención, falaba de que teñen un Plan 15 - 19 que o respectan escrupulosamente, ¿por que agora non? E se vostede cre que con dous millóns de euros que están no Plan de vías provinciais se poden acometer as obras que serían necesarias nas vías provinciais.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, grazas presidente. Non merece a pena entrar en discusións casuísticas, os dous millóns de euros, oxalá puideramos ter 14, temos o que temos e distribuímolo da maneira que responsablemente entendemos; díxeno anteriormente. O do Plan de Mandato 15-19, aínda non terminou, ninguén nos obriga, iso foi algo que se dixo de ir subindo progresivamente; pero aínda non terminou o mandato 15-19. Non se poña nervioso vostede. Cando remate pois dirá, non cumpristes isto e isto e isto. O da autonomía municipal, para nada está reñida con isto, acabo de dicir que os fondos que asigna esta Deputación asígnalos previa autorización dunhas bases que regulan esa asignación de fondos. Agora entendemos que isto ten que ser así, dende a responsabilidade que temos de gobernar e aí está, criticable, pois polo que vexo si. Vostedes non farían o mesmo, aínda que o dubido se estiveran no goberno. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#).

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2018, cuxo texto íntegro é o seguinte:

**1ª) Obxecto.**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación dos procedementos de elaboración e execución do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2018.

**2ª) Estrutura do Plan Provincial de Cooperación 2018. Distribución dos investimentos por concellos.**

1. O Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais para o exercicio 2018 comprenderá as seguintes clases de investimentos:

- Investimentos en obras de mellora e conservación da rede viaria provincial, de titularidade da Deputación Provincial.

- Investimentos en obras de competencia municipal, preferentemente as necesarias para a efectiva prestación dos servizos municipais obrigatorios enumerados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.

2. O Plan Provincial 2018, tanto no apartado da rede viaria provincial como no relativo ás obras municipais (neste caso ata o importe máximo establecido para cada termo municipal nestas bases) financiarase na súa integridade pola Deputación Provincial de Ourense, resultando en consecuencia o seguinte cadro básico de financiamento:

Obras municipais:

- Deputación Provincial: 100 %

Obras da Rede Viaria Provincial:

- Deputación Provincial: 100 %

3. Non obstante, no caso das obras municipais, os concellos voluntariamente poderán efectuar achegas adicionais para o financiamento das obras, alterándose automaticamente o cadro de financiamento neses supostos. Doutra banda, incluíranse

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

igualmente no Plan Provincial, todas aquelas obras para as que os concellos soliciten a súa inclusión, dotadas de financiamento exclusivamente municipal ou procedente doutras administracións públicas, para os efectos de obter a declaración de utilidade pública de cara a posibilitar a obtención de terreos mediante expropiación forzosa.

4. A distribución do investimento prevista no Plan Provincial 2018 é a seguinte:

a. Investimento total previsto na Rede Viaria Provincial: 2.000.000,00 €

Achega da Deputación á RVP (100%): 2.000.000,00 €

b. Investimento total previsto en obras municipais (incluída a Entidade Local Menor de Berán): 4.716.000,00 €, dos cales 4.440.000,00 € destinados á execución material das obras e 276.000,00 € destinados a servizos complementarios á execución das obras.

Subvención Deputación obras municipais (100,00 %): 4.716.000,00 €,

5. A distribución territorial por concellos do investimento en obras municipais efectuarase mediante a asignación a cada concello da provincia dunha cota alícuota de investimento subvencionado, resultando un investimento por termo municipal de 51.000,00 €; da dita cantidade, 48.000,00 € destinaranse ao financiamento dos contratos de execución material das obras e 3.000,00 € ao financiamento dos contratos de servizos complementarios á execución das obras (con especial consideración das asistencias técnicas para a redacción de proxectos, a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde das actuacións).

O investimento con cargo a fondos provinciais asignado a cada concello poderá dedicarse a unha ou varias obras, a elección dos concellos, podendo supoñer o seu financiamento íntegro ou parcial, sempre e cando as obras correspondan a competencias municipais.

Sen prexuízo do anterior, e tal e como se sinala no apartado 3, poderán incluírse investimentos de contía superior á achega provincial, correspondentes á mesma obra ou obras subvencionadas ou a outras obras, sempre e cando o concello achegue o financiamento complementario preciso.

6. No plan poderanse incluír obras adicionais para a utilización de remanentes producidos por anulación de obras. As ditas obras deben cumprir os requisitos necesarios para seren incluídas no Plan segundo o establecido nesta base.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

7. Os remanentes das achegas provinciais obtidos por baixas na adxudicación das obras (tanto municipais como da rede viaria provincial), destinaranse na súa integridade ao financiamento de obras da rede viaria provincial; os remanentes das achegas municipais, de se-lo caso, reintegraráselle ao concello respectivo.

**3ª) Solicitudes dos concellos: prazos e documentación.**

1. Solicitudes: requisitos xerais.

Co fin de garantir o dereito dos municipios á participación na elaboración do Plan, estes poderán formular solicitudes para a inclusión de obras. As ditas solicitudes serán aceptadas obrigatoriamente pola Deputación Provincial, sempre que se formulen en tempo e forma e as obras reúnan os requisitos establecidos na base 2ª.

2. Prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes deberán dirixírselle ao presidente da Deputación e deberán ter entrada no rexistro electrónico xeral da Deputación ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas ata o 30 de novembro de 2017 inclusive. Este prazo terá carácter improrrogable. A falta de formulación da solicitude en prazo dará lugar á perda do dereito á participación no Plan Provincial.

3. Documentación das solicitudes.

As solicitudes deberán incluír a seguinte documentación:

- Certificación do acordo adoptado polo órgano municipal competente, solicitando a inclusión das obras no plan provincial e, de se-lo caso, a delegación da competencia para a súa contratación. No suposto en que o órgano municipal competente non fose o alcalde, e por razóns de urxencia non fose posible a adopción do acordo polo dito órgano competente antes do 30 de novembro de 2017 inclusive, admitirase a presentación dunha resolución da Alcaldía, condicionada á adopción, antes do 11 de decembro de 2017, do correspondente acordo de ratificación polo órgano municipal competente.
- Modelo de solicitude, debidamente cuberto, con indicación de persoa de contacto e dirección de correo electrónico ós efectos de librar comunicacións.

Na solicitude e no acordo deben figurar a denominación descritiva das obras e o seu orzamento total, tendo en conta as seguintes regras:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

- a. A denominación das obras deberá ser concreta e o suficientemente descritiva das actuacións (con expresa referencia ás principais unidades de obra para acometer) e da súa localización, con indicación do núcleo de poboación e da rúa onde se leven a cabo estas. Neste sentido, debe indicarse concretamente o núcleo ou núcleos onde se actuará polo seu nome propio, sen que sexan admisibles referencias a unha “zona”, “barrio” ou “parroquia” ou referencias semellantes. Nas obras de mellora e conservación da rede viaria municipal, figurarán ademais os puntos quilométricos entre os que se executan estas.
  - b. Nas actuacións plurianuais, a continuación da descrición das actuacións, farase constar esta condición, así como a anualidade á que se refire o investimento para o que se solicita a inclusión no Plan de cooperación.
  - c. Nas obras correspondentes a unha fase determinada dun proxecto, a continuación da descrición de actuacións farase constar a fase á que se refire o investimento para o que se solicita a inclusión no Plan de cooperación. Para estes efectos, debe terse en conta que cada fase debe ter a condición dunha obra completa, susceptible de uso público independente, sen prexuízo da súa integración nun proxecto complexo.
  - d. Cando unha solicitude recolla obras de diversa natureza para satisfacer máis dun servizo, incluírase en primeiro lugar a denominación da obra de maior importe económico (por exemplo, nunha obra de abastecemento e pavimentación, se o abastecemento ten maior importe económico describirase como “abastecemento e pavimentación en..”).
  - e. No orzamento total das obras entenderase incluído o IVE. Non se considerarán incluídos, en cambio, os custos de redacción de proxectos nin os honorarios de dirección de obras e coordinación de seguridade e saúde, que serán obxecto de contratación independente.
4. Para a formulación das súas solicitudes, os concellos deberán ter en conta os datos da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais.

5. Elaboración do proxecto de Plan Provincial. Corrección de deficiencias.

Unha vez rematado o prazo de formulación de solicitudes, o Negociado de Obras e Infraestruturas da Sección de Contratación procederá á elaboración do proxecto de Plan



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

para o exercicio 2018, que será sometido ao ditame da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, e á aprobación inicial por parte do Pleno na sesión ordinaria de 29 de decembro de 2017.

No período de elaboración do documento, o Negociado de Obras e Infraestruturas comunicarlles telefonicamente ós concellos as posibles deficiencias observadas nas solicitudes, para a súa corrección urxente polos concellos dentro do dito prazo.

6. Consecuencias da presentación extemporánea de solicitudes ou da falta de corrección de deficiencias.

No caso de que os concellos non remitan a súa solicitude dentro do prazo establecido, ou non corrixan as deficiencias observadas, a Deputación non incluírá ningún investimento para ese concello no Plan Provincial. O remanente de financiamento resultante destinarase a obras adicionais na rede viaria provincial.

**4ª) Tramitación do Plan Provincial:**

Unha vez aprobado inicialmente polo Pleno, o Plan Provincial será sometido a información pública por dez días hábiles mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia. De formularse alegacións, estas serán resoltas polo Pleno. De non formularse alegacións, o Plan considerase definitivamente aprobado.

Unha vez aprobado definitivamente o plan, a Presidencia da Deputación fará pública esta circunstancia mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, iniciándose o prazo de execución.

As modificacións relativas ás obras municipais que teñan de tramitarse a instancias dos concellos respectivos logo da aprobación definitiva do plan (tales como modificacións dos orzamentos das obras que afecten exclusivamente ás achegas municipais, cambios na denominación das obras, incorporación e baixa de obras do plan,..), serán autorizadas por acordo da Xunta de Goberno provincial, sempre que non afecten ao orzamento total do plan nin á súa distribución por municipios. Idéntica regra resultarlles de aplicación ás modificacións que deban introducirse nas actuacións correspondentes á rede viaria provincial logo da aprobación definitiva do plan.

**5ª) Execución do Plan Provincial:**

A competencia para a execución das obras comprendidas no Plan Provincial, tanto no relativo ás actuacións na rede viaria provincial como ás obras municipais,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

corresponderalle á Deputación Provincial mediante a contratación das ditas obras con empresa solvente a través dos procedementos e co réxime establecido para a contratación de obras públicas na vixente lexislación de contratos do sector público.

Non obstante o anterior, os concellos que realicen achegas complementarias por importe igual ou superior ao 100 % do financiamento comprometido pola Deputación Provincial para execución material das obras (48.000,00 € por termo municipal), poderán solicitar a delegación para a contratación da obra ou obras correspondentes.

En ningún caso poderá acordarse a execución por administración das obras financiadas con cargo ao plan provincial

A Deputación Provincial (e se é o caso os concellos) deberán adxudicar as obras antes do 30 de xullo de 2018 e as obras deberán quedar totalmente rematadas antes do 1 de decembro de 2018; non obstante o anterior, e sempre que concorra causa xustificativa suficiente, poderá acordarse a prórroga do prazo de execución das actuacións incluídas no plan polo tempo indispensable para o seu remate, cun máximo dun ano a contar desde a data da súa adxudicación.

A contratación das asistencias técnicas que teñan por obxecto a redacción de proxectos e a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde nas obras municipais, realizarase pola Deputación con cargo ao crédito consignado con tal fin nestas bases. Non obstante o anterior, entenderase delegada a competencia para a contratación das ditas asistencias técnicas a favor de aqueles concellos que, en consideración ao investimento municipal comprometido, teñan solicitado a delegación da competencia para a contratación das obras.

Nas obras financiadas con cargo ao plan provincial instalarase, en lugar visible, o pertinente cartel de obra segundo o modelo aprobado por esta Deputación, debendo permanecer instalado o dito cartel dende a data da sinatura da acta de comprobación do planeamento previo ata a data de expiración do prazo de garantía.

#### **6ª) Execución das obras pola Deputación**

1. A Deputación procederá á contratación das obras da rede viaria provincial (en todo caso) e das obras municipais que non teñan sido obxecto de delegación consonte coa base anterior.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

2. Para a contratación das obras municipais pola Deputación, os concellos deberán cumprir, antes do 30 de abril de 2018, os seguintes trámites:

- Remisión á Deputación Provincial do acordo do órgano municipal competente contendo as seguintes determinacións:

a) Aprobación do proxecto técnico de obras .

b) Declaración expresa de que a actuación proposta cumpre coa lexislación e a ordenación urbanística aplicable e dispón das autorizacións sectoriais esixibles. Non obstante, cando a autorización sectorial esixible sexa a da propia Deputación no exercicio das súas competencias en materia de defensa das estradas provinciais, o acordo municipal indicará o dito extremo, tramitándose de oficio pola Deputación a correspondente autorización.

c) Posta á disposición da Deputación Provincial dos terreos necesarios para a execución das obras.

d) Compromiso de asumir todas as indemnizacións que resulten procedentes cando as obras non poidan executarse por falta de disposición dos terreos ou das autorizacións necesarias con dito fin.

- Remisión da acta de *replanteo* (planeamento previo) das obras, debidamente asinada polo alcalde e polo redactor do proxecto.

#### **7ª) Execución das obras por delegación**

Para a execución das obras municipais por delegación, os concellos deberán remitirle á Deputación, antes do 30 de abril de 2018, os documentos relacionados no apartado segundo da base anterior (a excepción da posta a disposición dos terreos a favor da Deputación) xunto co proxecto técnico correspondente –para os ditos efectos, a solicitude de delegación de competencia para a contratación das obras levará implícita, consonte coa base 5ª, a delegación da competencia para a contratación da redacción do pertinente proxecto técnico e as demais asistencias técnicas complementarias á execución das obras- e o compromiso de efectuar as achegas precisas para o financiamento da actuación na contía necesaria para completar a achega provincial.

Logo de verificada a corrección e suficiencia da documentación achegada, previo o informe favorable da oficina provincial de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras e comprometida a achega municipal na porcentaxe esixida para os ditos efectos,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

concederese por resolución da presidencia a delegación da competencia para a contratación das obras.

A Deputación librará o 75% da súa achega á remisión do certificado acreditativo da adxudicación das obras e de formalización do pertinente contrato. O 25% restante librarase coa achega do certificado de finalización das obras xunto coa acta de recepción e a foto do cartel de obra.

**8ª) Adquisición dos terreos necesarios para a execución das obras.**

**Expropiación forzosa.**

No suposto en que sexa necesaria a expropiación forzosa de bens ou dereitos, o concello comunicarlle esta circunstancia á Deputación, que procederá á dita expropiación, sendo de conta do concello os custos derivados da expropiación. Para estes efectos, os concellos subscribirán un convenio de colaboración coa Deputación Provincial, no que se recollerán as obrigas do concello no procedemento expropiatorio.

**9ª) Réxime especial para os concellos en situación de insuficiencia financeira manifesta.**

Os concellos que, de conformidade cos criterios que seguidamente se determinan e tras a oportuna xustificación previa da dita circunstancia ante a Intervención Provincial, se atopen nunha situación manifesta de insuficiencia financeira, poderán optar entre adherirse ao réxime xeral contemplado nas bases anteriores ou solicitar da Deputación o ingreso nas arcas municipais en todo ou parte do importe da achega provincial ás obras municipais (ata 48.000,00 €) con destino á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente do concello correspondente á prestación de servizos mínimos obrigatorios, con exclusión dos gastos de retribucións, axudas de custo e asistencias de cargos representativos ou de designación política e dos gastos de servizos que se atopen total ou parcialmente financiados con achegas da Deputación Provincial diferentes ás previstas na presente base. A xustificación da utilización dos fondos percibidos ao abeiro do disposto nesta cláusula, achegarase antes do 1 de decembro de 2018 mediante conta xustificativa asinada polo alcalde e o interventor de fondos do concello, con suxeición ao disposto na lexislación vixente en materia de subvencións.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

Para os efectos do establecido nesta base, consideraranse incursos en situación de insuficiencia financeira manifesta os concellos que na liquidación do exercicio de 2016 presenten resultado orzamentario negativo e remanente de tesourería negativo.

Así mesmo, os concellos cuxo nivel de endebedamento fose superior ao 110% no ano 2016 poderán dispoñer desta cantidade para pagamento de débeda.

**10ª) Réxime especial para a entidade local menor de Berán.**

A entidade local menor de Berán, nos mesmos termos fixados nas bases anteriores para os concellos, poderá beneficiarse dunha achega provincial por importe de 24.000,00 € con destino a investimentos en servizos da súa competencia ou, de ser o caso, á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente da entidade previa a xustificación de atoparse incurso en situación de insuficiencia financeira manifesta.

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase automaticamente aprobado de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**9º.- APROBACIÓN INICIAL DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS EN MATERIA DE EMPREGABILIDADE PARA O EXERCICIO 2018**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**, moitas grazas señor presidente. Nós nesta cuestión vamos a optar pola abstención, porque aínda que valoramos o esforzo económico que supón, e vostedes xa dixeron e fixeron fincapé, de pasar de 10.000 a 20.000€ neste Plan, como outros anos non compartimos ese criterios de reparto, eses criterios lineais que non teñen en conta, para nada, a realidade de cada un dos concellos.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

Nós, reitero unha vez máis, articularíamos unha proposta na que este Plan estivera encardinado dentro do Plan único e contribuíra a dotar ese Plan Único. Repito que nós vamos a optar pola abstención. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana**, antes lo que quise decir, en ningún momento quise insultar a nadie, simplemente lo que quería dicir es que cuando un ayuntamiento o una diputación lo que hace con el dinero es que lo tiene que administrar ella y no se lo da a los alcaldes, es por lo que digo que los está tratando como imbéciles. Lo mismo ocurre, por ejemplo, con el tema de cómo se administra la cultura. Cuando una administración compra la cultura y se la regala al pueblo, les está llamando imbéciles. Deja que el pueblo, que es mayor de edad y educado, cada uno consume la cultura que quiera. Entonces, nosotros vemos mal que en el Teatro Principal se utilice dinero público para dar actuaciones financiadas al 99% de teatro. No, deja el dinero en el bolsillo de los ciudadanos y cada uno va al teatro que le da la gana. Algunos prefieren ver buenas obras por youtube y otros prefieren ir al teatro. Deja a la gente en paz, porque sino estás tratando al gente como imbéciles. Me refería a eso. En este tema, del tema de empregabilidade, me llama la atención que osen ustedes presentar algo en este tema cuando lo único que saben hacer es enchufar a gente. Si ustedes descubren un método para emplear a gente, mañana mismo ya vendrán de la Universidad de Harvard, de Princeton, de Yale aquí a enterarse de cómo es, porque habrían hecho un descubrimiento mundial. Porque si ustedes saben cómo crear empleo que realmente no sea ficticio, oiga es un auténtico descubrimiento mundial; porque el único modo de crear empleo es en una ciudad próspera, invertir en I+D – que no se está haciendo - en una ciudad próspera y entonces el empleo se va creando como un efecto. Ustedes aquí no saben la diferencia entre causa y efecto. Ustedes tienen que crear las causas y luego el efecto. Van ya a la última historia, vamos a dar una subvención a estos tíos para dar un curso de estos que no valen para nada y así se crea empleo. Eso no es crear empleo, el empleo se crea sólo cuando has creado y fomentado las causas, es la única forma. Si ustedes descubren otro método para crear empleo, llamen por favor a esas universidades que vendrán enseguida porque luego impartirán cursos de eso a nivel mundial.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSdG - PSOE**, moitas grazas señor presidente. Nós neste apartado ímoslle a votar a favor para que despois teña

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

que corrixir o señor Álvarez Dobaño o sonsonete este de que non lle votamos a nada, de que non lle achegamos nada. Máis que nada porque sobre que se incrementase esta cantidade xa o levamos nós propoñendo varias veces. Porque, xa digo, é das poucas que se reparten liñalmente; a nós xa nos gustaría que fose con outros criterios, pero é 1.800.000 € o montante dentro destes orzamentos, mire, apenas unha faragulla dos 80,7 millóns que se reparten na súa maioría sen criterios obxectivos ningúnns. E a maiores de votarlle a favor, voulle a facer outra cousa máis, señor Álvarez Dobaño, irei polos concellos, incluso por algunha entidade local menor para explicarlle ao seu presidente que o que lle imos a quitar, segundo vostede, dese reparto do Plan Único, vaino recibir de xeito incondicionado por outro lado coa nosa proposta. Perderei ese tempo para llo ir explicando. Unha cousa é dar a dedo e outra cousa é repartir mellor. O que queren os alcaldes e o que quere a cidadanía, queren dereitos, non queren esmolos.

**D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular**, moitas grazas, presidente. Moi bos días a todas e a todos. A Deputación ten entre as súas prioridades o facilitar aos concellos ferramentas necesarias para desenvolver actividades que estes necesitan e que por circunstancias, xa sexan legais ou económicas, non poden. Este Plan, como xa se dixo aquí, está dotado con 1.830.000 €, e é un dos Plans de mellor acollida polos propios concellos. Nas numerosas reunións que o presidente ten cos representantes dos concellos, solicitáronlle que o reforzara e, no posible, que o ampliara. Hoxe presentamos as bases do Plan de emprego, consolidado e duplicado; é dicir, os concellos dispoñemos de 20.000 € para fomentar o emprego e ao mesmo tempo desenvolver as actividades necesarias para un bo funcionamento das nosas infraestruturas. É un Plan aberto a todas as necesidades, sinxelo e respectuoso coa autonomía municipal. Quero destacar que, así como no ano pasado se introduciron unha serie de novidades, este ano tamén incluimos a entidade local menor de Berán. O goberno provincial aposta decididamente polo emprego, isto é unha mostra diso. O ano pasado pasamos das 200 contratacións realizadas por este Plan, este ano serán moitas máis. Unha vez máis, respondemos ás peticións feitas por moitísimos concellos. Tamén lles quero recordar que vostedes así o pediron no debate do estado da provincia, de aí tamén que sexa coherente que voten a favor. O goberno provincial ten unha visión global da provincia e, como tal, planifica a súa acción de goberno e actúa globalmente deixando de lado os localismos dos que vostedes fan uso. Como dixo aquí o

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

meu compañeiro Plácido, o noso Plan é Ourense. Nada máis e moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSdG – PSOE:** teño unha curiosidade, preguntar se desas contratacións que aludiu do ano pasado, teñen algún seguimento feito; é dicir, do que se derivou nelas foron contratos feitos nese momento, remataron aí, ¿mellorouse a empregabilidade desa xente? ¿fíxose algún estudo ao respecto?.

**D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular:** moitas grazas. Os datos xa están pedidos, e o que é unha mostra clara é que cando todos os alcaldes, incluídos vostedes, piden que se manteña e que se duplique é que a cousa funciona. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourenzana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa Provincial de Cooperación cos Concellos en materia de empregabilidade para o exercicio 2018, cuxo texto íntegro é o seguinte:

**1ª) Obxecto:**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2018.

A finalidade deste Programa é a contribución ao sostemento económico dos servizos de competencia municipal e da entidade local menor de Berán posibilitando o complemento dos recursos humanos necesarios co dito fin, tanto a través das figuras contractuais propias da lexislación laboral como a través de contratos administrativos ou nomeamentos de persoal funcionario interino, de ser o caso, mediante a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o financiamento dos ditos contratos ou nomeamentos.

**2ª) Beneficiarios. Gastos subvencionables.**

1. Poderán obter subvención no marco do programa regulado nas presentes bases os



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes e a entidade local menor de Berán, cando contraten persoal en réxime de dereito laboral, efectúen nomeamentos de persoal funcionario interino ou subscriban contratos administrativos, típicos ou especiais, con persoas físicas suxeitas ao réxime de autónomos, para a realización de actividades da súa competencia durante o exercicio 2018. Considéranse subvencionables as contratacións ou nomeamentos que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2018.

2. Terán a consideración de gastos subvencionables todos os que, tendo este carácter conforme coa lexislación vixente en materia de subvencións, financien as anteditas contratacións ou nomeamentos, incluíndo gastos salariais e de Seguridade Social, así como os honorarios ou contraprestacións económicas por servizos profesionais prestados por autónomos.

**3ª) Contía das subvencións:**

A subvención concedida a cada concello poderá acadar a contía máxima de 20.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados aos contratos ou nomeamentos subvencionados. A subvención concedida á entidade local menor de Berán poderá acadar a contía máxima de 10.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados aos contratos ou nomeamentos subvencionados.

**4ª) Disponibilidades orzamentarias:**

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2018, por importe global máximo de 1.830.000,00 €, na aplicación 46207/24111

**5ª) Solicitudes de adhesión ao Programa: prazos, lugar de presentación e documentación a presentar:**

As solicitudes, subscritas polo alcalde ou representante legal interesado, ou concelleiro no que delegue, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial, e poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como no Rexistro Xeral da Deputación Provincial, que mantén a súa operatividade ao abeiro do establecido na Disposición Final 7ª da devandita Lei 39/2015.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.

As solicitudes irán acompañadas dunha declaración do conxunto de axudas ou subvencións públicas solicitadas pola entidade ou que lle fosen concedidas para o financiamento dos contratos ou nomeamentos para os que se solicita subvención.

**6ª) Procedemento de adhesión. Resolución de adhesión. Publicación.**

As solicitudes de adhesión presentadas remitiráselle ao Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio da Deputación, para a instrución do expediente.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.

Comprobada a regularidade do procedemento seguido e a corrección da documentación presentada, mediante resolución da Presidencia autorizarase a adhesión das entidades solicitantes, agás nos seguintes casos:

- a) Que a solicitude se formulase fóra de prazo
- b) Que a solicitude non reunise os requisitos establecidos na base 5ª, e non se emendasen as deficiencia advertidas no prazo concedido.

As resolucións de autorización de adhesión realizaranse no prazo máximo de cinco días hábiles dende a recepción da documentación completa para cada solicitante, a medida que estas se vaian recibindo. Poderán realizarse nunha resolución individualizada para cada entidade ou para varias delas, en función dos prazos nos que se teñan presentado e completado as correspondentes solicitudes.

As resolucións de autorización de adhesión serán obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das axudas concedidas. Esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

**7ª) Contía das subvencións:**

Cada concello adherido disporá dunha axuda por importe de 20.000,00 €. A entidade local menor de Berán disporá dunha axuda por importe de 10.000,00 €. Esta subvención

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

entenderase concedida, a tódolos efectos, polo mero acto de aprobación da adhesión.

Non obstante o anterior, a achega minorarase na contía que corresponda nos seguintes supostos:

- Se o gasto efectivo do contrato ou nomeamento subvencionado fose inferior á dita cantidade.
- Se as achegas doutras administracións públicas que financian a actuación exceden, en conxunto coa concedida pola Deputación, do 100% do custo da contratación ou nomeamento subvencionado.

A redución da contía das subvencións declárase na resolución da peza separada de xustificación da subvención.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores reintegraranse ás arcas provinciais, sen aumentar as achegas para percibir polos concellos beneficiarios.

**8ª) Xustificación da subvención:**

As entidades beneficiarias deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes do 30 de novembro de 2018. Este prazo terá carácter improrrogable, agás causas de forza maior debidamente acreditadas. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse expresamente antes do 30 de novembro de 2018 e poderá concederse, como máximo, ata o 14 de decembro de 2018.

A xustificación realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

A) Certificación expedida polo secretario da entidade na que se indique o seguinte:

- Relación de contratos ou nomeamentos realizados con cargo á subvención, indicando o seu obxecto e duración.
- Contía do gasto subvencionable que foi obxecto de recoñecemento da obrigaón no exercicio 2018.
- Importe das subvencións ou axudas públicas concedidas para o financiamento dos contratos subvencionados.

B) Certificación da conta corrente da entidade para a realización do pagamento da

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

subvención.

C) Unha fotografía do cartel informativo ao que se refire a base 9ª, no que se reflicta a súa localización e a mención expresa ao financiamento por parte da Deputación de Ourense.

3. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pagamento da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos xustificadas. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.

4. Para considerar xustificada a subvención os concellos beneficiarios deberán acreditarse a realización de gasto por unha contía igual ou superior a 20.000,00 euros e a entidade local menor de Berán por unha contía igual ou superior a 10.000,00 euros. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente. Igualmente, no suposto no que a entidade beneficiaria percibise subvencións ou axudas que, en conxunto coa concedida ao abeiro do presente programa, excedan do 100% do custe soportado, a subvención reducirase ata alcanzar o dito límite do 100 %.

A falla de xustificación en prazo dará lugar á perda total do dereito á subvención, que será declarada pola Presidencia.

A falla de xustificación da obriga de publicidade establecida na base 9ª dará lugar unha redución do importe da subvención nun 20 %.

**9ª) Obrigas dos beneficiarios:**

Con carácter xeral, as entidades beneficiarias asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos nestas bases e na lexislación vixente.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

No local onde se realicen os servizos subvencionados deberá figurar, de xeito visible, un cartel informativo -no modelo normalizado que se publicará na web da Deputación - no cal constará o financiamento por parte da Deputación Provincial de Ourense.

**10ª) Normativa supletoria:**

De conformidade co establecido na Disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións, esta lei será de aplicación ás subvencións reguladas nestas bases exclusivamente como norma supletoria, para integrar posibles baleiros de regulación, así como naqueles casos nos que as bases remiten á dita normativa.

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales os concellos interesados poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase automaticamente aprobado de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**10º.- I PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES 2017-2021.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Igualdade, Benestar e Emprego.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, Moitas grazas señor presidente. Antes de falar do Plan de Igualdade, vou facer unha unha valoración de carácter xeral. Dicar que, en primeiro lugar, un plan de igualdade, por moi ben feito que estea, é papel mollado se non leva aparelado un orzamento. En segundo lugar, dicir tamén que un plan de igualdade é papel mollado se a Administración que ten a responsabilidade de impulsalo e fiscalizalo non o fai e non rende contas ao respecto. Parécenos importante abordarmos o grao de cumprimento da Lei, especialmente naqueles aspectos que dependen dos organismos públicos, que dependen neste caso da Deputación e cos que dunha banda

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

cómpre ser máis esixentes e sobre os que se presupón unha maior capacidade de actuación e incidencia. Son precisamente estes axentes os que deberan ser vangarda das medidas que avancen en materia de igualdade, deberan ir un paso por diante doutras esferas, como a empresa privada, nas que loxicamente será máis difícil ir penetrando. Salientar que se ben os plans de igualdade son necesarios e son unha ferramenta, por existir non garanten de forma automática os obxectivos que relatan. Poñamos dous exemplos, no informe sobre o impacto dos plans de igualdade nas empresas que desenvolveu o grupo de investigación Antígona da Universidade Autónoma de Barcelona, recóllense afirmacións como as seguintes: *a maioría dos plans non teñen como obxectivo nin finalidade conseguir unha igualdade efectiva, senón a persecución da igualdade formal ou simplemente cumprir a Lei orgánica 3/2007*. Tamén, noutro parágrafo dese informe, se destaca o *carácter rutineiro ou meramente testemuñal de moitos plans, que non melloran ou garanten mellor os dereitos establecidos pola lexislación laboral e de igualdade de xénero. Desta maneira, o plan convértese na maioría dos casos nun acto burocrático, que non pretende profundar o dereito á igualdade efectiva*. E agora vaíamos xa co documento en cuestión que nos presentan vostedes. Na propia presentación dise que *para garantir a igualdade de oportunidades no traballo é necesario que as organizacións se comprometan a tomar medidas que logren cambios nas súas estruturas*; pois xa que logo, habería que cambiar a estruturación da propia Deputación a comezar pola cabeza. Tamén di: *a posta en práctica destas medidas precisa de implicación política*. É un brinde ao sol e un insulto a todas as vítimas dalgún tipo de violencia machista. Varias consideracións: en primeiro lugar chega tarde. Chámase Plan 2017 – 2021, co cal debiera comezar xa en xaneiro e non en setembro. De ser un Plan rigoroso e que implicase medidas para corrixir un problema estrutural, faríase unha planificación de cara a 2018, como digo, xa. Pon que traballou persoal técnico da consultora contratada. ¿Por que en vez de contratar a unha consultora que fai plans como churros, non se traballou cóbado con cóbado co feminismo organizado da provincia, que podería asesora en como tratar estas cuestións xa que diante das carencias das administracións é quen ten sido vangarda en atender, asesorar, denunciar, etc... este tipo de situacións. ¿Consultouse, pediuse a colaboración do concello no que está situada a Deputación e que ten recursos para este tipo de temas? Pon, no punto de *Metodoloxía*, que unha das funcións da Comisión é *atender e canalizar consultas, así como reclamacións*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

*remitidas por traballadoras e traballadores da Deputación.* Esta redacción é moi pouco precisa e excesivamente vaga. Pode darse a situación de que unha traballadora que estea traballando sexa vítima por parte do seu propio xefe, ao que despois terá que ir a denunciarlle o feito. Isto supón que a agredida tense que enfrontar co agresor. E tamén é unha relación de poder entre agresor e agredido. ¿Como se garante isto? Os obxectivos estratéxicos. Non entramos a cuestionar os obxectivos do Plan, senón que a nosa pregunta é: ¿acredita realmente este goberno nel?. Señor Presidente, permítanos que a tenor do que ten acontecido nos últimos meses desconfiemos. Temos a sensación de que isto non é máis que un lavado de cara. Para que as cousas funcionen, non se poden poñer en marcha de xeito mecánico. Hai que acreditar nelas, e o seu Partido, e vostede cos seus actos, dificilmente poden convencer á opinión pública de que acreditan nisto. Se botamos unha ollada ao que hai de fondo, introdución de publicidade, *difundir o compromiso da Deputación de Ourense coa igualdade de xénero, de forma interna e externa*, repito, introdución de publicidade. En canto aos obxectivos de formación, insistir en que ten que ser para o persoal traballador pero tamén para as políticas e para os políticos. E que a formación non pode ser só para o edificio da Deputación, senón para traballadores e servizos ao longo de toda a da provincia. Nas páxinas 21 e 22 é onde centra o tema do acoso sexual e violencia. A nosa reflexión xeral é que o que hai é que facilitar que este tema estea na primeira orde do día e se implementen políticas para que as vítimas teñan onde acudir fóra do posto de traballo, se tes calquera problema no traballo serio, vas a unha asesoría, unha avogada, un sindicato... neste caso non parece a mellor das medidas pois ir ao xefe que ao mellor é o que está provocando o problema. Aínda que hoxe se aprobou o pacto de estado de violencia machista desde Galicia tamén lamentamos que non asuma o marco de vangarda que conseguiu a Lei galega de 2007: asumir que a violencia machista está tamén fóra da casa e da relación de parella, non é doméstica por definición, pode estar tamén no posto de traballo. Polo tanto, queda moito por avanzar. O noso posicionamento, en principio, neste punto da orde do día e neste Plan, primeiro Plan de Igualdade, vai ser o de abstermos. Nada máis.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana,** Cuenta la historia que Napoleón, cuando se retiraba de Rusia, escribió, creo que fue, el Plan Nacional de Teatro. Escribió esos días, y además creo que no dormía, y dormía con la luz

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017**

encendida para asombrar a la tropa, sabe Dios se estaba durmindo ou non; pero bueno, dicen que escribió el Plan ese de teatro que aun hoy no fue superado con lo que llaman, creo, la Comedia Nacional, o algo así. Creo que no ha sido superado, un gran Plan. Ese era realmente un gran Plan, Napoleón aportó muchísimas cosas. Dicen que lo escribió, anecdóticamente, en la retirada de Rusia. Yo me pregunto si este Plan de Igualdade de oportunidade entre mulleres e home, lo escribió o lo concibió Manuel Baltar en el Hotel Francisco II. Me pregunto si lo concibió y lo empezó a escribir en el Hotel Francisco II; porque realmente parece un bochorno y una tomadura de pelo que la persona, donde la jueza dice que esos hechos han sido probados – lo que hizo esta persona en el Francisco II - venga aquí con un Plan de igualdad que se gastó más dinero en el desarrollo, en la auditoría, para hacer esto que realmente el beneficio que va a hacer. Además, son básicamente unos auditores que hacen un corta y pega. Lo que hace es gastarse en dinero en este tocho que yo creo que ni él se leyó y que después de llevarse a cabo no va a solucionar ninguno de los problemas que realmente hay de la igualdad en España. Es realmente una tomadura de pelo. No olvidemos que esta persona encargó una auditoría de 18.000 € para saber si nos interesaba adherirnos a las ciudades termales que costaba 3.000 € al año. Es decir, se gastó 18.000 para meterse en una organización que costaba 3.000; yo creo que eso quedará para los anales de la historia y será uno de nuestros iconos en la campaña 2019. Ahí se resume como gestiona este señor este tema. Ha habido planes de empleabilidad como este en esta Diputación que solo han servido para que se *enchufara* a hijos del Partido Popular, ¿de qué me sirven los planes de la Diputación? Porque también recordemos aquel Plan que costó 100 millones de pesetas que se contrató a una empresa vasca para desarrollar Ourense y desde entonces Ourense no ha hecho más que ir para abajo. Es decir, todos estos Planes son realmente una hipocresía y, además, no reflejan lo que está a la vanguardia ya de la igualdad; porque muchas veces, aquí en estos Planes, todavía no se habla de lo que realmente está pasando, del auténtico problema que subyace y que genera esas desigualdades. Por ejemplo, el tema no es ya que la mujer se diga que cobra un 30% menos que los hombres, el problema es que las mujeres reciben un 30% menos de salario que los hombres; todavía no se han enterado que es una falacia. El gran problema no es ese para la mujer, el gran problema es, en las estadísticas, que la mujer trabaja menos, accede menos al mercado laboral y claro, el cómputo general, es que los



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

salarios son un 30 % máis baixo. Es decir, por supuesto que la mujer está discriminada, pero no es que el problema sea que, al mismo trabajo, se le pague un 30% menos; no es un 3%-4%. El gran problema que tiene la mujer, un problema gravísimo y que realmente tenemos que abordar, es que tiene mayor problema para acceder al mercado laboral y de ahí es el 30%, no de lo otro. En este Plan de Igualdad ni siquiera se está nombrando esto que es ya la vanguardia por la que van todas las personas que quieren luchar y erradicar el gran tema de la desigualdad. Entonces, realmente, simplemente lo que aquí hacen es dedicarle cientos de horas a un proyecto desfasado y donde los únicos que van a salir beneficiados son los que cobraron por redactar este proyecto.

**D<sup>a</sup> Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo do PSdG - PSOE**, grazas presidente. Moi bos días a todos e a todas. Xa en principio vou a adiantar que o noso voto vai a ser a abstención. O compromiso coa igualdade de xénero do meu grupo é incuestionable. Miren, a primeira Lei orgánica 3/2017, Lei de igualdade efectiva entre homes e mulleres, a cal hai que recordar que foi aprobada por todos os grupos parlamentarios, a excepción do Partido Popular, esta Lei insta ás Administracións Públicas a ter un Plan para promover a igualdade de oportunidades; pero foron necesarios dezasete anos para que esta Deputación cumpra co mandato obrigatorio da Lei. Pero o primeiro Plan de Igualdade que hoxe nos presentan, confirma a pouca importancia que este grupo outorga ás políticas de igualdade. Presentan un Plan de Igualdade pouco ambicioso e pouco valente, baleiro de contidos, adicado só aos traballadores e traballadoras desta Casa. Parece máis unha medida de cara á galería, sen medidas concretas, sen orzamento. Vou poñer como exemplo, no eixe número tres fala de conciliación, de axudas económicas para coidado de fillos e fillas e de persoas dependentes; xa nos explicarán como van a levar isto a cabo sen partida orzamentaria. En referencia a vítimas de violencia de xénero, o único que di é: *apoiar a atención ás traballadoras vítimas de violencia de xénero da Deputación*. ¡faltaría máis!. E como actuación di: *difundir a todo o persoal os dereitos e medidas dirixidas ás vítimas de violencia de xénero*. ¿De verdade non creen que isto se queda moi curto nas medidas e accións? Miren, un Plan de Igualdade non só de trata de desenvolver parte das medidas que di a Lei, senón hai que melloralas. Isto vén a demostrar que a realidade non cambia por moito que teñamos Lei, xa que esta quédase no papel. Pero este Plan de Igualdade está en consonancia coa partida que adicaN a políticas de igualdade no orzamentos que acaban de aprobar vostedes, que é cero. A loita

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

pola desigualdade debe de ser de obrigación en todas as Administracións públicas porque as mulleres non nos atopamos con teitos de cristal, senón de formigón. Acaban de aprobar un orzamento para o ano 2018 no cal non inclúen ningunha partida orzamentaria adicada á colaboración cos concellos en materia de igualdade e fomento de oportunidades. Ningunha partida na que poñan en marcha iniciativas adicadas a atallar a violencia machista. Miren, son necesarias accións encamiñadas á colaboración cos concellos na elaboración e avaliación de Plans Municipais de Igualdade. A labor da Deputación é esa: axudar aos concellos de menos de 20.000 habitantes. Esta Deputación, dunha vez por todas, ten que incluír na súa folla de ruta igualdade e ten que implicarse con políticas de igualdade. Hai un lema dunha que campaña que é cada vez máis necesario: *sementa respecto, colleita igualdade*. Como xa adiantei, o noso voto vai a ser a abstención e voulle a recordar que tras de accións, estratexias en políticas de igualdade son necesarias; como tamén é necesario dotalas orzamentariamente, que é o que vamos a seguir reclamando dende o noso Grupo, que poñan en marcha medidas que vaian dirixidas aos concellos, a todos os veciños e veciñas. Antes de rematar a intervención, dicir que ao meu grupo lle gustaría participar na elaboración deste Plan, facer algún tipo de achegas. E que nos sorprendeu ler, na segunda folla do Plan de Igualdade, nos agradecementos, dicindo que: *agradecer a todo o persoal técnico e político da Deputación de Ourense que fixo posible elaborar o primeiro Plan de Igualdade de Oportunidade entre Homes e Mulleres*. O noso grupo non foi invitado a facer este Plan nin os outros grupos da oposición. Por agora, mada máis. Moitas grazas..

**D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa, do Grupo do Partido Popular**, moitas grazas presidente. Bos días a todos. En primeiro lugar felicitar ao presidente pola súa nova paternidade e lembrarlle ao señor Jácome que sempre di que nesta provincia baixa o nivel de habitantes, pois polo menos os deputados do Partido Popular desta Deputación colaboramos en que iso non sexa así; por iso lle digo que tome exemplo e a ver se vostede empeza a implicarse no que sempre vostede se está queixando. En canto ao primeiro Plan de Igualdade, logo lles vou a contestar un por un a todo o que acaban de dicir, en primeiro lugar quero agradecer ao presidente desta Deputación Provincial que fai case un ano, en novembro do ano dezaseis, cando estivemos aquí no debate do estado da provincia, transmitira a posta en marcha do primeiro Plan de Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres, Mulleres e Homes, desta Deputación Provincial. Esta foi a primeira pedra sen dúbida do que hoxe

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017**

podemos dicir que é un gran proxecto e, sobre todo, que é a realidade dun gran compromiso e dunha promesa deste grupo de goberno e deste presidente. Tamén non quería deixar de agradecer a técnicos e funcionarios: Paloma Domínguez, Montserrat Rodríguez, Paula Rodríguez, José Ángel Basalo e tamén a sindicatos: Ignacio Carbajal, Ivonne Vázquez, Miguel Cid, Margarita Pérez; e tamén aos meus compañeiros Jorge Pumar e Teresa Cerdeira. Agradecer a todos eles que sen o seu gran compromiso para este proxecto, a través dun equipo de traballo extraordinario que durante máis de seis meses levamos traballando a reo para que hoxe podamos aprobar aquí, por parte deste plenario, o primeiro Plan de Igualdade. Un equipo de traballo, unha Comisión de Igualdade que tivo unhas funcións de supervisar o deseño, liderar a implementación do mesmo, deliberar liñas de acción, avaliar a xestión e atender de seguido as cuestións e reclamacións que poidan xurdir. Un Plan de igualdade que ten un obxectivo primordial e ese obxectivo é a igualdade entre os homes e as mulleres do ámbito institucional a través de moitas medidas enfocadas á eliminación da discriminación por razón de sexo. A Deputación Provincial, con este grupo de goberno, ten un compromiso firme coa implicación de todas as áreas, de todos os servizos e de todos os negociados e seccións desta institución que vai ser absoluto e unánime. Como todos vostedes saben, que xa teñen no seu poder, pero vexo que non o leron detidamente, o Plan de Igualdade, con todas as accións, máis de corenta accións que vamos a levar a cabo durante os próximos catro anos, englobanse en catro eixes dos cales ía facer un pequeno resumo; pero vendo a valoración que vostedes fan do Plan de Igualdade, do primeiro Plan de Igualdade de Oportunidades vexo que o que realmente lles importa é vir a facer un teatro e non de falar da realidade e dos puntos importantes deste Plan de Igualdade. Señor Rodríguez Suárez, si, si hai un orzamento para levar a cabo distintas actividades e formacións que vamos a realizar durante os vindeiros catro anos. Dicir que este é un Plan que se vai ir a mellorar cada ano, vanse a incorporar actividades e vanse a incorporar distintas formacións. Eu creo que vostede, señor Rodríguez Suárez, teño que dicilo, espero que non lle sente mal, eu creo que vostede non se leu o Plan de Igualdade, as 48 páxinas non as leu, nin se leu cada unha das actuacións que vamos a facer. Vostede dixo que era un insulto, eu creo que o insulto é o seu discurso ao dicir que nós non estamos ao lado das vítimas e tamén dicir que vostede solo fala e solo conta ás mulleres; aquí tamén falamos de igualdade para os homes. Igualdade entre homes e mulleres. Porque vostede dinos que nos sentemos a falar coas feministas e ¿por que non nos podemos sentar a falar tamén cos homes que sofren tamén?

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

¿solo hai que falar coas mulleres, non podemos falar cos homes? porque é un Plan de Igualdade para ambos sexos. Vostede di que este Plan de Igualdade é un lavado de cara, pódolle dicir que non. Vostede di que é un Plan de Igualdade que vai a comezar no ano 2018 e da un dato erróneo; levamos máis de sete meses traballando neste Plan de Igualdade un montón de persoas, de funcionarios e de políticos que nos estamos dedicando a este tema. Democracia Ourensana, non lle ía dicir nada, pero simplemente lle vou dicir unha frase de Ernest Hemingway que di: *necesítanse dous anos para aprender a falar e sesenta para aprender a calar*. Por outra banda, Partido Socialista, vostede di que é incuestionable a súa posición contra a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, pero á vez vostede di que van a votar a abstención. Non van a estar ao carón deste grupo de goberno na aprobación de algo tan importante que é o primeiro Plan de Igualdade de Oportunidades. Se vostede cree que iso é estar ao carón da igualdade creo que é erróneo o seu posicionamento. Tamén di que o Plan de Igualdade é pouco ambicioso. Creo que xa dixen antes que é un Plan de Igualdade no que intentamos meter todo tipo de accións e entrar en todo tipo de ámbitos; pero si se van a facer reunións semestrais – e se fose necesario trimestrais - onde se vai ir adherindo moitas máis cousas ao Plan de Igualdade. É o primeiro Plan de Igualdade, polo tanto vai ser un Plan que se vaia a ir modificando, que se vai a ir ampliando para dentro de catro anos ser o referente das deputacións provinciais. Vostede di que nós non os queremos implicar en igualdade, Partido Socialista, eu creo que fai menos de doce meses, fai dez meses máis o menos, o presidente desta Deputación explicou aquí e puxo un compromiso enriba da mesa. Ese compromiso vaise facer realidade hoxe, unha pena, coa abstención dos votos da oposición. Xa valorará a xente como ve o seu posicionamento ante a igualdade entre homes e mulleres. De momento, nada máis.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, Moitas grazas, señor presidente. Anotei varias cousas aquí da intervención da señora Lama como portavoz, neste punto, da posición do grupo de goberno. En primeiro lugar, dicir que para nós, ou dende o noso punto de vista este é o Plan de Igualdade do Partido Popular. Vostedes chámanlle da Deputación, pero é que non contaron – como tamén xa se apuntou por aquí e como tamén dixen na primeira intervención - con ninguén á hora de redactalo; co cal, ao mellor, o teatro é precisamente traer estes plans que se fan de cara á galería e para cubrir ou intentar cubrir un expediente ou intentar tapar unhas vergoñas que veñen por outros motivos. Dixo que había un

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

orçamento, pois gustaríanos que nos aclarar en que partida vén recollido ou de que orzamento dispón, ou que dotación teñen previsto para desenvolver este Plan no orzamento do ano 2018. E despois outra cousa que si realmente é un insulto e que vostedes si tentan vender moi ben; porque eu cada vez que teño un debate destes vostedes aluden a esa cuestión que é falar que é un Plan de Igualdade para homes e mulleres que non discrimina aos homes; cando estamos, é dicir, vostedes intentan igualar dúas realidades que son absolutamente diferentes e que non teñen, dende logo, ningún punto de comparación. Igualar, intentar poñer ao mesmo nivel o tipo de discriminación, ou os problemas de violencia que poden sufrir as mulleres cos que poden sufrir os homes, que aínda que non son cero, non son inexistentes; dende logo comparados ao lado dos outros son absolutamente residuais en termos porcentuais. E simplemente, son datos do ano 2015, pero por desgraza, por desgraza, os do ano 2017, os do ano 2016 a este paso os dos vindeiros anos non van a diferir moito e non van a cambiar moito esta realidade. Galiza encabeza a taxa de feminicidios en 2015 con oito mulleres asasinadas. Dende logo, repito, o que nos parece un insulto é intentar comparar e igualar e poñer ao mesmo nivel estas dúas realidades. Nada máis, nós reiteramos que o noso voto vai ser o da abstención. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, Portavoz de Democracia Ourensana**, si, muchas gracias, yo, entonces Montse yo quiero, en lugar de felicitar al Partido Popular por las paternidades, es darle las gracias por su colaboración con este tema. En vez de dar la enhorabuena, dar las gracias por vuestra colaboración. Por cierto, me gustaría saber si tenéis algún sistema de esos para fomentar la natalidad, entonces avisadme que yo voy a esas reuniones que vayáis o historia; pero cosas serias, nada de orgías, ni movidas de esas, yo quiero una cosa bien hecha. Varios temas, has dicho todo el rato, estabas diciendo que este Plan, el que habéis trabajado y lo decías en primera persona, entonces yo ahí entiendo que te equivocaste porque tú estuviste seis meses de baja. Dime si es que estuviste trabajando al margen de la Ley, pero que yo sepa... Estuviste todo el rato diciendo: *estuvimos trabajando, hemos llevado a cabo*. Querrás decir el Partido Popular, no tú; porque tú, que yo sepa, estuviste seis meses de baja y te incorporaste hace poco. Un tema importante es lo que hablabas de la diferencia de que vosotros decíais que colaborabáis con el PP. Antes se decía que las cigüeñas traían un pan debajo del brazo, vosotros, los del PP, los niños que traéis ya traen un enchufe debajo del brazo. Esa es la diferencia. Las cigüeñas de hoy son así con el Partido Popular. El Plan de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

Igualdade que tenéis vosotros en el Partido Popular es que los que son del PP es más fácil que entren enchufados. Ese es realmente el único Plan de Igualdad que tenéis y todo lo demás es hipocresía. Ahora te quiero decir un dato muy importante Montse, tú antes achacabas al del Bloque que ni siquiera se había leído el Plan de Igualdad y dijiste las 48 páginas del Plan de Igualdad. Es cierto, dijiste ni siquiera te leíste las 48 páginas. No son 48 páginas, son 78. Hombre, lo tengo yo aquí, son 78 páginas, no son 48. La que no te lo leíste fuiste, ni te lo sabes eres tú. La que no te lo leíste y no te lo sabes eres tú. Y resulta que yo me lo leí. Si, me lo leí y, como además tengo memoria fotográfica, dime cualquier página y te la recito. Venga, dime cualquier página y te la recito ahora mismo. Ves que fácil es meter un farol, es facilísimo meter un farol. Pues nada, que no te leíste ni siquiera tú el Plan, que ni siquiera te sabías las páginas de él porque dijiste 48 y ni siquiera lo tienes ahí y nosotros si hemos hecho los deberes y lo hemos traído aquí.

**D. Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo do PSdG - PSOE**, grazas presidente. Mire, leccións de igualdade, de verdade que ningunha. Non lle podo permitir que lle dea leccións de igualdade ao meu grupo. Cada vez me confirma máis que isto é unha propaganda, é de cara á galería, porque sigo reiterando, é un Plan pouco ambicioso. Fala de orzamento, ¿onde vai o orzamento? ¿en que partida orzamentaria deste presuposto que acabamos de aprobar vai un orzamento adicado á igualdade? En ningún sitio. Ao mellor é que non a vimos, tamén cabe a posibilidade. E falar de igualdade positiva de cara aos homes actualmente, cando as mulleres que están sendo asasinadas, de verdade, corríxa iso, porque non pode ser. A realidade é que esta Deputación non impulsa ningún tipo de Plan de Igualdade de cara aos concellos. A realidade é que noutras Deputacións hai partida orzamentaria, accións e proxectos de cara á igualdade e nesta Deputación non; polo cal eu emprázolles a modificar ese tipo de servizos. Por favor, corríxa ese tipo de feitos que acaba de dicir, porque me parecen moi graves; de falar de igualdade de cara aos homes, cando hai mulleres que están sendo asasinadas.

**D.ª Montserrat Lama Nóvoa, do Grupo Popular**, moitas grazas. Aquí creo que temos un problema de entendemento. Estamos a falar dun Plan de Igualdade de Oportunidades no traballo, non estamos falando de violencia machista ou de asasinatos. Entón, está moi ben, de cara á galería, querer vir a vender ese tema que a todos nos preocupa, por suposto, a min a primeira; pero estamos falando do Plan de Oportunidades de traballo entre homes e mulleres

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017**

dentro da Deputación Provincial de Ourense, polo tanto, agradeceríalle que non puxera na miña boca palabras que eu non digo. Si que vai a haber un orzamento para levar a cabo accións formativas, repito. Linme, loxicamente, porque son a presidenta da Comisión e aínda que estivera de baixa por maternidade na miña casa e no meu tempo libre podo facer o que me veña en gana, señor Jácome; polo tanto non creo que teña que meterse vostede neses temas porque non lle incumben. E iso é discriminación, por outra banda, está aquí recalcando o meu compañeiro que ten toda a razón. E non estou poñendo enriba da mesa, señor Rodríguez Suárez, ao mesmo nivel o tema dos homes e o tema das mulleres, non, eu digo que tamén hai que poñelo enriba da mesa o tema dos homes, no tema de oportunidade laboral. Ninguén está discriminando nin as mulleres, nin aos homes; polo tanto por algo estamos facendo este primeiro Plan de Igualdade. Entón lle repito, non volvan a poñer na miña boca palabras que eu non digo e non mezclen temas. Por outra banda, Partido Socialista, di vostede que non lles de leccións de igualdade, eu non lle vou a dar leccións de igualdade nin de nada a ninguén nesta vida, cada un ten o seu propio criterio e a súa maneira de ver e de facer as cousas, pero eu falo da realidade. Vostede di que está ao carón da igualdade, pero por outra banda vostede non vai a votar a favor este Plan de Igualdade. Vou a destacar tres puntos, xa para rematar este tema porque está visto que o que non importa son as accións que vamos a levar a cabo; porque ninguén dos grupos da oposición foi capaz de ler e estudar cada unha das accións que vamos a levar a cabo e poñelas aquí, riba da mesa e negociar a través delas. Podo dicirlles que vamos a formar sobre a sensibilización, sobre a igualdade de oportunidades a todos os traballadores desta Deputación Provincial. Podo dicir que imos a promover a participación de mulleres en accións formativas correspondentes a postos masculinizados e viceversa. Tamén lle podo dicir que vamos a establecer un sistema regular e formal de recollida de información sobre as necesidades de conciliación familiar na Deputación Provincial de Ourense. Tamén lles podo dicir que imos a facer unha difusión, a todo o persoal, dos dereitos e das medidas de protección dirixidas aos traballadores e traballadoras vítimas da violencia de xénero. Para rematar, solo quero que deste debate se saquen tres cousas moi claras e é que esta Deputación Provincial e este grupo de goberno quere favorecer a igualdade entre mulleres e homes, igualdade de oportunidades de traballo nesta Deputación. Vamos a seguir traballando continuo por parte da comisión de traballo, do equipo de traballo que leva feito un traballo extraordinario; tanto os sindicatos como os políticos, os funcionarios e os técnicos desta

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

Deputación. Todo o demais que vostedes viñeron hoxe aquí a relatarnos é un mero teatro, unha obra de teatro que podíamos titular *Trancas e Barrancas* e de seguro que esta obra tería moito éxito no Teatro Principal, pero non nunha institución seria e responsable como é esta Deputación Provincial, como é este equipo de goberno que si se toma en serio a igualdade, cousa que vostedes queda máis que demostrado que non. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e a abstención do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2017-2021 da Deputación Provincial de Ourense, conforme co texto proposto pola Comisión de Igualdade en data 19 de xullo de 2017.

2º.- Ordenar a súa publicación na sede electrónica da Deputación.

**11º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Igualdade, Benestar e Emprego.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**, moitas grazas señor presidente. Só vou deixar ao fío do punto anterior, aínda que normalmente non me gusta abrir debates, pero unha pregunta no aire: o BNG ten denunciado casos de acosos laboral nesta Deputación, gustaríame saber ¿que fixeron vostedes? Indo ao punto en concreto da aprobación inicial da modificación da Ordenanza reguladora do servizo de teleasistencia domiciliaria, no que levamos de ano hai, segundo os datos dos Decretos, 269 persoas que se levan reincorporado ao servizo de teleasistencia desta Deputación. Resulta máis difícil saber cantas persoas se teñen dado de baixa, polo que non estaría de máis que, ao igual que se pon unha relación dos que se dan de alta, figuren tamén as persoas que se dan de baixa mensualmente para non ter que ir con lupa mirando os decretos que nos pasan antes dos Plenos. Polo datos que nós temos nestes



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

momentos, hai en torno a 1.500 persoas de alta no servizo, sería bo que se fixera, por parte dos servizos de igualdade desta Casa, un traballo ao respecto de cal é o tempo medio de permanencia, cal é o perfil medio do usuario ou usuaria, cales son as incidencias máis habituais, cal é o grao de uso do dispositivos, etc... seguramente estes datos axudarían a entender mellor esta cuestión. Entre as modificacións hai un tema que nos xera algunha dúbida, é o que se refire no apartado 1.c) do artigo 4 que queda redactado do seguinte xeito: *ter unha liña telefónica compatible coas características dos dispositivos de teleasistencia e ter subministración eléctrica*. A nosa pregunta, ou suxestión, é ¿que pasa con aquelas persoas que por diversos motivos se lle corte o subministro ou non poidan facer fronte tanto ao que é o subministro eléctrico, como a esa liña telefónica? Entendemos que a o mellor debería haber algún tipo de medida ou de previsión nesta ordenanza que contemplara estes casos. O noso voto, en principio, vai a ser o da abstención. Nada máis moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana**, si, que me aclaren aquí, por favor, el Partido Popular, si acaso no es verdad que este servicio se ofrece mucho a la picaresca porque no se puede controlar. Si en principio es para cierto tipo de personas que están en ciertos concellos, sin embargo en tema de teleasistencia esta movilidad se suele variar entonces hai muchísima gente; en Orense ciudad no se ofrece este servicio y hay gente que sin embargo sí lo recibe desde Orense ciudad, porque vive en Orense aunque no debería. Entonces, claro, mucha gente queda discriminada que tendría opción a él y viceversa. Por otro lado, decir que hay muchas diputaciones y provincias del mismo tamaño y población que la provincia de Orense y tienen una partida muy superior. Ustedes aquí han destinado 250.000 € - de hecho viene en los presupuestos - corríjanme si no es verdad que hay 250.000 € destinados a esta teleasistencia. Entonces, nos parece una cantidad que, en comparación con la que utilizan en otras muchas provincias, se queda corta. Pero es curioso, porque esta misma cantidad, 250.000 €, como he dicho antes, en la prensa se gasta seis veces más, lo que se le da a El Correo Gallego para que ese hombre tenga publicidad, simplemente publicidad y se haga promoción para sus amigos colegas de Santiago, se gasta casi lo mismo, 250.000 € al año, le está regalando a El Correo Gallego – encima a un periódico cuyos empleados no son de Ourense, que por lo menos lo otro todo queda en casa - le da 200.000 euros al Correo Gallego lo mismo que esta asistencia que es un servicio vital. Explícame cómo te puedes quedar corto en este dinero, 250.000 €, en comparación

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

con outras Diputacións y, sin embargo, es lo mismo que gastas en darle al Correo Gallego. Me parece realmente vergonzoso.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSdG - PSOE**, nada, apenas para dicir que nós vamos a apoiar, co noso voto a favor, esta modificación da ordenanza porque consideramos que mellórase bastante a súa regulación.

**D.<sup>a</sup> María Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular**, bos días a todas e a todos. Un pouco para introducir, xa todos saben o que é a teleasistencia e como funciona a teleasistencia da Deputación, dicir que é un servizo totalmente gratuíto, se non é gratuíto non é da Deputación de Ourense, que atendeu durante o ano 2016 a máis de 1.700 persoas; a maior parte das persoas atendidas son mulleres de 80 anos, si temos ese dato porque se fixo unha enquisa a finais do ano 2016 e si temos perfectamente definido cal é o perfil de persoa usuaria de servizos sociais; isto un pouco a colación do que di o portavoz do BNG, entón no momento en que vostedes queiran consultar estes datos, non vai haber problema, a Área de Benestar ten coñecemento exacto do perfil de persoa usuaria. Na actualidade non hai lista de espera e o tempo máximo de resolución dunha solicitude é sobre 45 días. A modificación da Ordenanza - como xa se dixo en Comisión - vén dada, por unha parte, pola adaptación da Ordenanza á Lei 39/2015 do 1 de outubro e, por outro lado, polo afán desta Deputación de que nos catro anos que levamos aplicando a Ordenanza anterior, que data do 2013, fóronse observando uns aspectos que se poden pulir e mellorar. Todos eses aspectos vounos a enunciar un pouco por arriba: a ampliación da prestación do servizo coa posibilidade de incluír a teleasistencia móbil ou tamén aumentar as comunicacións cos usuarios. Víñanse facendo periodicamente comunicacións tanto de seguimento, como no caso de que houbera algunha emerxencia; entón agora amplíase incluíndo tamén as comunicacións de axenda, de tal maneira que as persoas maiores, usuarias ou que teñan algunha enfermidade váiselle comunicar as citas médicas, control de medicamentos, etc... Outra modificación desta ordenanza, que é bastante interesante, é que a persoa usuaria, calquera persoa da provincia de Ourense que viva en concellos de menos de 20.000 habitantes, vai ter dereito a teleasistencia independentemente de que o concello estea adherido ou non. Un pouco introducindo o tema da picaresca ou non, imos a ver, a Deputación vai a ter un control – como xa o vén tendo - mediante visitas e os concellos que estean adheridos a este servizo os seus servizos sociais van a ter que facer informes

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017**

habitualmente, co cal eles sabe ben onde residen os seus habitantes; tamén a Deputación vai a facer os seus informes e tamén a empresa adxudicataria sabe exactamente onde están os usuarios vivindo. Outra das modificacións que regula o procedemento é o modelo de solicitude que vai a ser telemática e vai a ser moi simple, simplifícase moitísimo; vana poder facer o usuario, o solicitante ou a solicitante, unha persoa representante ou senón os servizos sociais dos concellos ou os funcionarios da Deputación de Ourense. Esta solicitude, como digo, simplifícase moitísimo, só teñen que presentar un informe médico. Tamén se simplifica, no caso de que os concellos se adhiran, os funcionarios dos servizos sociais teñen que facer un informe, pero este informe antes era bastante farragoso, é o que se chama informe social unificado, bastante largo e farragoso; entón tamén se simplifica bastante todo isto atendendo á rapidez do procedemento. Isto é bo tanto para os funcionarios da Deputación que teñen que valorar estes informes como para os funcionarios municipais que teñen que elaboralos. Tamén se regula a ficha electrónica única de teleasistencia, vinculada a cada usuario, é moi útil porque contén toda a información ao longo das actuacións que se levan a cabo con cada usuario de teleasistencia e, ademais, vai coa persoa usuaria; aínda que cambie de domicilio a Deputación é quen fai o traslado desa ficha electrónica que vai ser manipulada, única e exclusivamente, polos servizos sociais do Concello e da Deputación. Modifícase tamén o período de suspensión por perda dos requisitos, que antes era de dous meses e agora pasa a ser dun. A razón da modificación é para un uso responsable do servizo, e que queden recursos liberados en caso de que houbera lista de espera, que non a hai, se a houbera quedarían recursos liberados para outras persoas que puideran ser potencialmente usuarias do servizo. Outras das modificacións, isto xa se viña realizando, cando a persoa cambie de domicilio lóxicamente teno que modificar. Incorporación dunha nova obriga para as persoas beneficiarias do servizo imos a obrígalas, dalgunha maneira, a que nos faciliten un contacto dunha persoa que teña unha chave do seu domicilio porque, ante unha emerxencia, ás veces hai que chamar a Protección Civil, á Policía Local e sobre todo trátase de axilizar, rapidez e evitar ao mellor derrubes de portas etc... Logo, toda a documentación da adhesión dos concellos e mancomunidades terá que se adaptar a Lei 39/2015 do 1 de outubro. Obrígase, como xa dixen antes, aos concellos adheridos a que realicen informes periódicos, entón ese é o motivo polo que sempre vai a haber un control sobre as persoas usuarias. Introdúcese unha disposición adicional

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

transitoria de ratificación para aqueles concellos que xa estaban adheridos. En canto ao orzamento, é un orzamento que é o que se vén gastando, dalgunha maneira, nos últimos anos; ningunha persoa vai a quedar fóra por cuestión de orzamento. Entendemos que ese orzamento vai sobrado, pero si fixera falta sempre se pode facer unha modificación de créditos. Ningunha persoa da provincia de Ourense, de ningún concello vaia a quedar fóra do servizo da teleasistencia gratuíto da Deputación. Isto que quede claro. Moitas grazas a todos.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, moitas grazas señor presidente. Simplemente facer dúas preguntas, se nolo poden aclarar, teño dúas dúbidas que me xorden. A primeira é se a teleasistencia vai a continuar a ser xestionada pola empresa que a leva actualmente – Eulen - porque parece que houbera algún tipo de problema na adxudicación que se fixera no seu día cunha impugnación e despois a empresa tivo que volver a presentar unha oferta na que rebaixou substancialmente o prezo inicial, e iso parece ser que provocou algunhas críticas, por dicilo suavemente. En segundo lugar, tamén preguntarlle, ou se nos pode aclarar, se teñen detectado algún caso de duplicidade na prestación do servizo, dalgún beneficiario que está recibindo servizo tanto por parte da Xunta como por parte da Deputación, porque parece ser que hai algún caso deses. Isto non sei se o teñen detectado. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana**, Si, no me has respondido al tema de, es que todo el dinero hace falta realmente y vuelvo explicar porqué y por qué gastáis en el Correo Gallego 200.000 € y aquí solo dedicáis 150.000€. Un dinero, el del Correo Gallego, que también se podía dedicar para libros ahora que empieza el curso escolar, para familias necesitadas para comprar material escolar. Un tema importante, ha comentado aquí la diputada del Partido Popular que para hacer este servicio tienen que hacer asistencia telemática, por internet, que ustedes asesoran y todo eso; pero la pregunta es personas ancianas que no tengan ese servicio de acceso a internet tienen problemas para hacer este tema, pues cómo sería el tema. En cualquier caso, explícame eso, pero sobre todo lo que importa aquí es lo que subyace de fondo; estás esperando a que ciertas personas necesitadas den el paso y hagan esa solicitud, pidan esa ayuda y esa asistencia cuando debería ser un tema en que vosotros deberíais ir allí, ahí si que interesa hacer publicidad y promocionar que existe ese servicio. Yo aquí lo quiero

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

comparar con outro tema, para carretar votos cuando son las elecciones, para pillar votos para el Partido Popular, no esperáis a que la gente os haga la solicitud, sois vosotros los que vais a buscarlos y le dais todas las facilidades del mundo para que voten al PP; llegáis incluso a cometer ilegalidades, para carretar votos ben que colledes aos velliños, metédelos no coche e levádelos ás urnas. Oye, porque non facedes o mesmo para que xente faga a solicitude e habería moita máis xente con este servizo dos que hai, porque hai realmente poucos dos que podería haber. Facede o mesmo que cando acarrexades votos para que haxa moitos máis usuarios deste servizo.

**D.<sup>a</sup> María Teresa Cerdeira Valiñas, portavoz do Grupo Popular,** vale, moitas garzas. A teleasistencia é un servizo moi importante na provincia de Ourense tendo en conta o envellecemento da poboación así como a dispersión xeográfica. Este é un recurso que lle dá seguridade e tranquilidade ás persoas que o usan, e isto dito por eles, porque se lle fai seguimento e avaliacións, como xa dixen antes, no momento que se lle fan as enquisas as persoas usuarias están moi satisfeitas con este servizo, o cal é moi gratificante e nos anima a seguir traballando por este servizo para que todas as veciñas e os veciños da provincia estean cubertos. Nada máis e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º) Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 137, do 15 de xuño de 2013) nos termos seguintes:**

A) Modifícase o artigo 2.1, engadindo ao parágrafo 2º o texto seguinte: “(...) e/ou servizo de teleasistencia móbil dentro e fóra do seu domicilio”.

B) No artigo 2.3 engádese un novo punto c), co seguinte texto:

c) *De axenda: cada persoa usuaria dada de alta no servizo terá asignada unha axenda individual, conforme á que recibirá chamadas de aviso dende a central de atención, relativas a revisións médicas, control de medicamentos, avisos ante situacións que poidan comprometer o seu benestar e outras informacións dispoñibles de importancia*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

*para o usuario.*

C) Introdúcese un novo punto 4 no artigo 2, co seguinte texto:

*Aos efectos desta Ordenanza entenderase que o domicilio é o fogar actual da persoa usuaria do servizo.*

D) Modifícase a redacción do apartado 1.c) do artigo 4, quedando redactado do seguinte xeito:

*c) Ter unha liña telefónica compatible coas características dos dispositivos de teleasistencia, e ter subministración eléctrica.*

E) Modifícase o punto f) do artigo 4.1, quedando redactado como segue:

*f) Estar empadroado nun concello da provincia de Ourense de poboación inferior a 20.000 habitantes”.*

F) Modifícase o artigo 8, que queda redactado da forma que sigue:

**“Artigo 8. Solicitude da persoa usuaria.**

*1. O procedemento para o acceso ó servizo de teleasistencia no fogar iniciarase a instancia de parte. Os cidadáns que desexen acceder ao servizo poderán solicitalo a través dalgunha das seguintes vías:*

*a) A través dos servizos sociais do concello onde figure empadroado, coa asistencia do persoal da oficina municipal ou da mancomunidade correspondente, nos casos en que o concello ou mancomunidade estean adheridos ao servizo.*

*b) Directamente a través da Área de Benestar da Deputación Provincial de Ourense.*

*En todos os casos, a solicitude realizarase electronicamente, tramitándose a través do Rexistro Electrónico da Deputación de Ourense, ao abeiro do establecido no artigo 14.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ao atoparse plenamente garantido o acceso e dispoñibilidade dos interesados aos medios electrónicos segundo o previsto no parágrafo seguinte.*

*2. As persoas interesadas e os seus representantes estarán obrigados a relacionarse electronicamente coa Deputación de Ourense exclusivamente para o trámite da solicitude de alta no servizo de teleasistencia no fogar. O resto de actos dos usuarios en procedementos relacionados co servizo poderán realizarse electronicamente ou en papel.*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

3. A *solicitud electrónica* poderá levarse a cabo por calquera dos seguintes medios:

a) *Pola propia persoa solicitante, ou o seu representante. Para estes efectos, poderá empregarse dos seguintes sistemas de identificación electrónica:*

- *Mediante o sistema de sinatura electrónica previsto no artigo 9.2.a) da Lei 39/2015 de 1 de outubro.*

- *Mediante sistemas de identificación que contén cun rexistro previo como usuario que permita garantir a súa identidade. A tal efecto, a Presidencia da Deputación establecerá os sistemas concretos admisibles.*

b) *Por funcionarios dos concellos e mancomunidades adheridos ao servizo ou da Área de Benestar da Deputación de Ourense, autorizados pola persoa interesada para realizar a solicitude no seu nome, ao abeiro do previsto no artigo 4.1 da ordenanza reguladora do acceso electrónico dos cidadán aos servizos provinciais. A autorización outorgarase de xeito presencial ante o funcionario correspondente, previa a identificación do solicitante mediante o seu DNI ou documento equivalente. A autorización incorporarase ao expediente electrónico mediante a súa dixitalización.*

4. A *solicitud* acompañarase obrigatoriamente da seguinte documentación:

- *Informe médico, emitido polo médico do servizo público de saúde, ou o que corresponda no caso no que a persoa solicitante sexa beneficiario dunha mutualidade do sistema de clases pasivas, segundo formulario normalizado.*

- *Copia da tarxeta de asistencia sanitaria,*

- *Documentación acreditativa da situación da solicitude de recoñecemento da situación de dependencia da persoa solicitante ante a Xunta de Galicia.*

*A presentación da solicitude implica a autorización á Deputación para a obtención dos documentos sinalados, agás manifestación expresa en contrario do interesado. A aplicación informática permitirá ao solicitante denegar a autorización á Deputación de Ourense para a consulta dos datos anteriormente indicados.*

*Os interesados non terán a obriga de achegar esta documentación, agás nos seguintes casos:*

a) *Cando o propio interesado denegue expresamente a autorización á Deputación para obtela electronicamente ou mediante consulta nas plataformas de intermediación*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

*electrónica de datos das administracións públicas. Neste caso, a documentación deberá achegarse coa solicitude polo interesado. O sistema requirirá automaticamente a emenda das deficiencias.*

*b) Cando non sexa posible materialmente obtela por parte da Deputación, ao non atoparse dispoñible a dita información por parte do resto de administracións públicas. Nestes casos, a Deputación requirirá aos interesados, por escrito, a documentación necesaria, concedéndolles un prazo de dez días hábiles para o efecto.*

G) Dáse nova redacción ao artigo 9, que queda redactado do seguinte xeito:

*Unha vez recibida a solicitude, a Deputación de Ourense solicitará dos servizos sociais do concello onde estea empadroado o solicitante a emisión de informe relativo aos datos relevantes para a valoración da solicitude conforme ao baremo socio -sanitario recollido no anexo da presente Ordenanza. O informe deberá emitirse en formato normalizado, no prazo de dez días hábiles. Transcorrido o dito prazo sen que se teña achegado o documento, o informe social será elaborado polos propios servizos da Deputación, continuándose o procedemento coa valoración da solicitude regulada no artigo seguinte.*

*Cando o interesado realice a solicitude a través dos servizos sociais municipais, o informe deberá achegarse coa solicitude.*

H) Modifícase o parágrafo 2º do artigo 10.4, que queda redactado da forma que sigue:

*A resolución da Presidencia non será obxecto de notificación individual, que será substituída pola súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

I) Incorpórase un novo artigo 10 bis, co seguinte contido:

*Artigo 10 bis - Ficha Electrónica Única de Teleasistencia.*

*A situación de alta determinará a creación da ficha electrónica única do usuario do servizo, consistindo nun documento electrónico que recollerá toda a información relevante do usuario para a prestación do servizo, que será obxecto de actualización permanente.*

*A ficha electrónica única será accesible para os servizos sociais de referencia de cada persoa usuaria, sexan os municipais do seu concello ou mancomunidade, cando estes*



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

*se topen adheridos ao servizo, ou a Área de Benestar da Deputación no resto de casos en que así proceda. Nos supostos de traslado de domicilio do usuario a Área de Benestar realizará automaticamente o traslado da ficha electrónica, que pasará a ser accesible polos servizos sociais do novo municipio de residencia deixando de estar accesible para os do municipio de procedencia.*

*A ficha electrónica poderá ser consultada electronicamente polo usuario.*

*Serán de aplicación á ficha electrónica as normas de protección establecidas na lexislación de protección de datos.*

**K) Dáse nova redacción ao artigo 12, da forma que segue:**

*Artigo 12. Suspensión Temporal do Servizo.*

*1. A prestación do servizo poderá suspenderse temporalmente nos casos seguintes:*

*a) Cando a persoa usuaria se ausente do seu domicilio de forma continuada durante un tempo superior a un mes.*

*b) Cando a persoa usuaria perda, temporalmente, algún dos requisitos de acceso ó servizo de teleasistencia por tempo superior a un mes.*

*Estas situacións deberán comunicarse á Deputación Provincial de Ourense, e darán lugar á suspensión temporal do servizo de teleasistencia no fogar por un prazo máximo de tres meses; no caso de superarse este prazo, extinguirase o servizo. Excepcionalmente, baixo petición motivada dos servizos sociais de referencia do usuario, poderá prorrogarse esta suspensión tres meses máis, ata un máximo total de seis meses.*

*A suspensión levantarase unha vez se comunique á Deputación a finalización da causa da situación de suspensión temporal.*

*Tanto a declaración de suspensión temporal como o seu levantamento se establecerán mensualmente por resolución da Presidencia. A suspensión e o seu levantamento serán efectivos o primeiro día natural do mes seguinte ao da resolución.*

**L) Modifícase o artigo 13, quedando redactado do modo seguinte:**

*Artigo 13. Extinción da prestación do servizo.*

*1. A extinción da prestación do servizo producirase nos seguintes supostos:*

*a) Por defunción da persoa usuaria.*

*b) Por petición expresa da persoa usuaria.*

*c) Pola perda, por tempo superior a tres meses, ou de seis meses naqueles casos de*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

*prórroga excepcional da suspensión, dalgún dos requisitos para poder obter a consideración de usuario/a do servizo.*

*d) Por inadecuado uso do servizo.*

*e) Por inadecuada manipulación ou incorrecta conservación do equipo individual asignado.*

*f) Por ingreso nun centro residencial.*

*g) Por ausencia do domicilio por tempo superior a un mes sen que conste comunicación de tal circunstancia.*

*h) Por traslado de domicilio a outro concello sen que se teña comunicado o cambio de domicilio*

*i) Por incumprimento dalgunha das obrigas previstas para as persoas usuarias e recollidas no artigo 14 desta ordenanza .*

*k) Por vencemento do prazo máximo de suspensión temporal concedida sen que conste comunicación da conclusión das circunstancias que provocaron a dita suspensión temporal.*

*l) Por non ser posible a instalación do dispositivo móbil de teleasistencia nun prazo máximo de dous meses a usuarios/as con resolución de alta por causas unicamente imputables a persoa usuaria.*

*ll) Por constar que a persoa titular do servizo non conserva as condicións físicas, psíquicas e/ou sensoriais que se precisan para ser titular do servizo.*

*2. A Deputación de Ourense, directamente, a través dos informes dos servizos sociais de referencia, ou a través dos seguimentos periódicos realizado pola entidade que preste o servizo, efectuará comprobacións e revisións da situación das persoas usuarias da prestación do servizo. Se, como consecuencia de tales comprobacións se deduce que as persoas usuarias incorren nalgunha das causas de extinción do servizo, procederase á súa declaración de oficio.*

*3. A extinción acordarase a pedimento da persoa usuaria no suposto previsto no apartado b), e de oficio no resto dos casos.*

*4. A solicitude de extinción poderá presentarse d forma electrónica ou en papel polo usuario, en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

5. *Agás nos supostos recollidos no apartado a), a extinción de oficio da prestación do servizo esixirá a tramitación previa de expediente contradictorio con audiencia da persoa interesada.*

6. *Cando se produza a extinción do servizo do usuario directo, os demais usuarios que convivan no mesmo domicilio causarán tamén baixa, agás naqueles casos en que existe un co-usuario directo. Neste suposto, previa solicitude do usuario e informe dos servizos sociais de referencia, autorizarase que o co-titular pase a ser titular sempre que cumpra as condicións para isto.*

7. *A declaración de baixa será establecida mensualmente a través de resolución da Presidencia. As baixas serán efectivas o primeiro día natural do mes seguinte ao da resolución.*

LL) *Incorpórase un novo artigo 13 bis, co seguinte contido:*

*Artigo 13 bis. Procedemento de cambio de domicilio.*

*O usuario poderá comunicar o cambio de domicilio a outro municipio da provincia de Ourense de poboación menor de 20.000 habitantes.*

*Recibida a comunicación, a Deputación dará traslado da ficha electrónica única do usuario aos novos servizos sociais de referencia, que serán os do novo municipio de residencia, sempre que o concello ou mancomunidade correspondente estean adheridos ao servizo ou, no seu defecto, a Area de Benestar da Deputación.*

M) *Engádese un apartado i) ao artigo 14, co seguinte texto:*

*i) Facilitar á entidade que preste o servizo os datos de localización de, cando menos, unha persoa de referencia que teña que teña chaves da súa vivenda para situación de urxencia que aconsellen o seu uso.*

N) *Dáse nova redacción ao artigo 15, quedando redactado como segue:*

*Artigo 15. Adhesión dos concellos e mancomunidades ao servizo.*

*1. Os concellos e mancomunidades interesados en participar no servizo de teleasistencia da Deputación comunicarán a súa adhesión á Deputación de Ourense, mediante resolución da alcaldía ou presidencia (ou órgano delegado, de se-lo caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos na presente ordenanza. A Deputación de Ourense facilitará na súa sede electrónica un modelo normalizado para a adhesión, que deberá presentarse en documento electrónico ante o*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

*Rexistro electrónico da Deputación. A adhesión entenderase automaticamente concedida pola mera presentación do documento electrónico normalizado de adhesión.*

*Aos concellos e mancomunidades adheridos se lles facilitará unha clave de acceso á plataforma informática de teleasistencia para a xestión do servizo.*

Ñ) Engádese un apartado g) ao artigo 16, co seguinte contido:

*g) Realizar os informes sociais de seguimento que solicite a Deputación de Ourense no que se fará constar si os usuarios do servizo seguen cumprindo os requisitos do seu recoñecemento inicial como persoas usuarias. Estes informes serán emitidos, como mínimo, de forma anual.*

O) Suprímese o contido das disposicións transitorias da actual ordenanza, e incorpórase unha nova disposición transitoria única co contido seguinte:

*Disposición Transitoria*

*Os concellos e mancomunidades que na data de entrada en vigor da presente ordenanza xa estivesen adheridos ao servizo de teleasistencia domiciliaria terán un prazo dun mes para ratificar a súa adhesión, mediante documento electrónico normalizado que estará dispoñible na sede electrónica.*

*No caso de que non ratifiquen a súa adhesión en prazo, entenderase que desisten da súa anterior adhesión.*

**2º) Someter a información pública e audiencia dos interesados o texto inicialmente aprobado, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia da Deputación Provincial, durante o prazo de trinta días hábiles. Durante o dito prazo, as persoas e entidades interesadas poderán formular as alegacións e suxestións que consideren oportunas, que serán obxecto de resolución expresa por parte do Pleno da Deputación. En caso de non formularse alegacións ou suxestións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.**

**Unha vez aprobada definitivamente a modificación da ordenanza, deberá procederse á publicación do seu texto íntegro e consolidado no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia da Deputación.**

**12º.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO INTERMUNICIPAL DE RECOLLIDA DE RESIDUOS URBANOS**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**, moitas grazas señor presidente. Simplemente anunciar o que é o noso voto nese punto do orde do día que vai a ser a abstención. Moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana**, nós tamén nos absteremos. Consideramos que foi moi positiva e moi esclarecedora a reunión que se tivo no verán cun funcionario de medio ambiente e á que tamén asistiron algúns alcaldes. Nada máis, absterémonos neste punto. Moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSdG - PSOE**, grazas. Nós anunciar o noso voto a favor, consideramos un paso necesario que se sistematice, que se regule, que se poña negro sobre branco ó que maioritariamente xa se viña facendo de seu. Parécenos que é a porta á seguridade xurídica, que é un paso máis nese sentido. Reiterar, iso si tamén, aproveitando esta circunstancia a demanda que xa temos manifestado en abondosas veces de que se manteña a xestión directa da prestación deste servizo. Nada máis.

**D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular**, moitas grazas señor presidente. Esta Ordenanza, que aquí lle presentamos, responde á necesidade de plasmar nun documento o que de facto se vén realizando dende fai anos na Deputación. Este é un paso para modernizar o servizo que fará que este sexa o máis eficaz e o máis eficiente posible. Tal e como lle expoñemos na exposición de motivos, a presente ordenanza é un regulamento deste servizo, non unha ordenanza fiscal, dígoo para aclaralo e ademais xa o pon aquí perfectamente, na que se regulan os dereitos e obrigas existentes entre os administrados e a administración que prestan os servizos de recollida de residuos sólidos urbanos e ten por obxecto e regulamento, no ámbito das competencias municipais delegadas da Deputación Provincial de Ourense, de todas aquelas condutas e actividades dirixidas ao depósito e recollida de residuos municipais, respectando o principio de xerarquía con obxecto de conseguir o mellor resultado ambiental global, mitigando os impactos adversos sobre a saúde humana e o medio ambiente. Regula aspectos parciais de materia de residuos xa que unicamente fai referencia aos residuos sólidos urbanos ou municipais e non ten impacto significativo na actividade económica nin impón obrigas relevantes aos contribuíntes. Tal e como saben vostedes, o 10 de marzo do ano 2017

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

entregouse aos concellos adheridos o borrador desta Ordenanza para que aportaran aquelas suxestións e achegas adicionais que consideraran oportunas; non presentaron ningunha. Tamén, como dicía neste caso o representante, neste caso, de Democracia Orensana, tivemos unha Comisión do lixo onde tamén se falou deste tema. As posibles suxestións do resto da cidadanía incorporaranse, de ser o caso, no trámite de información pública trala aprobación inicial cumprindo cos trámites e cos principios de transparencia establecidos nas diferentes Leis. Dicirlles, brevemente, que a presente Ordenanza inclúe a ordenación do servizo, definindo o seu réxime xurídico e as prestacións que comprende, para darlle seguridade xurídica ao servizo, os dereitos e obrigas dos cidadáns en relación con el e o réxime sancionador aplicable en materia de residuos urbanos. Como xa dixen antes, este é un paso para modernizar o servizo. Resumindo e para rematar, esta ordenanza o que fai é plasmar nun documento o que de facto xa se está a facer; despois virá o plan de residuos que concretará moitos aspectos aquí reflexados, pero evidentemente non concretados, e adaptado ás necesidades tecnolóxicas e de mellora do servizo que sen dúbida no futuro chegarán. Sen máis, polo de agora nada. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º.- Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora do servizo intermunicipal delegado de recollida de residuos urbanos, da Deputación Provincial de Ourense conforme co seguinte texto:**

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I. A Constitución española reconece no seu artigo 45 o dereito de todos os españois a gozar dun medio ambiente adecuado para a persoa e establece o correlativo deber de conservalo. Este mandato desenvólvese hoxe no ámbito estatal, entre outras normas, pola Lei 22/2011, de 28 de xuño de residuos e solos contaminados que traspón a Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 19 de novembro de 2008 sobre os

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

residuos e polo Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación.

II. No ámbito autonómico, a Lei 1/1995 de 2 de xaneiro de protección ambiental de Galicia e a Lei 10/1997, do 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia estableceron o sistema normativo que configurou o sistema de defensa, protección, conservación e restauración do medio ambiente e aseguraba a utilización racional de recursos de Galicia co obxectivo de mellorar a calidade de vida da cidadanía, obter un alto nivel de protección do medio ambiente e establecer mecanismos necesarios para garantir que a xestión dos residuos se efectúase sen por en perigo a saúde das persoas nin prexudicar ao medio ambiente. Actualmente a normativa ven recollida na Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia que regula a produción e xestión de residuos tanto urbanos como os xerados polas actividades industriais e comercial e fomenta a redución, reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización.

III. As entidades locais son competentes para a xestión dos residuos urbanos (artigo 5 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia) debendo prestar por si sos ou asociados os servizos derivados da xestión dos residuos urbanos ou municipais na forma que se estableza nas ordenanzas. A xestión do servizo público de recollida, transporte, valorización e eliminación de residuos urbanos ou municipais poderá ser desenvolvida de forma directa ou indirecta.

Entre as competencias propias das deputacións provinciais está a de asumir a prestación dos servizos de tratamento de residuos en municipios de menos de 5.000 habitantes cando estes non procedan á súa prestación así como a coordinación da prestación unificada de servizos dos municipios do seu respectivo ámbito territorial (artigo 36.1.c) da LRBRL).

Neste sentido o Pleno da Deputación Provincial de Ourense aprobou na sesión ordinaria do 28 de decembro de 2012 o Convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación, por parte da Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos nos municipios que se adhiran (BOP 4 de xaneiro de 2013). Neste momento son cincuenta os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia adheridos. Nos ámbitos territoriais dos concellos adheridos é a

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

Deputación Provincial de Ourense a que exerce a totalidade das competencias municipais de ordenación e xestión do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos.

IV. A presente ordenanza é un regulamento deste servizo (non é unha ordenanza fiscal) na que se regulan os dereitos e obrigas existentes entre os administrados e a administración que presta o servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e ten por obxecto o regulamento, no ámbito das competencias municipais delegadas na Deputación Provincial de Ourense, de todas aquelas condutas e actividades dirixidas ao depósito e recollida de residuos municipais, respectando o principio de xerarquía, co obxecto de conseguir o mellor resultado ambiental global, mitigando os impactos adversos sobre a saúde humana e o medio ambiente. Regula aspectos parciais da materia de residuos, xa que unicamente fai referencia aos residuos sólidos urbanos ou municipais, e non ten un impacto significativo na actividade económica nin impón obrigas relevantes aos destinatarios.

V. O artigo 33 do Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais establece que as administracións locais aprobaran unha norma que determine a modalidade de prestación, situación, deberes e dereitos dos usuarios de cada un dos servizos que presten. O mandato normativo xustifica o cumprimento dos principios de necesidade, eficacia e proporcionalidade esixidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para cumprir cos principios de seguridade xurídica e eficiencia os trámites establecidos pola ordenanza baséanse na singularidade da materia e na actividade propia dos entes locais sen que supoñan a esixencia de cargas administrativas innecesarias ou irracionais recollendo nun único instrumento normativo a regulación do servizo.

Tal e como se reflicte na acta da Comisión de seguimento, vixilancia e control do Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación do servizo en réxime intermunicipal e de delegación de recollida dos residuos sólidos urbanos do 10 de marzo de 2017, entregóuselles aos concellos adheridos o borrador desta ordenanza para que achegaran aquelas suxestións e achegas adicionais que consideraran oportunas. Non presentando ningunha mantívose a redacción inicial.



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

As posibles suxestións do resto da cidadanía incorporaranse, de ser o caso, no trámite de información pública tras a aprobación inicial, cumprindo con ambos trámites o principio de transparencia establecido no artigo 133 da Lei 39/2015.

VI. A ordenanza ten cincuenta e dous artigos. Divídese en tres títulos. O primeiro establece as disposicións xerais (artigos 1 ao 7), o segundo recolle as normas aplicables ao servizo de recollida (artigos 8 ao 36) e o terceiro regula a inspección e o réxime sancionador (artigos 37 ao 52). O Título II está dividido, á súa vez, en tres capítulos. O primeiro regula as disposicións xerais (artigos 8 ao 10), o segundo a recollida ordinaria (artigos 11 ao 27) e o terceiro a recollida especial (artigos 28 ao 36). O título III dividise en dous capítulos; o primeiro establece normas aplicables á inspección e ao control (artigos 37 e 38) e o segundo, divídese en dúas seccións: a primeira referida ás infraccións (artigos 39 ao 43) e a segunda ás sancións (artigos 44 ao 52). A ordenanza contén unha disposición derogatoria, unha disposición final relativa á entrada en vigor e unha disposición transitoria. Remata con tres anexos, o primeiro sobre o ámbito de aplicación, o segundo sobre a listaxe dos residuos admisibles nos puntos limpos xestionados pola Deputación Provincial de Ourense e o terceiro sobre a listaxe dos residuos para depositar en cada un dos contedores.

VII. Esta ordenanza dítase sobre a base do establecido nos artigos 36.1 ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo reguladora da administración local de Galicia e 32 e 33 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais.

## TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### **Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación**

1. A presente ordenanza ten por obxecto a regulación do servizo intermunicipal de recollida de residuos urbanos xestionado pola Deputación Provincial de Ourense por delegación dos concellos da provincia, incluíndo os seguintes aspectos:

- a) A ordenación do servizo, definindo o seu réxime xurídico e as prestacións que comprende.
- b) Os dereitos e obrigas dos cidadáns en relación co servizo.
- c) O réxime sancionador aplicable en materia de residuos urbanos.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

O ámbito territorial de aplicación da presente ordenanza comprenderá os termos municipais dos concellos de Ourense que se adhiran a este servizo, en todas ou algunhas das súas modalidades a través dos correspondentes instrumentos de cooperación.

O listado de concellos adheridos e dos instrumentos de cooperación vixentes en cada momento farase público, de xeito permanente e coa información debidamente actualizada, na sede electrónica da Deputación. Igualmente, este listado e as súas actualizacións sucesivas serán obxecto de publicación no BOP de Ourense.

2. No exercicio das competencias municipais delegadas, a presente Ordenanza desenvolve á lexislación estatal e autonómica en materia de residuos e de réxime local, debéndose interpretar e aplicar en todo momento, de acordo coa lexislación vixente.

3. Todas as persoas físicas ou xurídicas que xeren ou depositen residuos nos termos municipais do anexo I, están obrigadas a cumprir co disposto na presente Ordenanza así como as disposicións que no seu desenvolvemento dite a Deputación.

## **Artigo 2. Definicións**

1. Para os efectos do disposto na Ordenanza entenderase por:

- a) Aceites vexetais usados: os residuos de aceites vexetais propios das actividades de fritir domésticas ou dos bares, restaurantes, hoteis e outros servizos de restauración, así como os aceites de conservas. Non se inclúen aquí outras graxas alimentarias.
- b) Entrega: a deposición dentro dos contedores adecuados ou a cesión a xestor autorizado de calquera residuo urbano por parte do produtor ou posuidor.
- c) Envases lixeiros: todo produto fabricado con materiais diferentes ao vidro e ao papel ou cartón e que se utilice para conter, protexer, manipular, distribuír e presentar mercadorías, dende materias primas ata artigos acabados, en calquera fase da cadea de fabricación, distribución e consumo. Para os efectos desta ordenanza consideraranse unicamente os envases de venta ou primarios e os envases colectivos ou secundarios, pero non os envases de transporte ou terciarios, por estar fóra do ciclo de xestión integrada.
- d) Biorresiduos: todos os residuos que correspondan a algunha das seguintes dúas categorías:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

d.1) Residuos de orixe vexetal ou animal, constituídos por residuos alimenticios ou de cociña xerados nos fogares, restaurantes, servizos de restauración colectiva e establecementos de venda ao detalle.

d.2) Residuos de xardíns ou similares, que procedan da actividade residencial, sempre que a materia que os compón non estea seca e se atope debidamente triturada.

- e) Recollida: operación consistente no fornecemento de residuos, incluída a clasificación e almacenamento inicial para o seu transporte a unha instalación de tratamento.
- f) Recollida ordinaria: aquelas operacións de recollida, separada ou non, que constitúen o servizo básico de prestación obrigatoria para esta Deputación, con carácter xeral. Comprende as prestacións reguladas no capítulo II do Título II desta ordenanza.
- g) Recollida especial: aquela recollida separada de determinados residuos, dispoñible para os usuarios nas condicións e cos requisitos previstos no capítulo III do Título II desta ordenanza.
- h) Recollida de proximidade. A que se realiza por entrega dos usuarios en contedores dispostos nas rúas e prazas (vía pública), de xeito illado ou constituíndo illas de aporte. Tamén ten esta consideración a recollida porta a porta, alí onde se organice.
- i) Recollida separada (separativa ou selectiva): a recollida na que un fluxo de residuos se mantén por separado, segundo o seu tipo de natureza, para facilitar o seu tratamento específico.
- j) Residuos de aparatos eléctricos ou electrónicos: aparatos eléctricos e electrónicos, os seus materiais, compoñentes, consumibles e subconxuntos que os compoñen, a partir do momento nos que pasan a ser residuos exclusivamente cando procedan de fogares ou de establecementos comerciais que non teñan a obriga legal de xestionar por si mesmos estes residuos.
- k) Residuos da construción e demolición de obra menor: calquera residuo que se xere nunha obra de construción ou demolición nun domicilio particular, comercio, oficina ou inmovible do sector servizos, de sinxela técnica e escasa entidade construtiva e económica, que non supoña alteración do volume, do uso, das instalacións de uso común ou do número de vivendas e locais, e que non precisa de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

proxecto asinado por profesionais titulados.

l) Residuos comerciais: os xerados pola actividade propia do comercio, por xunto e ao detalle, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e os mercados, así como do resto do sector servizos.

m) Residuos domésticos: residuos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas.

Terán tamén a consideración de residuos domésticos:

i. Os similares aos anteriores xerados en comercios, servizos e industrias, cando non sexan resultado da actividade propia comercial, industrial ou de servizos.

ii. Os que se xeren nos fogares de aparellos eléctricos e electrónicos, roupa, pilas, acumuladores, mobles e efectos, así como os residuos e entullos procedentes de obras menores da construción e reparación domiciliaria.

iii. Os procedentes de limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e os vehículos abandonados.

n) Residuos de envases: todo envase ou material de envase do cal se desprenda o seu posuidor ou teña a obriga de desprenderse en virtude das disposicións en vigor.

o) Residuos industriais: os resultantes dos procesos de fabricación, de transformación, de utilización, de consumo, de limpeza ou de mantemento xerados pola actividade industrial, excluídas as emisións á atmosfera reguladas na Lei 34/2007, do 15 de novembro.

p) Residuos municipais (ou urbanos): residuos de competencia municipal, cuxa recollida constitúe o obxecto do servizo regulado na presente ordenanza, integrados polos seguintes:

i. residuos domésticos.

ii. residuos comerciais non perigosos.

q) Residuo perigoso: aquel que presenta unha ou varias das características perigosas enumeradas no anexo II da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, así como aquel que poida aprobar o goberno de conformidade co establecido na normativa europea ou nos convenios internacionais dos que España sexa parte, así como os recipientes e envases que os contiveran.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

- r) Residuos sanitarios asimilables a domésticos: son os xerados como consecuencia das actividades sanitarias prestados en centros sanitarios, tales como hospitais, clínicas e sanitarios, consulta de profesionais liberais, centros socio sanitarios, centros veterinarios, etcétera, que non teñen a cualificación de perigosos e que, de acordo coa normativa, non esixan requisitos especiais de xestión.
- s) Pila: a fonte de enerxía eléctrica obtida por transformación directa de enerxía química e constituída por un ou varios elementos primarios (non recargables).
- t) Voluminosos: aqueles residuos que se xeren nos fogares que presenten características especiais de volume, peso ou tamaño que dificulten a súa recollida a través do sistema de recollida ordinaria de proximidade.

2. Para o resto de definicións estarase ao disposto na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados e normativa que a desenvolva.

### **Artigo 3. Competencias locais.**

1. A Deputación Provincial de Ourense exercerá as competencias de ordenación, planificación e xestión do servizo intermunicipal regulado nesta ordenanza, en virtude da delegación conferida a través dos instrumentos de cooperación local vixentes en cada momento.

A identificación destes instrumentos de cooperación e dos concellos adheridos recóllese no anexo I da ordenanza, que será obxecto de actualización nos supostos de modificación ou substitución destes instrumentos.

O exercicio das competencias delegadas suxeitarase en todo momento ao establecido na presente ordenanza e nos instrumentos de cooperación cos concellos vixentes en cada momento.

2. Correspóndelle á Deputación a potestade de vixilancia e inspección e a potestade sancionadora no ámbito das súas competencias delegadas.

3. No exercicio das súas competencias delegadas, a Deputación poderá:

- a) Aprobar no marco do plan nacional de residuos e dos plans da Comunidade Autónoma de Galicia, os seus propios plans ou programas de xestión de residuos e/ou o seu programa de prevención de residuos.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

b) Recoller os residuos comerciais non perigosos nos termos que se establecen na presente ordenanza.

c) Recoller os residuos domésticos industriais nos termos que se establecen na presente ordenanza.

#### **Artigo 4. Prestación dos servizos**

1. Correspóndelle á Deputación Provincial de Ourense prestar o servizo de recollida de residuos municipais, de acordo co previsto na presente Ordenanza e na normativa aplicable e conforme cos sistemas técnicos e organizativos que en cada momento estime máis conveniente para os seus intereses, tendo en conta a eficiencia operativa e económica do servizo e a calidade do servizo prestado aos usuarios.

2. A prestación deste servizo poderase levar a cabo a través das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de réxime local.

3. A recollida será intermunicipal, optimizando rutas de recollida e medios materiais e humanos, aproveitando sinerxías e economías de escala e oportunidade, buscando a calidade do servizo para o cidadá, o respecto e coidado do medio ambiente e o menor custo efectivo de servizo. Poderanse establecer unidades de xestión illadas cando a natureza do servizo prestado non sexa homoxénea co resto ou non acade os obxectivos anteriores.

#### **Artigo 5. Obrigacións xerais**

Os cidadáns están obrigados a:

a) Reducir o volume dos residuos compactándoos de tal xeito que se aproveite ao máximo a capacidade das bolsas e contedores de lixo.

b) Separar os residuos e depositar estes dentro dos contedores de lixo adecuados ou nos puntos de recollida establecidos para o efecto de acordo coa presente ordenanza.

c) Sacar os contedores de lixo á vía pública nos casos en que así se preveña no plan de xestión de residuos do servizo, para a súa recollida nas horas e lugares que se establezan no dito plan.

d) Cumprir cos horarios de depósito e entrega de residuos.

e) Comunicarlle á Deputación, directamente ou a través do concello ou dos axentes da autoridade a existencia de residuos abandonados na vía ou espazos públicos, tales como vehículos abandonados, mobles, animais mortos, residuos da construción e demolición, etcétera.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

**Artigo 6. Prohibicións.**

Queda prohibido:

- a) Botar ou abandonar residuos na vía pública ou en lugares diferentes aos especificados pola Deputación e/ou o Concello.
- b) Depositar residuos en contedores de lixo contravindo o disposto na presente ordenanza.
- c) Depositar en lugares distintos ás papeleiras instaladas para o efecto nos espazos públicos residuos de pequeno volume tales como papeis, gomas de mascar, cabichas, caramelos, cáscaras e desperdicios similares.
- d) Manipular contedores de lixo ou o seu contido así como voltear ou arrancar papeleiras ou outro tipo de contedores e desprazalos fóra das súas situacións.
- e) Utilizar os contedores para fixar carteis de calquera tipo ou finalidade, agás os relativos ao funcionamento do servizo.
- f) Aparcar diante dos contedores, obstaculizando ou impedindo a súa manipulación por parte do persoal do servizo.
- f) Utilizar os contedores para fines distintos aos previstos na presente ordenanza.

**Artigo 7. Réxime fiscal**

Pola prestación dos servizos provinciais previstos na presente ordenanza, e cando así se estableza, débese aboar a correspondente taxa, prezo público ou contra prestación económica de análoga natureza nos termos regulados nas respectivas ordenanzas fiscais ou ordinarias, segundo proceda.

**TÍTULO II. SERVIZO DE RECOLLIDA****Capítulo I Disposicións xerais****Artigo 8. O servizo de recollida**

O servizo de recollida comprende as seguintes actuacións:

- a) O traslado dos contedores de residuos aos vehículos de recollida e o seu baleirado e devolución aos puntos orixenarios nos casos en que esta operación sexa materialmente necesaria para efectuar a recollida. O traslado de contedores nunca deberá supoñer o percorrido dunha distancia superior aos 50 m.
- b) Traslado dos residuos dos puntos de recollida e o seu baleirado nos vehículos de recollida.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

- c) Transporte e descarga dos residuos nas instalacións de xestión adecuadas, xa sexan estas de transferencia e almacenamento temporal, de clasificación ou de tratamento.
- d) Retirada dos restos vertidos a consecuencia das anteriores operacións.
- e) Mantemento, lavado e reposición dos contedores e outros puntos de recollida provincial, con excepción daqueles contedores que sexan de uso exclusivo dos usuarios obrigados á súa utilización.
- f) Mantemento, lavado e reposición de elementos accesorios en puntos de recollida (sinalización, inmovilizadores ...)
- g) Mantemento, lavado e reposición dos vehículos de recollida.

**Artigo 9. Clasificación de servizos de recollida.**

1. Para os efectos do disposto na presente ordenanza, o servizo de recollida de residuos clasifícase en ordinario e especial.
2. A recollida ordinaria é un servizo de prestación obrigatoria para a Deputación. O servizo de recollida ordinaria será de recepción obrigatoria para os cidadáns que xeren os residuos, agás nos casos de materia orgánica, aceite vexetal usado e roupa usada e zapatos. Nestes casos, os cidadáns deberán xestionar os seus residuos mediante calquera das fórmulas previstas no capítulo II desta ordenanza.
3. A recollida ordinaria comprende as seguintes clases de servizo:
  - 3.1- Recollida ordinaria de proximidade:
    - a) Os residuos domésticos procedentes de fogares particulares, para aquelas fraccións que existan contedores despregados na vía pública ou estea implantada a recollida porta a porta.
    - b) Os residuos domésticos de orixe industrial, comercial e doutros servizos así como os sanitarios asimilables a domésticos, cando a entrega diaria sexa igual ou inferior a 10 kg por abonado equivalente que para esa actividade lle corresponda segundo a ordenanza fiscal. Non obstante, queda excluída do servizo de recollida ordinaria, en todo caso, a recollida de aceites vexetais usados procedentes de hoteis, restaurantes, bares, cafeterías e calquera outro servizo de restauración. Esta recollida rexerese polo establecido no artigo 17.3 deste ordenanza.
  - 3.2- Recollida ordinaria en puntos limpos (fixos ou móbiles):



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

- a) Os procedentes de limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias.
- b) Os residuos municipais (ou sólidos urbanos) que os cidadáns (abonados do servizo ou non) entreguen no punto limpo, devindicando se é o caso a taxa correspondente.

4. A recollida especial levaraa a cabo a Deputación, soamente cando o usuario así o solicite e, se é o caso, devindicará a correspondente taxa ou prezo público que para tal efecto determinen as ordenanzas fiscais.

5. Poderán ser obxecto de recollida especial, nos termos que establezan os plans de xestión de residuos, os seguintes residuos:

- a) Os residuos domésticos de orixe comercial, industrial e de servizos, así como os sanitarios asimilables a domésticos, cando a entrega diaria supere a cantidade de 10 kg por abonado equivalente que para esa actividade lle corresponda segundo a ordenanza fiscal.
- b) Os residuos comerciais non perigosos.
- c) Animais domésticos mortos.
- d) Residuos voluminosos, como mobles e efectos.
- e) Residuos de aparatos eléctricos e electrónicos.
- f) Vehículos abandonados e vehículos ao final da súa vida útil.
- g) Residuos de podas e outros residuos de xardinería cuxa entrega diaria supere a cantidade de 10 kg. En todo caso deberán estar suficientemente secos e convenientemente triturados.

**Artigo 10. Responsabilidade da correcta xestión dos residuos**

1. Os produtores e posuidores iniciais dos residuos domésticos e comerciais de competencia municipal son responsables de entregalos para a súa correcta xestión. A súa responsabilidade conclúe cando se produce a entrega nos termos previstos na presente ordenanza e no resto da normativa aplicable.

2. Os produtores e posuidores de residuos comerciais non perigosos, cuxa recollida non sexa realizada polo servizo de recollida de residuos municipais desta Deputación, son igualmente responsables da súa correcta xestión. Para tal fin deberán:

- a) Manter os residuos nas condicións adecuadas de hixiene e seguridade mentres se encontren no seu poder.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

b) Entregarlles os residuos en condicións adecuadas de separación por fraccións aos xestores de residuos, de acordo co que dispoña a normativa aplicable.

c) Dispor do documento acreditativo da correcta recollida e xestión de residuos.

3. No caso de incumprimento das súas obrigas de xestión de residuos comerciais non perigosos por parte dos seus produtores ou posuidores, a Deputación poderá proceder a ordenar o cumprimento das ditas obrigas e, de reiterarse este, a súa execución subsidiaria con cargo ao obrigado, conforme co disposto en materia de execución forzosa pola lexislación de procedemento administrativo común.

### **Capítulo II Servizo de recollida ordinaria**

#### **Artigo 11. Depósito de residuos**

1. Os cidadáns están obrigados á separación de residuos domésticos nos domicilios, industrias e comercios en tantas fraccións como recollidas separadas se establecen na presente ordenanza e nas que se poidan establecer a través dos plans de residuos e o seu depósito dentro dos contedores, e nos lugares e horarios establecidos para o efecto.

2. A Deputación levará a cabo a recollida ordinaria das distintas fraccións de residuos municipais a través dunha ou varias das seguintes modalidades:

a) Porta a porta, entendendo como tal o depósito do residuo en bolsas cerradas a granel ou en cubos ou fardos (no caso de papel cartón) depositados na vía pública nos lugares establecidos por aquela en coordinación co concello correspondente.

b) Contedores para cada fracción de residuos debidamente identificados.

c) Puntos limpos.

d) Outros sistemas que, de ser o caso, se establezan a través dos plans de xestión de residuos.

#### **Artigo 12. Recollida separada.**

Os cidadáns deberán segregar para a súa recollida separada as seguintes fraccións de residuos:

- Vidro.

- Envases lixeiros (envases de plástico, de metal ou de cartón para bebidas tipo “brik”).

- Papel e cartón (envases de papel cartón e papel non envase).

- Aceites vexetais usados .

- Roupas e zapatos usados.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

- Residuos de medicamentos e os seus envases.
- Pilas.
- Animais mortos.
- Voluminosos: mobles e efectos.
- Residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (RAEEs).
- Vehículos abandonados e vehículos ao final da súa vida útil.
- Residuos da construción e demolición procedentes de obras menores.
- Residuos sanitarios asimilables a urbanos.
- Podas e outros residuos de xardinería.
- Fracción húmida (ou orgánica), cando exista recollida separada ou o abonado dispoña de composteiro (cando non, a recollida farase coa fracción resto).
- Fracción resto (conterá o resto de residuos municipais non incluídos nas categorías anteriores).

### **Artigo 13. Contedores**

1. Para o cumprimento da súa obrigaón de recollida de residuos, a Deputación achegará, en relación coas distintas fraccións de residuos, os contedores, correspondéndolle, de igual xeito, o seu mantemento, lavado e reposición, cando sexa necesario.
2. Naqueles casos que o servizo de recollida de residuos se preste por calquera das formas de xestión indirecta, será responsabilidade do concesionario o seu mantemento, lavado e correcta reposición.
3. Non obstante o disposto nos apartados 1 e 2 deste artigo, os usuarios disporán dun colector de uso exclusivo, cuxas características serán definidas pola Deputación, nos seguintes casos:
  - a) Cando os usuarios así o soliciten, trala autorización previa da Deputación. Os ditos contedores colocaranse na vía pública na situación e coa frecuencia definida por aquela en coordinación co concello para á súa retirada polo servizo de recollida.
  - b) Cando a Deputación, previa a tramitación de expediente contradictorio con audiencia do interesado, determine a obriga para determinados usuarios ou agrupacións de usuarios de adquirir e dispoñer dun colector de uso exclusivo. Esta determinación unicamente poderá adoptarse de xeito motivado en función de criterios de eficiencia ou eficacia do servizo para

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

zonas onde non se instalen colectores de uso colectivo ou para usuarios cuxo volume de produción de residuos resulte excesivo para a capacidade dos colectores de uso colectivo.

En ambos casos corresponderalle ao usuario ou comunidade de veciños o seu mantemento, lavado e reposición.

4. Non obstante o disposto nos apartados anteriores, será obrigatoria a adquisición e utilización de contedores para a recollida separada de papel e cartón e fracción resto naquelas industrias, comercios e servizos cuxa produción semanal en quilogramos supere o valor resultante de multiplicar por 10 o número de abonados equivalentes da actividade, conforme coa ordenanza fiscal.

5. En calquera dos supostos anteriores, a Deputación determinará, en coordinación co concello, a situación dos distintos contedores na vía pública atendendo a criterios de eficiencia, económicos, organizativos, de proximidade e accesibilidade para os usuarios e de saúde e seguridade públicas.

#### **Artigo 14. Recollida de vidro**

1. Os residuos de vidro deberán depositarse dentro dos contedores identificados para tal fin.

2. No caso de botellas, botes e outros recipientes, os cidadáns deberán baleirar estes recipientes co obxecto de eliminar os restos de sustancias que puideran quedar, así como separar tapas metálicas, tapóns de plástico ou outros residuos que inicialmente foran parte do envase e depositalos no contedor de envases.

3. O uso de esta recollida separada non é obrigatoria para os abonados domésticos cando non dispoñan dun contedor específico a menos de 350 m.

#### **Artigo 15. Recollida de envases lixeiros**

1. Os residuos de envases lixeiros deberán depositarse dentro dos contedores identificados para tal fin.

2. No caso de botellas, botes, latas e outros recipientes que contivesen restos de materia orgánica, como restos alimentarios, os cidadáns deberán baleirar previamente estes envases co obxecto de eliminar os restos destas sustancias.

3. Quedan excluídos desta liña de recollida aqueles envases lixeiros que contivesen pinturas ou produtos químicos (para entregar en punto limpo) así como os de medicamentos.

4. O uso desta recollida separada non é obrigatoria para os abonados domésticos cando non dispoñan dun contedor específico a menos de 350 m.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

**Artigo 16. Recollida de papel e cartón**

1. Os residuos de papel e cartón limpos deberán depositarse, o máis pregados posible, dentro do contedor identificado para tal fin, ou no lugar e hora indicado da vía pública no caso de recollida porta a porta. En particular as caixas de cartón serán cortadas e dobradas de forma adecuada para a súa introdución e disposición nos contedores, ou para a formación dos fardos no caso de recollida porta a porta.
2. Con carácter previo ao seu depósito os cidadáns deberán eliminar destes residuos todo resto metálico, de plástico así como de papel e cartón sucio, debendo depositar estes restos de acordo co disposto na presente ordenanza para a fracción resto.
3. O uso desta recollida separada non é obrigatoria para os abonados domésticos cando non dispoñan dun contedor específico a menos de 350 m.

**Artigo 17. Aceites vexetais usados**

1. Está prohibido verter aceites usados polos desaugadoiros.
2. Os cidadáns verterán os aceites vexetais usados, sen mesturar con outros líquidos (aceites non vexetais, graxas, deterxentes, acetatos ...) en envases de plástico pechados de ata 2 litros e os depositarán, ben nun contedor identificado para tal fin, ben no punto limpo. Se o contedor identificado para tal fin é dos de vertido directo, o usuario baleirá o envase de plástico no contedor e depositará o envase baleiro no contedor de envases lixeiros ou procederá á súa reutilización.
3. Os titulares de restaurantes, bares, hoteis e outros servizos de restauración disporán de contedores adecuados para o vertido de aceites vexetais usados e entregarllos a xestor autorizado.

Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, a Deputación, de acordo co previsto no artigo 12.5.C.2 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, poderá acordar a incorporación obrigatoria destes residuos ao sistema municipal de recollida.

**Artigo 18. Roupas e zapatos usados**

Os cidadáns depositarán a roupa e zapatos usados en bolsas de plástico pechadas:

- a) No contedor sinalizado para tal fin.
- b) No punto limpo.
- c) Nos locais de entidades ou asociacións sen ánimo de lucro ou nos contedores destas para a súa reutilización.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

**Artigo 19. Residuos de medicamentos e os seus envases.**

Os medicamentos caducados, os medicamentos en desuso, os restos de medicamentos, e os seus envases serán entregados polos cidadáns nos puntos de recollida SIGRE, naquelas farmacias onde os tiveran, ou no seu defecto nos puntos limpos.

**Artigo 20. Pilas**

As pilas usadas deberán ser depositadas polos cidadáns en:

- a) Os contedores debidamente sinalizados que se poderán localizar na vía pública, nos distribuidores, centros comerciais, etcétera.
- b) Nos puntos limpos.

**Artigo 21. Residuos da construción e demolición procedentes de obras menores.**

1. Os cidadáns deberán depositar os residuos da construción e demolición procedentes de obras menores segregados por materiais en bolsas resistentes, podendo entregalos para a súa correcta xestión:

- a) A xestor autorizado.
- b) No punto limpo.

2. Quedan fóra do ámbito deste servizo a recollida e xestión de RCDs que non teñan a consideración de residuos municipais (ou sólidos urbanos).

**Artigo 22. Materia orgánica**

1. Os usuarios depositarán os biorrexiduos, libre doutros residuos, nos contedores específicos, onde existan, ou nos seus compostoiros. Os residuos de xardíns e similares secos ou sen triturar non teñen a consideración de materia orgánica, conforme co establecido no artigo 2.1.d).2 desta ordenanza.

2. No caso de non existir recollida separada de materia orgánica e de non dispor de compostoiro, este residuo será tratado como fracción resto, non podendo depositarse en ningún outro contedor.

**Artigo 23. Fracción resto**

1. Os usuarios depositarán a fracción resto en bolsas impermeables e pechadas suficientemente resistentes que impidan os vertidos.

2. A fracción resto depositarase nos contedores identificados para tal fin, de uso colectivo ou de uso exclusivo.

**Artigo 24. Excrementos**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

O posuidor dun animal recollerá as deposicións evacuadas por este na vía pública e os espazos públicos e as depositará nos contedores identificados para tal fin dentro de bolsas impermeables. De non existir, procederá como no disposto no artigo 23.-Fracción resto.

**Artigo 25. Recollida nos puntos limpos**

1. Os veciños poderán depositar nos puntos limpos todas as categorías de residuos municipais incluídos na listaxe do anexo II desta Ordenanza, especialmente se no municipio non se dispón doutro xeito de recollida.
2. A listaxe de residuos admisibles figurará, a efectos informativos, nas instalacións de cada punto limpo.

**Artigo 26. Información sobre separación e recollida de residuos**

1. A Deputación fará públicas as condicións de prestación do servizo e, en especial, as relativas aos días e horarios de depósito e recollida das diferentes fraccións de residuos, condicións e puntos de entrega así como calquera outra que estime conveniente para o correcto uso do servizo.
2. O anexo II da presente ordenanza contén unha listaxe dos residuos que deberán depositarse nalgunhas das categorías dos contedores das diferentes recollidas ordinarias separadas.
3. A dita listaxe tamén está dispoñible, na páxina “web” do servizo.

**Artigo 27. Sensibilización e educación sobre separación e recollida de residuos**

1. A Deputación, preferiblemente en coordinación cos concellos adheridos aos servizos de recollida, promoverá a realización de campañas e xornadas de sensibilización e educación en materia de recollida separada de residuos.
2. Para tal fin poderá, entre outros, asinar convenios e acordos de colaboración con suxeitos públicos e privados tales como universidades, organizacións sen ánimo de lucro que teñan por obxecto a protección ambiental, sistemas colectivos de xestión de residuos e asociacións de produtores.
3. A Deputación, co obxecto de promover a recollida separada de residuos, informará a través da súa páxina “web” do tratamento final de cada fracción de residuos.

**Capítulo III Servizo de recollida especial**

**Artigo 28. Recollida de residuos comerciais, industriais, de servizos e sanitarios asimilables aos domésticos**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

Os titulares de comercios, servizos e industrias, cando xeren unha cantidade de residuos domésticos por riba de 10 kg/día por abonado equivalente que para esa actividade lle corresponda segundo a ordenanza fiscal, deberán:

- a) Entregarllos a xestor autorizado, ou
- b) Solicitar o servizo de recollida especial de residuos municipais.

**Artigo 29. Recollida de residuos comerciais non perigosos e de residuos industriais non perigosos**

1. Os comercios poderán entregar os residuos comerciais non perigosos a:

- a) Entregarllos a xestor autorizado, ou
- b) Solicitar o servizo especial de recollida de residuos comerciais non perigosos

2. A Deputación poderá establecer o seu propio sistema de recollida de residuos comerciais non perigosos e/ou de recollida de residuos domésticos xerados nas industrias de maneira motivada e baseándose en criterios de maior eficiencia e eficacia na recollida destes residuos e determinar a incorporación obrigatoria dos produtores dos ditos residuos a este sistema. Neste último suposto, a adopción desa decisión deberá realizarse a través dun plan de xestión de residuos, ou ben mediante un procedemento específico previa a realización dun trámite de información pública por prazo de vinte días hábiles.

**Artigo 30. Animais mortos**

1. Queda prohibido o abandono de animais mortos en calquera clase de terreos.

2. Os propietarios de animais mortos así como os titulares de clínicas veterinarias entregaránlles os ditos animais a xestor autorizado.

3. Non obstante o disposto no apartado anterior, cando se trate de animais domésticos poderán os seus propietarios, así como os titulares das clínicas, solicitar o servizo especial municipal de recollida, salvo que exista unha normativa específica para a súa eliminación ou que polas súas características, grado de descomposición, tamaño ou outras peculiaridades non sexa posible a súa xestión municipal, en cuxo caso se lle indicará ao interesado a forma de xestionalo.

4. O servizo especial provincial de recollida de animais domésticos mortos prestarase a domicilio, salvo que polas condicións de localización do animal, da distancia ou dos accesos se estableza outro punto pola Deputación.



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

5. A Deputación poderá establecer unha taxa ou prezo público, segundo proceda, pola prestación do servizo de recollida especial de animais mortos.

**Artigo 31. Voluminosos: mobles e efectos**

Os cidadáns que desexen desprenderse de mobles, efectos e outros residuos voluminosos cuxa recollida non sexa obxecto de recollida ordinaria nesta ordenanza ou de acordo coa normativa aplicable, deberán:

- a) Entregalos nun punto limpo,
- b) Utilizar o servizo especial de recollida domiciliaria,
- c) Entregarllos a xestor autorizado.

**Artigo 32. Residuos de aparatos eléctricos e electrónicos**

Os cidadáns que desexen desprenderse de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos deberán:

- a) Entregarllos ao distribuidor no momento da compra dun novo,
- b) Entregalos no punto limpo,
- c) Depositálos nos contedores debidamente identificados para tal fin para cada categoría de residuo eléctrico e electrónico,
- d) Solicitar o servizo especial de recollida domiciliaria de residuos eléctricos e electrónicos establecido polo concello, mancomunidade ou deputación onde o houbera.

**Artigo 33. Vehículos abandonados**

1. Queda prohibido o abandono de vehículos, sendo responsabilidade dos seus titulares a súa adecuada xestión de acordo co disposto na normativa aplicable.

2. Presumirase que un vehículo está abandonado, adquirindo a condición de residuo municipal, nos seguintes casos:

- a) Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente danos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou lle falten as placas de matriculación ou sexan ilexibles.
- b) Cando se encontre en situación de baixa administrativa e estea situado na vía pública.
- c) Cando transcorran máis de dous meses desde que o vehículo fora depositado no depósito municipal trala súa retirada da vía pública pola autoridade competente.

Nos supostos previstos nas letras b) e c) e en aqueles vehículos que, aínda que teñan signos de abandono, manteñan a placa de matriculación ou calquera signo ou marca visible que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

permita a identificación do seu titular, requirirase a este para que, unha vez transcorridos os correspondentes prazos, no prazo de 15 días retire o vehículo, coa advertencia, de que transcorrido o dito prazo, procederase á súa xestión como vehículo ao final da súa vida útil.

3. Nos casos previstos no apartado anterior e con independencia das sancións que, se é o caso, se puideran impor, a Deputación entregará o vehículo abandonado nun centro de tratamento para a súa xestión, debendo os propietarios de vehículos abandonados aboar os custos da recollida e, de ser o caso, de xestión conforme co disposto na lexislación sobre execución subsidiaria de actos administrativos.

**Artigo 34. Vehículos ao final da súa vida útil.**

Os cidadáns que desexen desprenderse dun vehículo ao final da súa vida útil deberán entregarllo a un centro de tratamento, de acordo co establecido na normativa aplicable.

**Artigo 35. Podas e outros residuos de xardinería**

1. Os cidadáns que desexen desprenderse de podas e residuos de xardinería nunha cantidade superior a 10 kg/día deberán:

- a) Entregarllos a xestor autorizado,
- b) Entregalos nun punto limpo.
- c) Solicitar o servizo municipal especial de recollida.

2. Non obstante o disposto no apartado anterior, os cidadáns poderán levar a cabo a compostaxe dos mencionados residuos nos seus domicilios particulares, sempre que non lles ocasionen molestias ou olores aos veciños.

3. No caso de optar polas vías b) ou c) do apartado 1 deste artigo, os residuos deberán estar secos e suficientemente trochados.

**Artigo 36. Solicitude do servizo provincial especial de recollida.**

1. A solicitude de calquera dos servizos provinciais especiais de recollida farase por teléfono ou por calquera outro medio de comunicación co Servizo de Medio Ambiente da Deputación, directamente ou a través do concello correspondente ou, se é o caso, co prestador do servizo.

2. Correspóndelle ao usuario do servizo depositar os residuos de que se trate no lugar que o servizo lle indique, respectando as datas, horarios e outras condicións que se establecesen.

**Título III. Da inspección e do servizo**

**Capítulo I Inspección e control**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

**Artigo 37. Servizo de inspección.**

1. O exercicio das funcións de inspección e vixilancia do cumprimento no disposto na presente ordenanza corresponderalle ao persoal funcionario da Deputación que teña atribuídas as ditas funcións, así como aos axentes da policía local en cada termo municipal.
2. Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, poderá exercer as funcións de inspección calquera técnico da Área de Medio Ambiente da Deputación designado para o efecto.
3. No caso que calquera outro servizo da Deputación ou municipal, no exercicio das súas competencias, detectara incumprimentos de esta ordenanza, comunicarllo ao servizo competente da Área de Medio Ambiente da Deputación.
4. O persoal ao que se fai referencia nos apartados anteriores, no exercicio das súas funcións inspectoras, terán a condición de axentes da autoridade e estarán facultados para acceder sen previo aviso ás instalacións nas que se desenvolvan actividades reguladas nesta ordenanza así como para inspeccionar o contido dos distintos sistemas de recollida de residuos, tales como contedores e bolsas de lixo.

**Artigo 38. Deber de colaboración.**

Os produtores, posuidores, xestores de residuos e os responsables de establecementos comerciais, vivendas, industrias e outras actividades obxecto da presente ordenanza deberán, de acordo coa normativa aplicable, facilitar e permitir ao persoal ao que se fai referencia no artigo anterior, no exercicio das súas funcións de inspección, o acceso ás citadas instalacións así como prestarlles colaboración e facilitarlles a documentación necesaria para o exercicio dos ditos labores de inspección.

**Capítulo II Infraccións e sancións.****Sección 1ª Infraccións****Artigo 39. Infraccións**

1. Considéranse infraccións as accións ou omisións que contraveñan o establecido na presente ordenanza así como aquelas outras que estean tipificadas na lexislación estatal ou autonómica, reguladora das materias que se inclúen, sen prexuízo do que os preceptos desta ordenanza poidan contribuír a súa identificación máis precisa.
2. As infraccións tipificadas na presente ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

**Artigo 40. Infraccións leves.**

Consideraranse infraccións leves:

- a) Depositar os residuos sen compactalos para reducir o seu volume e que se aproveite ao máximo a capacidade das bolsas e contedores.
- b) Depositar os residuos sen separalos por fraccións ou en contedores ou puntos de recollida distintos aos identificados para cada fracción de residuos ou contravindo o disposto na presente ordenanza.
- c) Sacar os contedores á vía pública para a súa recollida polo servizo público en horas e lugares distintos aos establecidos.
- d) Incumprir os horarios de depósito e entrega de residuos.
- e) Botar ou abandonar residuos na vía pública ou en lugares distintos aos especificados, ou nos especificados pero fóra dos contedores.
- f) Depositar, en lugares distintos ás papeleiras instaladas para o efecto nos espazos públicos, residuos de pequeno volume tales como papeis, gomas de mascar, cabichas, caramelos, cáscaras e desperdicios similares.
- g) Manipular contedores ou o seu contido así como envorcar ou arrancar papeleiras ou outro tipo de contedores ou desprazalos fóra das súas situacións.
- h) Utilizar os contedores para fins distintos aos previstos na presente ordenanza, así como causarlles danos e deterioro a estes ou aos sistemas e medios auxiliares (sinalización inmovilizadores, etcétera).
- i) Incumprir as obrigas previstas no artigo 13.3.b) e no artigo 13.4 da presente ordenanza.
- k) Utilizar un contedor de uso exclusivo sen a autorización previa do concello, incumprindo o previsto no artigo 13.3.a) da presente ordenanza.
- l) O incumprimento polos produtores e/ou posuidores de residuos comerciais non perigosos do disposto no artigo 10.2 da presente ordenanza.
- m) A comisión dalgunha das infraccións recollidas no artigo 63 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.
- n) A comisión dalgunha das infraccións tipificadas nos dous artigos seguintes, cando pola súa escasa contía ou entidade, non mereza a cualificación de grave ou moi grave.

**Artigo 41. Infraccións graves.**

Consideraranse infraccións graves:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

- a) O abandono ou vertido incontrolado de calquera tipo de residuos municipais sen que se puxera en perigo grave a saúde das persoas ou se producira un dano ou deterioro grave para o medio ambiente.
- b) A obstrución á actividade de vixilancia, inspección e control do concello, así como o incumprimento das obrigacións de colaboración previstas na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
- c) A entrega, venta ou cesión de residuos municipais non perigosos a persoas físicas ou xurídicas distintas das sinaladas na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados e na presente ordenanza así como a aceptación destes en condicións distintas ás previstas nestas normas.
- d) A comisión dalgunha das infraccións sinaladas como moi graves cando por a súa escasa contía ou entidade non mereza esta cualificación de moi grave.
- e) A comisión de dúas ou máis infraccións leves sancionadas con carácter firme en vía administrativa durante un período de tres anos.
- f) A comisión dalgunha infracción recollida no artigo 62 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.

**Artigo 42. Infraccións moi graves.**

- a) Considerarase infracción moi grave o abandono ou vertido incontrolado de calquera tipo de residuos municipais cando se puxo en perigo grave a saúde das persoas ou se producise un dano ou deterioro grave para o medio ambiente.
- b) A comisión de dúas ou máis infraccións graves sancionadas con carácter firme en vía administrativa durante un período de tres anos.
- c) A comisión dalgunha infracción recollida no artigo 61 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia

**Artigo 43. Prescrición.**

1. As infraccións leves prescribirán ao ano, as graves aos tres anos e as moi graves aos cinco anos.
2. O prazo de prescrición das infraccións comezarase a contar desde o día en que a infracción se cometese.
3. Nos supostos de infraccións continuadas, o prazo de prescrición comezará a contar desde o momento da finalización da actividade ou do último acto co que a infracción se consuma.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

No caso de que os feitos ou actividades constitutivos de infracción foran descoñecidos por carecer de signos externos, o dito prazo computarase desde que estes se manifesten.

4. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, continuándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivera paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

### **Sección 2ª Sancións**

#### **Artigo 44. Sancións leves.**

As infraccións tipificadas no artigo 40 sancionaranse conforme co disposto no artigo 47.1.c) da Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

#### **Artigo 45. Sancións graves.**

As infraccións tipificadas no artigo 42 sancionaranse conforme co disposto no artigo 47.1.b) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

#### **Artigo 46. Sancións moi graves.**

As infraccións tipificadas no artigo 42 sancionaranse conforme co disposto no artigo 47.1.a) da Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

#### **Artigo 47. Obrigación de repoñer.**

1. Sen prexuízo da sanción que en cada caso proceda, o infractor deberá reparar o dano causado repoñendo a situación alterada ao seu estado orixinario.

2. Se o infractor non procedera a reparar o dano causado no prazo sinalado, o órgano competente poderá acordar a imposición de multas coercitivas de acordo co establecido no artigo 48.

3. Así mesmo, no caso de incumprimento, a dita reposición poderá ser realizada mediante execución subsidiaria pola Deputación. Os custos orixinados polas actuacións para realizar serán con cargo ao suxeito responsable da infracción esixíndolle, de ser o caso, a indemnización que proceda polos danos e prexuízos causados.

#### **Artigo 48. Multas coercitivas**

Sen prexuízo da sanción que se puidera impor, o órgano competente poderá acordar a imposición de multas coercitivas conforme co artigo 103 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

A contía de cada unha destas multas non poderá superar un terzo da multa fixada por infracción cometida.

**Artigo 49. Prescrición**

1. As sancións impostas pola comisión de infraccións leves prescribirán ao ano, as impostas por faltas graves aos tres anos e as impostas por faltas moi graves aos cinco anos.
2. O prazo de prescrición das sancións comezarase a contar dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.
3. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

**Artigo 50. Colaboración na execución de medidas xudiciais en materia de menores e recollida de residuos.**

1. A Deputación de Ourense promoverá a sinatura de acordos de colaboración coas entidades públicas competentes en materia de menores da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Os acordos de colaboración a que fai referencia o apartado anterior terán por obxecto facilitar a execución das medidas xudiciais de reforma impostas polos xulgados de menores consistentes en traballo en beneficio da comunidade, de acordo co Real decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a lei reguladora da responsabilidade penal dos menores, facilitando que eles poidan realizar como prestacións en beneficio da comunidade labores de limpeza e de recollida de residuos, sempre que estean relacionadas coa natureza do ben xurídico lesionado polo feito cometido por aqueles.

**Artigo 51. Publicidade das sancións.**

O órgano competente para resolver o procedemento sancionador poderá acordar a publicidade das sancións nos supostos e nas formas establecidas no artigo 70 da Lei 10/2008, de 3 de novembro de residuos de Galicia.

**Artigo 52. Competencia e procedemento sancionador.**

1. Correspóndelle ao Presidente da Deputación a resolución dos expedientes administrativos sancionadores no exercicio da competencia que lle é atribuída para tal fin polo artigo 21.1.n) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

2. A imposición de sancións e a exixencia de responsabilidades conforme a esta ordenanza levaranse a cabo de conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa que lle sexa de aplicación.

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA**

Disposición derogatoria única. Normas derogadas

Quedan derogada as ordenanzas municipais dos concellos delegantes, así como todas as disposicións de igual ou inferior rango que regulen materias contidas na presente ordenanza, no seu ámbito de aplicación, en canto se opoñan ou contradigan ao contido desta.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

**Disposición final única. Entrada en vigor.**

Esta ordenanza entrará en vigor tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 do abril, reguladora das bases de réxime local.

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

**Disposición transitoria única.**

En tanto non se aprobe o plan de xestión de residuos, entenderase que o servizo especial de recollida comprende as prestacións que ata a data se viñan realizando pola Deputación, realizadas nas mesmas condicións e coa extensión realmente efectiva na data de entrada en vigor da ordenanza.

Para tal efecto, na páxina web do servizo publicarase unha nota informativa dos servizos de recollida especial dispoñibles para os cidadáns.

### **ANEXO I- Ámbito de aplicación da Ordenanza Provincial de Ourense de Recollida de Residuos.**

#### **I.a- Aplicación íntegra:**

1. Amoeiro
2. Avión
3. Baltar
4. Bande
5. Beariz



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

6. Blancos, Os
7. Boborás
8. Bola, A
9. Calvos de Randín
10. Carballeda de Valdeorras
11. Carballiño, O
12. Castrelo de Miño
13. Castro Caldelas
14. Chandrexa de Queixa
15. Coles
16. Entrimo
17. Gudiña, A
18. Irixo, O
19. Larouco
20. Lobeira
21. Lobios
22. Manzaneda
23. Montederramo
24. Muíños
25. Padrenda
26. Pereiro de Aguiar
27. Peroxa, A
28. Petín
29. Pobra de Trives
30. Porqueira
31. Punxín
32. Rairiz de Veiga
33. Ribadavia
34. Rúa, A
35. Rubiá
36. San Amaro

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

37. San Cibrao das Viñas
38. San Cristovo de Cea
39. San Xoán de Río
40. Sandiás
41. Sarreaus
42. Teixeira, A
43. Toén
44. Trasmiras
45. Veiga, A
46. Viana do Bolo
47. Vilamarín
48. Vilamartín de Valdeorras
49. Vilariño de Conso
50. Xinzo de Limia

**I.b- Aplicación parcial, relativa á recollida ordinaria separada (fraccións de recollida selectiva) de residuos de competencia municipal delegada na Deputación provincial de Ourense:**

I.b.1-Recollida ordinaria separada e de proximidade:

I.b.1.1- Envases lixeiros:

1. Baños de Molgas
2. Bolo, O
3. Castrelo do Val
4. Cualedro
5. Esgos
6. Laza
7. Maside
8. Melón
9. Mezquita, A
10. Monterrei
11. Nogueira de Ramuín
12. Oímbra

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

13. Paderne de Allariz
14. Parada de Sil
15. Riós
16. Taboadela
17. Verín
18. Vilar de Barrio
19. Vilardevós
20. Xunqueira de Ambía
21. Xunqueira de Espadañedo

I.b.1.2- Papel-cartón

1. Bolo, O
2. Maside
3. Melón
4. Mezquita, A
5. Riós
6. Vilar de Barrio

I.b.1.3- Vidro

1. O Bolo
2. Castrelo do Val
3. Cualedro
4. Laza
5. Maside
6. Melón
7. Mezquita, A
8. Monterrei
9. Oímbra
10. Riós
11. Vilar de Barrio
12. Vilardevós

I.b.2-Recollida ordinaria separada en puntos limpos (fixos ou móbiles):

1. Castrelo do Val

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

2. Cualedro
3. Laza
4. Mezquita, A
5. Monterrei
6. Oímbra
7. Riós
8. Verín
9. Vilar de Santos
10. Vilardevós

**Anexo II-** Listaxe dos residuos admisibles nos puntos limpos:

- ✓ Aceites vexetais usados.
- ✓ Aceites usados minerais e sintéticos de automoción procedentes exclusivamente de cambios e usos domiciliarios de vehículos e tractores propios.
- ✓ Roupa e zapatos usados.
- ✓ Pilas.
- ✓ *Bombillas* e lámpadas fluorescentes e aló xenas, procedentes dos fogares e que excepcionalmente non foran entregadas nos establecementos de adquisición das novas.
- ✓ Voluminosos: mobles e efectos.
- ✓ Residuos da construción e demolición de obra menor, que non teñan a consideración de perigosos.
- ✓ Residuos de aparatos eléctricos e electrónicos.
- ✓ Podas e outros residuos de xardinería, secos e trochados.
- ✓ Radiografías.
- ✓ Cristais, tales como vasos, pratos, copas, cristais de ventás e portas.
- ✓ Sprays con produto e envases a presión, de uso domiciliario.
- ✓ Tixolas, cazolas e outros elementos de enxoval similares.
- ✓ Envases lixeiros, e ocasionalmente envases que polo tamaño non teñan a consideración de lixeiros, senón de industrial ou comercial, sempre que procedan de uso doméstico.
- ✓ Outros: aínda que non teñan a consideración de residuo municipal, dadas as especiais

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

características do medio rural da provincia, nalgúns puntos limpos poderanse entregar plásticos agrícolas, sempre e cando non teñan a consideración de produto fitosanitario (ou envase de produto fitosanitario).

**Anexo III-** Listaxe dos residuos para depositar en cada un dos contedores:

- **Vidro**

- ✓ Botes e botellas de vidro de calquera cor.
- ✓ Tarros de cosmética e perfumería.
- ✓ Frascos de conservas.
- ✓ Artigos de vidro, excepto espellos e vidro planar.

- **Papel e cartón (non manchado e sen plásticos e metais)**

- ✓ Revistas e periódicos.
- ✓ Libros, cadernos, folios, carpetas, cartolinas.
- ✓ Caixas de cartón.
- ✓ Bolsas de papel.
- ✓ Oveiras de cartón.

- **Envases lixeiros (de uso domiciliario, non industrial)**

- ✓ Latas de conservas de aceiro ou aluminio.
- ✓ Latas de bebidas de aceiro ou de aluminio.
- ✓ Bandexas e envoltorios de aluminio.
- ✓ Tapas, tapóns, chapas.
- ✓ “Bricks” de leite, batidos, zumes, cremas, etcétera.
- ✓ Botellas de plástico de augas, aceite, iogur, zumes.
- ✓ Envases de plástico, metálicos, de produtos lácteos, tales como iogur, manteiga, queixo, etcétera.
- ✓ Oveiras de plástico.
- ✓ Botes de plástico de produtos de hixiene persoal, tales como cremas, xel de baño, pasta de dentes.
- ✓ Botes de plástico de produtos de limpeza doméstica, tales como deterxentes, lixivia, suavizantes.
- ✓ Bolsas de plástico tanto de asas ou sen asas e “film” plástico de envasado de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

alimentos (ao detalle).

- ✓ Bandexas de plástico, de cortiza branca ou gris (porexpan) ou de aluminio, sempre que teñan consideración de envase (non de utensilio ou enxoval).
- ✓ Pequenas caixas ou de madeira
- **Residuos sanitarios asimilables a domésticos non punzantes, nin cortantes e non perigosos (non infecciosos, nin radioactivos)**
- ✓ Material de curas non infectado.
- ✓ Luvas e outros desbotables cirúrxicos.
- ✓ Xesos.
- ✓ Têxtil funxible.
- ✓ Roupa desbotables.
- ✓ Cueiros.
- ✓ Sondas.
- ✓ Bolsas de sangue valeiras.
- ✓ Filtros de diálise.
- ✓ Obxectos e material dun so uso contaminados con secrecións ou excrecións.
- ✓ Obxectos e materiais dun so uso que non presenten risco infeccioso.
- **Fracción resto**
- ✓ Materia orgánica. Se non hai recollida separada dela ou compostoiros.
  - Restos alimentarios e de cociña (de fogares, restaurantes ou colectividade) e de establecementos de venda ao detalle, agás aceites vexetais usados.
  - Residuos biodegradables como son os elementos de celulosa (papel de cociña e panos de mesa e papel hixiénico) limpos ou manchados de graxa ou alimentos, derivados da madeira (tapóns de cortiza e serradura) e outros compostables como bolsas compostables ou restos de infusións.
  - Restos de podas e residuos compostables de xardíns, sempre que estean debidamente triturados. (se non hai recollida separada, deberán estar secos para ir na fracción resto).
- ✓ Cueiros
- ✓ Papel de celofán.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

- ✓ Pratos, vasos de plástico e de papel, usados e/ou manchados.
- ✓ Panos de mesa de papel.
- ✓ Bolígrafos, rotuladores.
- ✓ Cepillos de dentes.
- ✓ Xoguetes de pequeno tamaño, non electrónicos e sen pilas.
- ✓ Luvas de goma.
- ✓ Perchas.

**2º.- Someter o expediente e a ordenanza a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de 30 días hábiles contados dende a publicación do anuncio no BOP, realizándose tamén a pertinente publicación no Portal de Transparencia da Deputación Provincial de Ourense.**

**Durante o expresado prazo poderanse presentar as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, que serán resoltas pola Corporación Provincial, coa aprobación definitiva, se é o caso. De non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial adoptado.**

Neste momento pide a palabra o deputado do **Grupo do PSdG - PSOE, don Miguel Bautista Carballo**, para pedir que se trate primeiro o punto décimo terceiro da orde do día (que é unha moción do seu Grupo), debido a que hai xente que a vai defender e quédalles unha longa viaxe de volta aos seus domicilios.

O **Sr. presidente** responde que por el non hai ningún problema, preguntándolles aos grupos se eles aceptan. Ningún grupo se mostra contrario a esta petición polo que se altera a orde do día e débátese primeiro os puntos que orixinalmente eran o 14º (**moción do Grupo do PSdG – PSOE para a retirada do anteproxecto da Lei 8/2008 e mantemento da área sanitaria de Valdeorras**) e 15º (**moción do BNG para o mantemento da área sanitaria de Valdeorras**), que deste xeito pasan a ser os puntos 13ª e 14ª. O debate será conxunto e a votación separada.

**13º. MOCIÓN DO GRUPO DO PSdG –PSOE PARA A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DA LEI DE MODIFICACIÓN DA LEI 8/2008 E O MANTEMENTO DA ÁREA SANITARIA DE VALDEORRAS.-**

O Sr. Presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Miguel Bautista Carballo, portavoz do Grupo do PSdG – PSOE**, anuncia que o seu grupo cede a súa quenda de intervención ao portavoz da Plataforma Sanitaria de Valdeorras.

**D. Orlando Saavedra Cantillana, representante da Plataforma Sanitaria de Valdeorras**, toma asento na bancada do Grupo do PSdG- PSOE, realizando a seguinte intervención:

**D. Orlando Saavedra Cantillana, representante da Plataforma Sanitaria de Valdeorras**: señor presidente, señoras diputadas, señores deputados. Pido disculpas, me voy a expresar en castellano porque pienso en castellano y lógicamente que para reflejar mis ideas me hubiera gustado poder *falarlles en galego*. Mi nombre es Orlando Saavedra Cantillana, médico cirujano. Desde el año 1984 me he dedicado a la gestión sanitaria teniendo responsabilidades de gestión y dirección en diferentes hospitales de Galicia, de la Comunidad de Asturias, de la Comunidad de Madrid. Estoy ante ustedes como portavoz de la Plataforma Sanitaria de Valdeorras en donde represento al Concello de O Barco en mi calidad de concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade. Tenéis ante vosotros una moción presentada por el Grupo Socialista de esta Diputación donde se propone que, como Pleno de esta Diputación, se solicite al gobierno de la Xunta de Galicia la retirada del Anteproyecto de Ley de modificación de la Ley 8/2008, de 10 de julio, de salud de Galicia; haciéndose eco de lo que la Plataforma Sanitaria de Valdeorras emitió el 17 de agosto de 2017 en defensa del área sanitaria de Valdeorras. Estamos aquí como Plataforma Sanitaria para defender esta moción con el convencimiento que representamos la voluntad de una gran mayoría social de ciudadanos de las comarcas de Trives, Viana y Valdeorras que ven este Anteproyecto con preocupación y con una gran incertidumbre respecto al futuro de la sanidad en la comarca y en su medio rural, tanto en lo que respecta a la atención primaria, como a la atención especializada y hospitalaria; por tanto, una gran preocupación por su salud, por su atención sanitaria, por su calidad de vida, por el solo hecho de residir en la periferia, en el rural gallego. Este Anteproyecto incluye una serie de modificaciones sobre la Ley 8/2008 de mucha relevancia para el Sistema Galego de Saúde. Me centraré, en particular, en lo que afecta al área sanitaria de Valdeorras al plantearse una nueva organización del mapa sanitario y por eso estamos aquí, para buscar vuestra solidaridad y



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

apoyo. El área sanitaria de Valdeorras está a desaparecer. Se integrará en un área sanitaria única a nivel provincial, correspondiéndose con la hasta la fecha conocemos como EOXIS de Orense. Se crea una nueva distribución geográfica que se denomina distrito donde quedaría incluído nuestro entorno sanitario y social. Todo lo que ello conlleva queda por ser determinado por Decreto del Consello de la Xunta, tanto en lo que se refiere a las áreas sanitarias, como a los distritos. Distritos que se vinculan a la existencia de los actuales hospitales comarcales y nada se dice de su cartera de servicios, de sus niveles de estructura técnica que deben alcanzar, plantillas para su funcionamiento con eficiencia y calidad. Nada se dice sobre circuitos y mapas de derivaciones según patología y su cartera de servicio. Una gran incertidumbre que nos lleva a pensar que, dentro de pocos años, el Hospital Comarcal no será más que un centro de especialidades sin consultas externas y un centro de urgencias con escasa capacidad de resolución. La realidad es tozuda y la percepción de la población desde la creación del EOXIS es una pérdida progresiva de la capacidad resolutoria de las actuaciones médicas y con un estado de reclamación permanente para mantener a tecnología actualizada que permita recibir de los profesionales sanitarios una atención adecuada y esto unido a la percepción de la pérdida progresiva de plantilla de personal sanitario necesario para dicha atención. Este Anteproyecto refuerza el hospitalocentrismo, olvida más a las estructuras de atención primaria y no aporta nada a las soluciones que, desde un servicio sanitario público, debemos buscar a los nuevos tiempos de la medicina. No hacemos más que constatar que nos hacemos ciudadanos de segunda por el hecho de vivir en la periferia de la capitalidad. Las zonas sanitarias, estructuras básicas de atención sanitaria, unida en la actualidad a cada concello y en sus estructuras de atención primaria, como son sus centros de salud, quedan sometidas a la misma incertidumbre. El número de ellos será aprobado por Decreto del Consello de la Xunta de Galicia, con una modificación sustancial en la redacción del artículo 60 donde cambia el texto que dice la actual Ley, *teniendo en cuenta las necesidades sanitarias de la población*, por una que dice: *teniendo en cuenta los recursos sanitarios existentes*. Esta aparente pequeña modificación administrativa deja abierta la puerta para que los recursos rurales vayan desapareciendo, sin poner sobre la mesa una verdadera solución, la más acertada, para responder a las necesidades asistenciales de la población rural en cuanto al desarrollo de su atención primaria, la atención continua, la dispersión, la política de salud preventiva, los

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

aspectos sociales del abandono rural y las comunicaciones. Como consecuencia de la pérdida del área y por propia reforma de la Ley, se genera una pérdida de capacidades de participación ciudadana. Desaparece la Comisión de participación ciudadana a nivel comarcal y se reforman los Consellos de Saúde de área y el Consello de Saúde de Galicia. Tanto su composición como su funcionamiento queda sometido a futuros Decretos a aprobar por la Xunta de Galicia. A nivel laboral, desaparece la Junta de Personal para ser reintegrada en una Junta a nivel provincial; silenciándose así, a nivel comarcal, una voz de denuncia y una voz de defensa de los trabajadores sanitarios y de los usuarios del sistema. Mi ánimo no es extenderme más, deciros que todo el movimiento social que se está pronunciando en el oriente orensano y que mañana sábado, a las 7 de la tarde, saldrá a la calle, es por un Anteproyecto de Ley que no ha tenido sensibilidad política, que no ha valorado la realidad de las comarcas y su historia de lucha por sus derechos y sobre todo Valdeorras con su existencia como área sanitaria. Un Anteproyecto que se ha sacado en el mes de agosto sin participación política de la ciudadanía a través de sus representantes en el Parlamento de Galicia, de sus comarcas afectadas, de sus concellos; sin participación de los representantes de los trabajadores de la sanidad, sin consultas a organizaciones profesionales como colegios médicos y de enfermería. Creemos que la reforma de una Ley de salud, y por muy administrativa que parezca, merece el mayor consenso posible. Es necesario, es imprescindible que el Gobierno de la Xunta modifique este camino iniciado el 2 de agosto. Por eso pedimos la retirada del Anteproyecto de Ley que modifica la Ley 8/2008 del 10 de julio, de Saúde de Galicia. Pedimos la creación de un grupo de trabajo que incluya a representantes de todos los partidos del Parlamento de Galicia, a la FEGAMP, sindicatos, asociaciones de pacientes, colegios profesionales de la sanidad y otros colectivos de relevancia en el entorno sanitario gallego, con la finalidad de elaborar un informe final de conclusiones que será de acceso público y que propondrá las posibles mejoras normativas para el sistema gallego que se precisen. Os pedimos un compromiso con el Oriente orensano, con las comarcas de Trives, Viana y Valdeorras aprobando esta moción. muchas gracias por vuestra atención.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas, señor presidente. Nós tamén cedemos o noso primeiro turno de intervención, co cal vou a facer unha única intervención e vai a ser basicamente para poñer enriba da mesa cales eran os

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

acordos, ou cales son os acordos que nós propoñiamos na nosa moción, que non defiren no fundamental dos da moción do propio Partido Socialista. Nós, demandariamos da Xunta de Galicia as seguintes medidas:

1. *Retirada do Anteproxecto de Lei polo que modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Galicia.*
2. *O mantemento da Área Sanitaria de Valdeorras para favorecer o coñecemento dos problemas de saúde da comarca, a eficacia e a continuidade da atención, co lóxico beneficio para os usuarios e as usuarias.*
  - a. *Descentralizando as tomas de decisión e respectando as competencias e a autonomía da Área Sanitaria.*
  - b. *Desenvolvendo unha xerencia, próxima, con funcións de identificación de necesidades de saúde, planificación e xestión asistencial, de saúde pública e saúde laboral e socio-sanitaria.*
  - c. *Poñendo en valor do Hospital de O Barco, dotándoo do persoal, material e tecnoloxía necesarios para unha atención adecuada ás persoas do seu ámbito de actuación.*
3. *Poñer en marcha un plan de Mellora de Atención Primaria, como porta de entrada ao sistema sanitario, é un elemento chave para o sistema sanitario público galego. Dotándoa cos recursos económicos, técnicos e humanos que sexan precisos para prestar un bo servizo e unha boa calidade asistencial e devolverlle a súa capacidade organizativa e de xestión e a recuperación de xerencia directa.*
4. *Proceder á constitución e convocatoria inmediata do Consello de Saúde da Área Sanitaria de Valdeorras.*

Estes son os nosos acordos. En canto ao que é a exposición de motivos e á argumentación para defender isto reiterar a nosa total coincidencia co que xa expresou o portavoz da Plataforma e, aínda que tanto a moción do Partido Socialista, como a moción do BNG na comisión informativa foron ditaminadas negativamente, cos votos en contra do Partido Popular, solicitamos que repensen esta postura e que finalmente estas mocións poidan saír aprobadas porque, dende o noso punto de vista, recollen o que é o sentimento

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

maioritario, polo que aquí se expresa, da xente desta comarca organizada en torno a esta Plataforma. Nada máis e moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana**, ola, bos días. Nós votaremos a favor de ambas mocións porque interpretamos que encaixa coa nosa reiterada protesta acerca da crónica e sempiterna discriminación que a Xunta ten coa provincia de Ourense en moitos aspectos, e este é un deles, o aspecto sanitario e particularizado nunha comarca concreta como é a comarca de Valdeorras. Dentro desta filosofía que ten o noso partido, esta loita permanente na que sempre insistimos que é que a Xunta discrimina á provincia de Ourense, nese contexto, pois entendemos que teñen sentido as peticións que se fan tanto na moción do PSOE como na do BNG. Aínda que é instar, como solemos dicir, cando se insta especificamente para a nosa provincia, ou neste caso para unha comarca concreta da nosa provincia, pois votaremos a favor. Grazas.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular**, moitas grazas presidente. Moi bo día a todos os que se atopan neste salón de actos que fago extensivo, nesta ocasión, ao amigo Orlando Saavedra, que nunca pensei debater con el, porque ademais traballamos xuntos, e tamén á Plataforma que aquí se atopa. Unha vez máis, e xa van incontables veces: deterioro da sanidade pública, diminución da calidade, introduciu o doutor Saavedra que ademais da calidade de vida - claro se hai diminución da calidade asistencial, pode levar consigo diminución da calidade de vida -, recortes... Discriminación da Xunta con Ourense – di o señor Ojea - home aquí entra tamén Monforte, Barbanza, Cee; polo tanto no se quede só aquí. En calquera caso, estes argumentos tan repetitivos, magnas expresións negativas eu creo que deixan de ser cribles co tempo. ¿Cantas manifestacións e concentracións houbo en Monforte, no Barco, de que desaparecía o Hospital? Dixo o doutor Saavedra que ía a quedar un ambulatorio, un centro de especialidades. ¡Home! eu creo que cando se fala de sanidade hai que ser un pouco obxectivos, porque eses argumentos que oímos agora, xa os oímos moitas veces e ¿sabe cal é o resultado? Doutor Saavedra vostede foi xerente do Hospital de Valdeorras, eu preguntolle: ¿había especialidades? Por exemplo, ¿había TAC?, ¿había mamógrafo?, ¿había especialidade de uroloxía, reumatoloxía, cardioloxía? Non, e sen embargo o actual goberno galego dotou de seis especialidades máis dende o ano 2012 ao 2017. E vostedes, do 2012 o 2017, xa se cansaron e saíron á rúa que o Hospital do Barco ía desaparecer, que se ía a privatizar... Polo tanto, deixemos esas

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

*fantasmadas* porque, ata agora, non desapareceu nada; creceron as especialidades e aumentaron a calidade asistencial do hospital de Valdeorras. Eu en primeiro lugar o que quero dicir é que se trata dunha reforma da Lei de saúde, dunha reforma da Lei de saúde que está aquí, que non é grande, unha reforma da Lei de saúde, como dixo ben vostede, 8/2008 que xa ten case dez anos de vida. E a pregunta que nos debemos facer é ¿alguén ignora que dende o ano 2008, con case dez anos de existencia desta Lei, non hai unha nova realidade social, demográfica, epidemiolóxica, socio - económica de accesibilidade? O que fai imposible que sigamos aplicando a Lei 8/2008. Aquí parece que agora vostedes, e cando digo vostedes os socialistas e o BNG, que se congratulan, que se autodenominan progresistas, agora resulta que o progresista é o Partido Popular. Claro que somos progresistas, o que pasa é que nós somos conservadores para os logros xa obtidos e excelentes progresistas para os que hai que obter e por isto facemos esta reforma. Non é alleo, señor Saavedra, que os decretos das EOXIS, das estruturas organizativas de xestión integrada, foron despois, foron *a posteriori* do 2008; polo tanto esa é unha razón máis que evidente para que haxa que reformar a Lei, porque foi un Decreto sobrevido. Tamén lle recordo que, cando se crearon as EOXIS, tamén xa fixeron concentracións, manifestacións... ía a desaparecer o hospital. ¡Concho! Pois non desapareceu e creceu en seis especialidades. Polo tanto, pídlles unha vez máis que falemos obxectivamente cando falemos de sanidade; porque a xente, é normal cando se lle toca a saúde, sinta sensibilidade. Dixéronlle que ían a cobrar por servizos, que as consultas e ingresos tamén, nestas manifestacións e concentracións últimas aínda non o dixeron, en anteriores si. Dixeron en Vigo que as xentes, os usuarios, íamos ir a un hospital privado; aínda non encontrei un paciente que pagara por entrar no Cunqueiro. E houbo manifestación grande, porque claro, houbo unha manifestación moi grande en Vigo, ao dicirlle que había que pagar e que era un hospital privado, a xente sae á rúa. Que eu saiba, non houbo hospital privado. Fíxome gracia - gracia por non dicir outra palabra - que ata ían a cobrar por utilizar as cadeiras de brazo das habitacións do Cunqueiro. ¡Ata onde chega o pensar! Que eu saiba aínda non se cobrou por unha cadeira de brazo das habitacións. Polo tanto, pérdese moita credibilidade cando se fai certa ostentación cara á negatividade da sanidade. Polo tanto, eu creo que do Hospital de Valdeorras xa lle dixen que se crearon seis especialidades máis dende o ano 2012 e, segundo me di a Consellería, 1.500.000€ de investimento; o que confirma a aposta

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017**

inequívoca da Consellería polo Hospital de Valdeorras: ¿ou vai investir 1.500.000 € nestes anos para despois, como di vostede, pechar o Hospital e crear un centro de especialidades? ¡Home, ata aí chegaríamos, creo que non!. Polo tanto, o que se trata é de crear o distrito sanitario como marco de referencia de coordinación, iso si, da atención primaria, da atención especializada e da atención socio-sanitaria que estarán ligados ao hospital de referencia, que ese hospital de referencia será, neste caso, o hospital que falamos de Valdeorras, o Hospital Comarcal. A modificación, e para tranquilidade de todos, non altera, en absoluto, a asignación de médico; como están a dicir que vai a alterar a asignación de médico o hospital que na actualidade corresponde a cada paciente. ¡Para nada se vai a alterar! Non altera, en ningún caso o actual sistema de contratación temporal, tamén andan metendo medo por iso, que non o van a alterar para nada. O sistema, ademais, xa funciona así como distrito para Barbanza, Cee e Verín. ¿Ou alguén pode dicir que Verín, por non ser área sanitaria, foi desprezada estes últimos anos sendo distrito? Unha cousa é sobre o papel. Eu creo algún médico, señor Saavedra, xa lle dixon nestes días algún médico do Barco, se tivo algún reflexo, que vostede o debe de saber ben, sendo área cando estaba xestionando alí a xestión dos recursos sanitarios, para nada, era máis sobre o papel que a realidade. Polo tanto, aquí o que se vai a facer é reformar por Lei os hospitais comarcais, neste caso o de Valdeorras, o de Verín xa é distrito sanitario. Será o distrito unha nova figura legal que permitirá amparar, como digo, e repito, por Lei a existencia dos hospitais comarcais; polo tanto haino que velo así. Eu quixera que me dixeran algo, no caso de Verín, con 68.000 actos asistenciais levados a cabo por profesionais do CHUOU en servizos como cardio, dixestivo, ou neuroloxía, onco, reuma e uroloxía ¿resentiuse por ser distrito? Foron 68.000 actos. Para ser distrito non está nada mal. ¡Bendito distrito veña aquí!. ¿Alguén me pode dicir que, por existir este Decreto, se van a alterar, fala dalgún tipo de recortes, ou de desaparicións de hospitais? Repáseno, eu estiveno repasando, non solo me conformo co que me di a Consellería, podo pensar eu, aquí para nada fala de que o Hospital vai a ser un ambulatorio ou un centro de especialidades. ¡Para nada! Polo tanto é un invento semántico o que se está a dicir aquí. Polo tanto, eu creo que a Lei do ano 2008 non representa á realidade actual do SERGAS, porque son 11 áreas sanitarias, 14 hospitais, 7 EOXIS; non coincide en nada, polo tanto hai que reformar a Lei. Hai que reformar a Lei 8/2008 porque se fai necesario polos Decretos e as novas estruturas e as novas infraestruturas que son unha

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

realidade hoxe. Polo tanto, señoras e señores, pido unha vez máis que se respecte e que se fale con obxectividade cando se fale de sanidade, e non dicirlle aos veciños, aos cidadáns – que todos somos pacientes en potencia - que vai a desaparecer o Hospital e a calidade de vida e a calidade asistencial. Por certo, tamén fala vostede, cando se quere dicir moito, en fin, tamén se cae nesa *tropelía*, no mes de agosto hai, efectivamente, vacacións, doutor Saavedra, claro que hai vacacións; pero tamén nas hai no mes de xullo, no mes de setembro, no mes do Nadal. Non sei se vostedes pretenden que o portal de transparencia peche a metade de ano. Agosto agora non, porque hai vacacións, en setembro tamén hai vacacións, no Nadal tamén hai vacacións, en semana santa tamén hai vacacións. ¿Non sei cando se poden quitar os Decretos? ¿Non sei cando se poden quitar os Decretos e as reformas das leis? Polo tanto, iso omítalo. En todo caso, aquí estamos a falar para mellorar a calidade asistencial, para mellorar a calidade de vida dos nosos cidadáns aos que nos debemos e esta reforma da Lei, dunha Lei que leva dez anos en vigor, faise necesaria, e non dicir que porque desapareza a área que é máis no papel, é todo no papel, e non á hora da verdade de dar servizo, vai a modificar e vai en contra dos veciños. Pódolle asegurar que non, porque ademais a Consellería non ía a gastar, perdón, non ía investir 1.500.000€ para pechar un hospital. Nunca o pechará, niso doulle a palabra. Nada máis e moitas grazas.

**D. Orlando Saavedra Cantillana, representante da Plataforma Sanitaria de Valdeorras:** bueno, voy a ser breve, realmente me alegro que las intenciones, la intención final...yo creo que cuando todos estamos de acuerdo en que queremos y estamos luchando por mejorar la sanidad, por tener las mejores condiciones; en definitiva, desde la comarca no tenemos más intención que salvaguardar lo que creemos que son unos derechos y creemos que, de alguna manera, veladamente se han venido socavando. Si hay esa intencionalidad en la que todos estamos de acuerdo, realmente en que vamos a potenciar la sanidad, por qué no llegamos a desarrollar, cuando una Ley de sanidad es un elemento tan importante, que tiene tanta sensibilidad para la población, lo ha dicho usted, ¿por qué no llegamos a un consenso y no somos capaces de, previamente a sacar un Anteproyecto, de poner sobre la mesa la necesidad de cambiar una Ley de sanidad que desde el 2008 ya estaba quedando anticuada? Posiblemente, si yo estoy de acuerdo en que la sanidad va cambiando, es decir, hay situaciones de la medicina actual que necesitamos ponernos a pensar para poder darle soluciones a las necesidades que tiene a población. Pero, ¿por qué

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

no podemos buscar una Ley de consenso? Y cuando yo digo se sacó en agosto, técnicamente no tengo nada que decir, salió en el portal de transparencia, pero, a ver, nos enteramos porque los sindicatos fueron los primeros en enterarse y mandaron una resolución a los diferentes concellos para que tomáramos posicionamiento al respecto. Si realmente toda la intención es mejorar, realmente, la sanidad de nuestra ciudadanía pues ¿por qué no buscamos un consenso? Eso es lo que estamos proponiendo. La comarca lo que está proponiendo es retirar, digamos, el procedimiento como se ha hecho este Anteproyecto y formar un grupo de trabajo amplio donde estén representados todos los que ya hemos dicho para que realmente se haga una Ley de consenso que no dé soluciones para dos o tres años, porque el Decreto de la EOXI al final no se desarrolló, quedó como Decreto y hay que buscarle soluciones. Pues la sanidad necesita soluciones, no de tres años, de cuatro años, necesita soluciones de diez y, a lo mejor, de quince años, en proyección y para eso tenemos que hacer una Ley de consenso. Alguna vez tendremos que encontrar un espacio para que nos pongamos de acuerdo en algo, si estamos tan de acuerdo en el tema de la sanidad ¿por qué no nos podemos poner de acuerdo en una Ley de consenso? Nada más.

**D. Rosendo Luis Fernández Fernández, do grupo do Partido Popular:** estou totalmente de acordo co que di o doutor Saavedra, pero eu aquí teño un Anteproxecto de lei polo que se modifica a Ley 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia; isto admite as alegacións precisas. Polo tanto, se vostedes queren chegar a un acordo, teñen a posibilidade, porque estamos no Anteproxecto. Polo tanto, como non, lle teño que dicir que si, vostedes teñen a posibilidade de modificala a través das súas alegacións. Adiante. Pero o que non me pode dicir, que é o fondo da cuestión, como dixó na primeira intervención, é que o Hospital do Barco ía quedar como un ambulatorio ou como un centro de especialidades, porque a calquera persoa que llo diga, efectivamente, entralle a preocupación. Iso é o que rexeito eu. Porque ¿canto tempo levamos oíndo que o Hospital do Barco, que o Hospital de Verín ían a desaparecer? Eu oíno moitísimas veces e a forza de repetilo, xa lle digo de verdade, non son cribles. Vostede sabe moi ben, e non o dixó, que cando vostede era xerente nin había TAC, nin había mamógrafo, nin había reumatoloxía, nin había uroloxía, nin había cardioloxía; hoxe haino, evolucionamos. E se se fixo unha aposta de 1.500.000 € nos últimos anos, non será para pechar o Hospital do Barco. ¿Foise mellorando ou non? Pero, ademais, tampouco me din aquí unha cuestión, non mencionan que o Anteproxecto contempla beneficios. Solo



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

son escurantismos, solo é quitar, restar. Non, mire, hai un recoñecemento por Lei do Consello Asesor de Pacientes. Pregunto, ¿cantas veces no Hospital de Valdeorras se reuniu o Consello Asesor de Pacientes? ¿Cantas? ¡Cero! Pois aquí está recollido por Lei porque, como non estaba recollido por Lei, non se reunían e aquí está recollido por Lei neste Anteproxecto. Creación da Comisión interdepartamental entre Sanidade e Educación. Pois a min paréceme moi positivo que entre a educación dentro da sanidade, pois recolleo este Anteproxecto de lei. Os itinerarios profesionais. O recoñecemento da autoridade sanitaria dos inspectores de saúde pública; pois está recollido no Anteproxecto. Tamén hai que falar da vertente positiva que está contemplada no Anteproxecto e que non fan uso dela. Mire, eu para rematar, dígolle unha cuestión. Estamos diante dunha reforma sanitaria da Lei sanitaria de Galicia e da consolidación dun novo modelo que a actual Lei sanitaria de Galicia non recolle o que permitirá, por Lei, a mobilidade dos profesionais para desprazarse dende o hospital da área ao hospital de distrito; cousa que, ata o de agora, había moitísimos problemas e, ademais, para recoller esta nova Lei todos os Decretos sobrevidos dende o ano 2008. Eu non si se os conenzo ou non, pero como sanitario e como médico podo dicir lle que o hospital de Valdeorras para nada vai a desaparecer e si que se vai a potenciar. O que estamos é blindando por Lei unha nova e mellor calidade asistencial. Nada máis e moitas grazas.

**D. Miguel Bautista Carballo, portavoz do Grupo do PSdG - PSOE**, dende logo que non vai a desaparecer, pero non vai a desaparecer porque os veciños e veciñas de Valdeorras non o vamos a permitir. Non o vamos a permitir baixo ningún concepto, os veciños e veciñas de Valdeorras non o vamos a permitir. Se queren que desapareza é o seu problema, os veciños e veciñas de Valdeorras no lo vamos a permitir. Iso en primeiro lugar. ¿Que medo lle entrou para que saia hoxe o señor Vázquez en todos os periódicos cun parlamentario e anuncian que *el Hospital de el Barco tendrá más servicios?* Din: *se crearán más y mejores servicios sanitarios y la atención será más próxima al domicilio.* Explíquenllelo aos de Vilamartín, explíquenllelo aos veciños de Vilamartín que se xubilou o médico hai tres meses e aínda non llo cambiaron ¿por que non llo explican aos de Villamartín iso que di o señor conselleiro? Mire, voulle a explicar, ademais quéntame esta historia, ¿vostede sabe canto lle leva a un veciño de Quereño chegar a Ourense? ¿vostede sabe canto lle leva a un veciño de Quereño chegar a Ourense? ¿vostede sabe canto lle leva a

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

un veciño do Bolo, que aí está o portavoz socialista do Bolo, a un veciño do Bolo que non ten transporte para vir aquí a Ourense e que tivo unha cita ás dez da mañá e que tivo que vir durmir a Ourense? Sanidade pública gratuíta, ¡carallo!, pero ¿e o outro? ¿os desprazamentos? Pero somos sempre os mesmos, sempre somos os mesmos. ¿Canto costa desprazarse? ¿Canto lle custa a un veciño desprazarse? Que non hai autobuses, que non hai tren, señores, ¡dunha vez, por favor! e despois vostedes falan do rural, de axudar ao rural. Cada vez que vostedes falan de axudar ao rural, morre un *pueblo*, así de claro. É imposible, é imposible vivir no rural, porque vostedes mesmos o matan. Mire, mañá vai a haber unha gran manifestación sen o apoio do Partido Popular, é verdade, pero a xente igual mañá ímoslle demostrar que imos encher as rúas do Barco de xente e vostedes van coller medo, dígollo sinceramente. Dígolle máis, cada vez máis nos están a desprazar vostedes a Ponferrada, ¿sabe cal é o mellor negocio en Ponferrada? Unha clínica hai alí en Ponferrada, chea de valdeorreses que van facer as probas. Iso é demostrable, cando queira demóstrallo. O mellor negocio que hai en Ponferrada é a Clínica Ponferrada, porque catro meses, seis meses, oito meses para unha proba, claro, por cen ou cento e pico euros tela en Ponferrada. Estannos desprazando en todo, vamos facer o carné de identidade a Ponferrada. Eu hoxe oín aquí, provincia, provincia, provincia. Pregunto ¿Valdeorras pertence a esta provincia? Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#)

Unha vez concluído o debate conxunto das dúas mocións, a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a moción do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

#### **14º. MOCIÓN DO GRUPO DO BNG PARA O MANTEMENTO DA ÁREA SANITARIA DE VALDEORRAS.-**

O Sr. Presidente somete a votación a moción do BNG, debatida conxuntadamente coa do Grupo Socialista no unto anterior, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

**15º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE OS DANOS CAUSADOS POLO PEDRAZO NO MES DE AGOSTO NA PROVINCIA DE OURENSE.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción.

**D.<sup>a</sup> Ana M.<sup>a</sup> Villarino Pardo, portavoz do Grupo Popular**, grazas señor presidente. Moi bo día a todos. Xeada, seca, pedrazo pode parecer que estamos escoitando o tempo, ou que estamos diante dunha clase explicativa de fenómenos meteorolóxicos adversos; pero non, estamos diante do ano máis nefasto para o sector primario da nosa provincia no que o viñado, o castiñeiro, a horta ou o mel son os grandes prexudicados e, consecuentemente, a economía dos nosos pobos e das nosas xentes. No Pleno ordinario do mes de abril aprobamos unha moción de urxencia presentada polo Grupo Popular, polos efectos da xeada. Unha xeada negra que durante os días 26 e 27 de abril causou estragos nos cultivos, especialmente nos nosos viñedos. No Pleno ordinario do mes de xuño abordamos a seca, unha situación que segue e persiste a pesar que no calendario se nos diga que estamos no outono. Por se estes dous fenómenos non fosen suficientes, a finais do mes de agosto, o domingo día 27, o pedrazo intensificou os problemas do noso agro. Non imos concretar, nin facer un ránking, de que concellos ou que localidades da provincia foron as máis afectadas en cada un dos fenómenos meteorolóxicos adversos que citamos; o que pretendemos e pór enriba da mesa, unha vez máis, que o sector primario, a agricultura e a gandaría da nosa provincia precisan axuda. Axuda para vivir dignamente do campo, con explotacións rendibles e competitivas. É por isto polo que o Grupo Popular presentamos con data un de setembro unha moción polos danos causados polo pedrazo no mes de agosto na provincia; unha moción que obra en poder de todos os deputados e que vou a ler os acordos e propostas que facemos a este Pleno:

*1.º Facer un estudo e un seguimento a través do Instituto do Campo en contacto con Consellos Reguladores e demais asociacións e agrupacións agrarias do estado dos principais produtos cultivados no noso territorio e a incidencia que a treboada tivo na súa produción.*

*2.º Instar á Xunta de Galicia, ao Ministerio de Agricultura e demais administracións, que no ámbito das súas competencias establezan as medidas e mecanismos necesarios, facendo campañas para concienciar sobre a necesidade da contratación de seguros agrarios.*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

*3.º Solicitar á Xunta de Galicia unha diferenciación clara polos feitos ocorridos nos últimos días, unha liña de axudas para paliar os danos ocasionados e solicitar a tramitación como Zona de Emerxencia das distintas áreas afectada.*

Esta é a nosa proposta para a que solicitamos o apoio dos distintos Grupos. Nada máis e moitas grazas

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. Adiantarlles xa que o noso voto vai a ser favorable a esta moción do Grupo Popular. Non obstante, imos lembrarlle, aínda que seguro que o coñecen, cales son as demandas dos concellos de Cenlle e Castrelo, os máis afectados polo pedrazo, en reunión que mantiveron coa conselleira. En primeiro lugar, demandan que a Xunta de Galicia abra un rexistro de afectados. Para iso, a través da Oficina Agraria Comarcal das zonas afectadas, se tome rexistro de tódolos labregos e labregas afectados así como da superficie real danada pola xeada e o pedrazo. Cuantificar os danos. Declaración de Colleita no Consello Regulador da D.O. Ribeiro. Ano 2017 comparado con media de últimos 5 anos. En segundo lugar que se implemente unha liña de axudas con importe igual á dos viticultores e viticultoras da Ribeira Sacra, concretamente do Concello de Sober, e a Orde do 19 de Setembro de 2016. Estas axudas por superficie afectada, sufragarían en parte os traballos necesarios de recuperación e mantemento dos viñedos afectados. Isto suporá en definitiva o non abandono das explotacións. En terceiro lugar, demandan a condonación - non moratoria, nin prórrogas- nas cotas satisfeitas á seguridade social polos traballadores autónomos, durante un período non inferior a seis meses, así como que se solicite ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a posta en marcha dunha rebaixa aplicable no IRPF. En cuarto lugar, demandaban na reunión coa conselleira que a Xunta de Galicia, a través do IGAPE, poña a disposición dos afectados, unha liña de créditos, sen custes de tramitación e con xuro cero que permitan paliar os danos económicos provocados pola perda de ingresos e as necesidades de liquidez e circulante e ao mesmo tempo que aqueles viticultores, colleiteiros e adegas, que teñen créditos con entidades bancarias se negocie unha moratoria nas cotas de préstamos xa subscritos. En quinto lugar que a Xunta de Galicia traballe nunha mesa de negociación co sector e coas compañías aseguradoras para facer posible a existencia dunha oferta aseguradora real, adaptada e eficaz

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

para as nosas producións. En sexto lugar, que a Xunta de Galicia promova o acordo no sector para a aprobación de contratos homologados para garantir os ingresos dos viticultores, para garantir o relevo xeracional e para evitar o abandono do viñado e a perda continuada de hectáreas de viñado en produción na denominación de orixe Ribeiro. Estas medidas son medidas reais que xa se aplicaron noutras zonas e as cales con vontade política se poden levar a cabo. Recordamos que se trata de axudar a un sector básico e fundamental para os nosos concellos, nos que a viticultura é o motor económico e social. Persoas gravemente afectadas que necesitan máis que nunca destas axudas, axudas que son imprescindibles para a subsistencia e preservación dunha identidade, dunha paisaxe e das súas xentes, xentes que poderían deixar de estar fixadas no rural despois de acontecementos como os que levamos vivido. Reiterar, xa para finalizar, o noso voto a favor. Moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana**, ola de novo a todos. Eu tamén vou a adiantar o voto a favor do noso Grupo, aínda que o motivo de votar a favor vén máis polo espírito da moción e polas boas intencións que parece amosar; pero *bueno*, tamén sabemos o que dicía aquel famoso escritor de *que as boas intencións son as pedras do inferno*. Ás veces as boas intencións non bastan. Porque se a Deputación tivera un verdadeiro interese en, chegado o momento, poder axudar a paliar os efectos destas treboadas e destes fenómenos meteorolóxicos podería facer maior a súa partida de continxencias que nos parece verdadeiramente miserable, 10.000 € para corrixir imprevistos, non sei. Nesa partida de imprevistos, e a tenor do que leva sucedido nos últimos meses e nos últimos anos pódese estar xa pensando na posibilidade de que pasen cousas similares o ano que vén ou nos próximos anos e ter esa partida máis xenerosa para axudar aos concellos que poderían tomar parte tamén nesta clase de axudas, sen que a Xunta de Galicia e os Ministerios correspondentes e as Administracións correspondentes tamén tiveran a súa parte de responsabilidade; pero no caso concreto da Deputación se houbera un interese real, pois imos apartar uns cantos miles de euros, pero xenerosos, pensando en darlles aos concellos que como sempre se di que son as administracións máis próximas aos cidadáns e que poderían coñecer os problemas de primeira man alí e saber quen pode precisar axuda e quen non, coñecendo sobre o terreo os danos; pois esa xa sería unha primeira cousa: que a Deputación habilítase unha partida para isto. Despois, claro, o resto é analizar os acordos que se propoñen. A min parécenme extremadamente ambiguos e, nalgún caso, ata de dubidosa corrección na redacción. Di primeiro acordo:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

*facer un estudo e un seguimento a través do Instituto do Campo en contacto cos Consellos Reguladores e demais asociacións e agrupacións agrarias do estado dos principais produtos cultivados no noso territorio e a incidencia que a treboada tivo na súa súa produción. Vale, aquí non hai nada que dicir. Sempre hai que facer un estudo previo e ese estudo en colaboración coas entidades involucradas. Ben, aí non temos nada que obxectar. Pero logo di, instar á Xunta de Galicia – aquí xa empezamos a tirar balóns fóra - ao Ministerio de Agricultura e demais administracións, que no ámbito das súas competencias establezan as medidas e mecanismos necesarios, e logo di: facendo campañas para concienciar sobre a necesidade da contratación de seguros. O xeito en que está redactado este segundo punto parece como que as únicas medidas ou mecanismos que se propoñen sexan as campañas para concienciar sobre a contratación de seguros; non fai referencia a outro tipo de medidas. Non sei se a cousa está ben redactada, de xeito ambiguo ou adrede, ou que se podería ter redactado mellor. Que se establezan as medidas e mecanismos necesarios facendo campañas para concienciar sobre a necesidade da contratación, ou sexa, ¿que esas medidas e eses mecanismos consistirían nesas campañas? Bueno, como tamén son unha cousa boa esas campañas, pois tamén votaríamos a favor pero non sei se se trata de que todas as responsabilidades desas administracións consistiran niso, no fomento dos seguros, que por certo, aí tamén hai bastante tela que cortar, xa sabedes. E terceiro, solicitar da Xunta de Galicia unha diferenciación clara, aquí non sei, imaxino que o que queren dicir é unha postura clara porque din: solicitar da Xunta de Galicia unha diferenciación clara polos feitos ocorridos nos últimos días, ¿unha diferenciación? ¿unha diferenciación sobre que? Entendemos que o que quere dicir é unha postura clara. Diferenciación, pois non sei, non sei exactamente o que quere dicir aquí, unha diferenciación clara polos feitos ocorridos nos últimos días. Non entendo ben o que quere dicir. Entendo que é unha postura. Unha liña de axudas para paliar os danos ocasionados e solicitar a tramitación como Zona de Emerxencia, vale, aí xa estaríamos de acordo. Ben, en total, votaremos a favor como dicía ao principio polas boas intencións que parecen rezumar; pero tamén parece que se queden en boas intencións sobre o papel porque hai moita falta de concreción e moita falta, entendemos nós, de verdadeira vontade de arranxar o problema. Grazas.*

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, do Grupo do PSdG - PSOE,** grazas presidente. Bo día

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

a todos e a todas. De non ser este un acto colexiado nunha institución pública, ben poderíamos pensar que estamos ante a actuación da famosa cantante mexicana Paquita la del Barrio, coa súa canción *Tres veces te engañé*. É a terceira vez que vostedes presentan en tres meses, case consecutivos, tres mocións ao respecto das inclemencias meteorolóxicas e os seus efectos adversos nos cultivos desta provincia; polo tanto, sobre as perdas que están a sufrir os labregos e as súas familias que son os veciños e veciñas para os que vostedes gobernan. Será pois, a terceira vez que demanden, que demandemos á Xunta e ao Goberno do Estado a solicitude de Zona de Emerxencia e tamén a solicitude de axudas para paliar os danos. ¿non lles parece un claro exemplo de incompetencia e impotencia política? A conselleira do ramo fai oídos xordos ante as súas demandas, segue a mirar cara outro lado ou ben a facerse a foto rodeada dos políticos de turno; pero non cos técnicos locais da súa propia consellería que son os que realmente coñecen e saben da problemática de cada zona. Pero de tramitar axudas e solicitudes de Zona de Emerxencia, de momento, nada de nada; se acaso o anuncio de 1,5 millóns de euros feito a dous alcaldes por parte da conselleira. Unha decisión tomada no Consello da Xunta do día 1 de setembro en dúas anualidades, pero non para paliar danos; senón para replantar explotacións vitivinícolas. ¡Que fácil é enganar á xente! Anuncios, notas de prensa e fotos que quedan moi ben para os xornais; mentres, a realidade diaria dos agricultores vese drasticamente mermada polos danos e con ela comprométese seriamente o seu futuro e tamén o dos gandeiros desta provincia por mor da seca e a imposibilidade de dar de comer e de beber aos seus animais, ante un ano – como vostede cualificaba - de adverso. Tres veces veñen de presentar neste plenario solicitudes de axudas para os profesionais do campo nesta provincia e non lles fan nin caso. ¡Ben pouco pesan vostedes nas decisións da Xunta de Feijóo! Este presidente, o alcalde dos alcaldes desta provincia, ¿non é quen de reunirse con Feijóo e a conselleira do sector para esixir solucións para o agro desta provincia? Fachendean vostedes, neste foro de debate, que gobernan unha ampla maioría de concellos desta provincia, ¿por que non se presentan todos diante do presidente para pedirlle solucións reais a problemas reais? Non somos nós quen fala, agora mesmo, dunha visión apocalíptica, señor portavoz e señora deputada. Na exposición de motivos da súa moción fálase de danos irreparables na produción agrícola e vitivinícola en especial, falan de desesperación, falan de panorama desolador, falan de que os pequenos agricultores están en risco na viabilidade económica das súas explotacións; polo tanto, no é a oposición a que debulla un panorama desolador. Están a pedir avaliar danos,

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017**

concienciar sobre a necesidade de contratar seguros, solicitar liñas de axudas á Xunta e mesmo a tramitación de Zona de Emerxencia. Todo isto está moi ben, pero ¿vannos escoitar por terceira vez? Dende o pasado mes de abril, día 28, en que aprobamos a primeira das mocións neste Plenario, pasáronlle cinco meses e a Xunta, de momento, deu a calada por resposta. Vese claramente o pouco que lle importa á Xunta as nosas demandas e como están a *ningunear* a un sector importantísimo desta provincia, representa o 15% da produción, e temos o 40% da superficie da provincia adicada a explotacións agrícolas e gandeiras. Dende fai cinco meses non foron atendidos nin escoitados nin vostedes como goberno amigo, nin os representantes dos labregos, nin os sindicatos, nin os consellos reguladores, nin os grupos políticos da oposición, nin as sinaturas dos afectados, nin as tractoradas dos gandeiros que xa non poden máis. Mentres, a conselleira, di sen ruborizarse en sede parlamentaria que se está facendo un traballo serio, rigoroso e constante. Xa se ve, cando vostedes teñen que estar presentando, neste foro de debate, a terceira moción para que se lles atenda. As perdas son cuantiosas, é verdade, para as familias do campo, para as organizacións agrarias que xa as cifran en 14 millóns de euros, e a colleita aínda non rematou. O futuro de moitos mozos e mozas que se incorporaron recentemente á actividade agraria está en risco e con el, non solo o seu futuro, tamén o patrimonio dos seus pais. Á conselleira dálle o mesmo, na comparecencia do mércores no Parlamento dixo que a colleita deste ano en zona vitivinícola íase incrementar nun 2,7% nas cinco DO. !Que llo pregunten a algúns colleiteiros das catro DO que temos nesta provincia!, principalmente aos do Ribeiro ou aos de Monterrei, vostede sábeo ben. O noso pedimento e que lle fagan caso e que os escoiten por terceira vez. Que llo pregunten tamén aos produtores directamente afectados un por un, aos que tiveron que adiantar a vendima antes da data sinalada porque ou vendimaban ou ao día seguinte o pedrazo podrecía os acios nas vides. Que llo pregunten aos da castaña. Que llo pregunten aos apicultores que van a recoller un 10% da mel. Esta é a realidade do agro, esta non é a visión apocalíptica dos Grupos da oposición. Esta é a moción que presenta o Grupo Popular. As tractoradas e as sinaturas xa non valen de nada. A conselleira non vén a Ourense a saber dos seus problemas do agro, vén simplemente a quitarse a foto. E xa, nun acto de cinismo político, pide do Ministerio que non se fagan inspeccións de traballo nas explotacións, porque os afectados resulta que pouco menos sofren un atropelo e cando se identifica aos familiares que están a facer a recolección da pataca ou mesmo a vendima, como se cunha actuación da Garda Civil, como se estiveran a perseguir



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

algún delito de narcotráfico ou calquera plantación ilegal. Demencial, señores do PP. Polo tanto, o que lle pedimos dende a oposición, que non nos vai a quedar outra que votar a favor desta moción, aínda que non sabemos o efecto que vai a ter en Santiago ou en Madrid, o que lle pedimos e que se poñan a traballar, que pidan unha xuntanza coa conselleira urxentemente, os deputados deste órgano colexiado e tamén acompañados polo seu presidente, para poñer cartos. Porque mire, os agricultores e os gandeiros o que necesitan non son boas palabras, nin plans de reconversión vitivinícola, ni vamos a poñer, nin vamos a mobilizar, vamos a facer. Levan cinco meses esperando respostas e de momento non teñen ningunha. De momento nada máis e moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Ana M.<sup>a</sup> Villarino Pardo, portavoz do Grupo Popular,** si, moitas grazas. En primeiro lugar agradecer o sentido do voto a favor dos tres grupos a favor desta moción que presentamos por parte do Grupo Popular. Dito isto, señor Rodríguez Suárez, xa lle dixen na miña intervención que non íamos facer ningún ránking de concellos e localidades afectados porque toda a provincia, a través dun ou outro fenómeno meteorolóxico adverso estivo afectada; e por iso é polo que imos a solicitar estas axudas á Xunta de Galicia. Axudas das que falamos como son diminución dos módulos do IRPF; axudas das que falamos como son créditos brandos ou apoio á circulante para que nun ano tan difícil como este poidamos vivir dignamente nos nosos pobos e do noso campo. Señor Ojea, non dubide que a Deputación ten máis que interese neste asunto porque, evidentemente, somos unha provincia agraria. Vivimos do campo e vivimos do noso gando, por iso solicitamos as axudas ás Administracións competentes. Polo tanto, o que pedimos é unha discriminación positiva cara a esta provincia, cara a este sector, o primario, do que evidentemente dependemos. E señora Lama, o meu evidentemente non é o canto; o noso, é traballar pola nosa provincia e polo benestar dos noso veciños e por iso traemos aquí, e poñemos enriba da mesa, este problema. Nada máis e moitas grazas.

**D. Armando Ojea Buzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** xa na miña primeira intervención falaba da ambigüidade coa que estaban redactados os acordos, a deputada do PSOE dicía que xa por terceira vez se está, dalgunha maneira, demandando o mesmo. Isto eu non se si se fai porque é moi doado conseguir un titular na prensa mañá, ao mellor para lavar a cara ao Partido Popular da Xunta de Galicia que está, como acabamos de dicir, *missing*, non se sabe moi ben por onde anda nesta historia; pero é moi sinxelo conseguir

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

un titular con esta moción, traer aquí esta moción e que mañá escriba en primeira páxina: *la Diputación aprueba por mayoría ayudas, ta, ta, ta...* Claro, sobre todo cando algúns periódicos están en condición de escribir ao ditado do que lle digan dende aquí. Entón, claro, eu non sei si esa é a finalidade, porque é unha xogada moi fácil de facer, conseguir unha primeira páxina falando ou lavando un pouco a cara do Partido Popular neste tema ante a incompetencia manifesta das Administracións que rexen. Tamén como dicían os compañeiros da oposición, é que non queda máis remedio que votar a favor disto porque é de *perogrullo*, pero estaremos atentos. Dicía por terceira vez, por placer, esta vez a terceira vez non sei xa, por aburrimiento xa case. Nada máis. Grazas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo do PSdG – PSOE:** grazas presidente. Simplemente para recordar, imos a votar a favor loxicamente, imos apoiar esta moción, como apoiamos tamén as anteriores. O que nos tememos é o que dicía na miña intervención anterior, para pouco vai a servir. De todos os xeitos, recordarlle que tan só fai dez meses, once meses, o señor presidente da Xunta dicía que esta ía a ser a lexislatura do rural, ¡menos mal!, ¡menos mal!. Recórdenllo vostedes cando lle manden esta moción. Grazas.

**D.<sup>a</sup> Ana M.<sup>a</sup> Villarino Pardo, portavoz do Grupo Popular:** agradecer unha vez máis o respaldo dos tres grupos a esta moción que traemos o Grupo Popular, e oxalá esta sexa a última vez que teñamos que poñer enriba da mesa a problemática do noso campo. Nada máis e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 15º](#)

Non se producen máis intervencións e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Facer un estudo e un seguimento a través do Instituto do Campo en contacto cos Consellos Reguladores, e demais asociacións e agrupacións agrarias do estado dos principais produtos cultivados no noso territorio e a incidencia que a treboada tivo na súa produción.

2º.- Instar a Xunta de Galicia, ao Ministerio de Agricultura e demais administracións, que no ámbito das súas competencias establezan as medidas e mecanismos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

necesarios, facendo campañas para concienciar sobre a necesidade da contratación dos seguros agrarios.

3º.- Solicitar da Xunta de Galicia unha diferenciación clara polos feitos ocorridos nos últimos días, unha liña de axudas para paliar os danos ocasionados e solicitar a tramitación como Zona de Emerxencia das distintas áreas afectadas.

**16º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**17º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DO EXERCICIO 2016 DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E DO INORDE PARA O PERÍODO 2016 - 2019.-**

O Sr. presidente dá conta do informe de avaliación do exercicio 2016 do Plan estratéxico de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE para o período 2016-2019.-

Os membros da Corporación quedan informados.

**18º.- DACIÓN DE CONTA DAS RELACIÓNS DE DECRETOS DE PRESIDENCIA:**

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: meses de xullo e agosto de 2017 e dos seguintes adicionais: 2º de maio, 3º de abril e 1º de xuño de 2017.
- Deputado delegado de Facenda: meses de xullo e agosto de 2017 e dos seguintes adicionais: 3º de marzo, 2º de maio e 1º de xuño de 2017.
- Deputado delegado de Administración Provincial: meses de xullo e agosto de 2017.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: meses de xullo e agosto de 2017 e do 1º adicional de maio de 2017.

Os membros da Corporación quedan informados.

**19º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

**Sr. presidente:** imos comezar por un documento do Grupo Socialista, con número de rexistro de entrada 29.953, onde presenta preguntas para ser formuladas oralmente no vindeiro Pleno ordinario do 29 de setembro de 2017. Ten a palabra o deputado don Vicente Gómez.

**D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista:** boas tardes, as preguntas son as seguintes: baseándose na resposta remitida por esta Presidencia o pasado 25 de setembro, na que nos viñan dicir que a colaboración co goberno autonómico para realizar traballos de elaboración do estudo sobre as franxas de protección contra incendios se estaba a realizar, posto que a prioridade nos meses do verán foi a de poñer todos os medios da Deputación ao dispor da Xunta, solicito que me informe sobre canto persoal tivo esta Deputación ao dispor da Consellería de Medio Rural, en qué incendios ou lumes forestais colaboraron, cantos medios e persoal enviaron para colaborar na loita contra os lumes forestais. ¿Fago a seguinte?

**Sr. presidente:** non, se quere teño aquí informes elaborados polo xefe do Parque de Maquinaria tanto de traballos de colaboración na extinción de lumes, como equipos de traballo para prevención e extinción de lumes, que llos facilito directamente despois se quere.

**D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista:** a seguinte pregunta é que temos constancia, non é constancia, é que nunha asemblea da mancomunidade se lle encargou ao presidente da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín a intención de solicitarlle a este goberno provincial unha subvención para apoiar a realización do Festival de Curtas de Verín ¿Pode confirmarnos a recepción desa solicitude de axuda? En caso de que así fose ¿ten esta Presidencia pensado concederlle algunha axuda ou subvención a este festival de curtametraxes?

**Sr. presidente:** efectivamente, o día 27 de xuño de 2017 tivo entrada no Rexistro Xeral da Deputación (número 19.042) unha solicitude da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín na que pide que se destine unha cantidade para financiar ao Concello de Verín como organizador do Festival de Curtas Vía XIV. Nos o que fixemos foi estar en conversas co Concello de Verín, dado que non se nos remitiu ningún tipo de memoria de actividades nin do orzamento para concretar a axuda, que por suposto estamos dispostos a financiar desde a Deputación Provincial.

**D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista:** a seguinte é respecto das brigadas medioambientais desta Deputación: ¿pode informarnos, en primeiro lugar, do número das que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

dispón esta institución, do número de membros que as compoñen e do protocolo de actuación destas? É dicir, do procedemento a seguir para que accedan a traballar nos concellos.

**Sr. presidente:** moitas grazas. Eu teño aquí un informe e ou llo paso ou senón o leo en relación con esta pregunta, na que di o número de brigadas coas que conta esta Deputación e membros que as compoñen, que esta Deputación conta con tres brigadas de zonas verdes (insisto en que lle pasarei copia deste informe) que se atopan estruturadas estas tres brigadas, tal e como se reflicte nas táboas que se acompañan, están formadas por tres capataces de zonas verdes, cinco choferes - operarios e vinte operarios de zonas verdes. A realidade é que o protocolo de actuación delas, foron formadas para atender as propias zonas verdes da Deputación no momento inicial. Cando existe a posibilidade material e persoal aténdense as solicitudes realizadas polos concellos da provincia. Todas as solicitudes non se poden atender en tempo e forma, inténtase facer cando é posible, arrastrando incluso solicitudes de anos anteriores, e o protocolo pasa en primeiro lugar por unha solicitude escrita por parte do concello onde se detallan os traballos para realizar; unha visita ao concello para a valoración dos traballos; solicitude ao concello de posta a disposición dos terreos, da disposición de medios materiais, da declaración de danos e perdas, declaración de cumprimento do artigo 35 da Lei 9/2002, modificada pola Lei 15/2004 e o visto e prace da avaliación de riscos das brigadas de zonas verdes. Respóndese desde o concello, ábrese o centro de traballo e realízanse os traballos. As solicitudes aténdense por estrita orde de entrada no rexistro da Deputación, condicionada a dous criterios: 1º. A tipoloxía dos traballos solicitados e a idoneidade da época en que se poidan realizar. 2º. A demora ou a pronta resposta da documentación que teñen que enviar desde os concellos. Neste informe veñen os nomes e as categorías de todos os compoñentes desas tres brigadas medioambientais, do que lle farei entrega unha vez que rematemos esta sesión. ¿Algunha outra pregunta ou algún rogo? Si, BNG.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** teño catro cuestións. Unha é unha pregunta ou rogo. Hai máis de dous meses que pedimos unha certificación do secretario a respecto dun documento presentado por rexistro e aínda non chegou. Recórdolle, era un informe de avaliación do contrato de limpeza. Rogáramos, en todo caso, que no la fixeran chegar.

**Sr. presidente:** tomo nota dese rogo.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** tamén nos gustaría saber, ou que nos explicara, cales son as razóns polas cales a estación de Manzaneda, na que esta Deputación é unha das principais accionistas xunto coa Xunta, co 49,65%, non presentou as contas diante do Consello de Contas no ano 2015, tal como o Consello ven de denunciar no seu informe de 2017.

**Sr. presidente:** conseguirei esa información e lle contestarei por escrito.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** tamén en relación con esta cuestión se nos pode explicar cales son as razóns polas cales vostede, esta Deputación, bloqueou a saída a concurso para a xestión das instalacións.

**Sr. presidente:** simple e *llanamente*, co voto tamén a favor do representante do Concello de Manzaneda e da propia empresa xestora, polo momento que se está a vivir, en Meisa, na estación, coa instalación dos canóns de innivación. Consideramos que non era oportuno nun momento como ese someter os destinos de Manzaneda a un vaivén de cambio no modelo de xestión. No momento oportuno, unha vez que esta estación de montaña teña incorporada esa nova infraestrutura, será cando se poña sobre a mesa e estaremos proclives a facelo.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas. Para rematar xa, se nos pode aclarar e se nos pode trasladar información ao respecto do decreto n.º 92 do día 21, no que se acorda iniciar expediente contradictorio para determinación de existencia de posibles incumprimentos contractuais por parte dun traballador da Deputación e a adopción da resolución que proceda designándose instrutor e secretario do expediente. Gustaríanos que nos achegara información ao respecto deste asunto.

**Sr. presidente:** tomo nota dese rogo. ¿Algunha cuestión máis? Si.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo do PSdG - PSOE:** si, bo día a todos e a todas. Como hoxe o pleno, entre outras cousas, foi de toallas, gustaríame facerlle unha pregunta, que supoño que poderá responder, e senón a terá que responder desde logo por escrito, pero eu xa lle vou adiantando, e incluso lle podó dicir máis do que ao mellor o que vostede me vai dicir a min. ¿Qué empresa ou autónomo é á que se lle mercaron desde esta Deputación as toallas e as pulseiras de Ourensanía? Me pode contestar.

**Sr. presidente:** responderille por escrito.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

**D. José Ignacio Gómez Pérez:** moi ben. Xa lle vou adiantando eu que non será algunha persoa que increpou a algún deputado que había aquí sentado e que segue sentado nesta bancada ¿verdade? Pois cando mo responda xa lle contestarei eu tamén a vostede. Porque tamén esiximos desde hai tempo que o identificase. Outra pregunta, eu escoitei aquí falar hoxe, abraiado, do Plan de Igualdade do emprego, unha pregunta máis, niso que non limos, eu o que non encontrei é se o presidente pode cambiar as notas dos que supostamente van acceder a postos de traballo. Dígoo por as supostas gravacións que lle fixeron a vostede. Non sei se iso tamén vai incluído ou non. Despois fago un rogo ou proposta, porque tamén se fixo aquí de algo que preguntei e que xa me contestaron por escrito (ben, despois de case dous meses) e me contestaron por escrito algo que tamén é moi recorrente nesta institución, que é a onde foron destinados eses douscentos cincuenta mil euros que ían en subscricións. E si me contestaron vostedes, xa digo despois de dous meses, non sei se tardaron moito en conseguir a información, e resulta que todos van aos colexios desta provincia, segundo a contestación que me deron vostedes ou, pásmense, incluso no concello que eu presido, ás escolas de música (eu, a verdade, tiña descoñecemento) en concreto á de Ribadavia. O meu rogo-proposta é que mire, por exemplo, xa que van a escolas de música, nós temos cinco conservatorios, excluindo ao da capital, onde non recibimos practicamente un euro, e onde temos reclamado constantemente aquí, pois mire, douscentos cincuenta mil entre cinco, se non me dan mal as contas, que eu son de letras, son cincuenta mil euros para cada conservatorio. Eu creo que serían moito mellor investidos que que os bedeis ou que os profesores dos colexios, con todos os respectos, puideran ler o Correo Gallego. Seguramente os nenos desta provincia o agradecerían máis. Dígoo por propoñer algo. Tamén propoño outra cuestión, e fago un rogo, e iso tamén o teño reiterado noutras ocasións. Vou dicir con isto que é unha virtude, por exemplo, o talante que tivo a compañeira á hora de explicar a ordenanza, Teresa, ou incluso tamén o talante que tivo Pablo á hora de explicar outra ordenanza. Pero tamén é verdade, e o teño repetido en multitude de ocasións, e os deputados e deputadas temos dereitos e obrigas, e un dos dereitos e obrigas que temos, unha obriga en concreto, é vostedes como goberno e nós como oposición, nós facer preguntas. Pero nas comisións informativas, eu creo que é onde máis acaído é levar ese tipo de cuestións, e o teño dito en moitas ocasións e así non nos encontramos con titulares de que, xa o teño dito outras veces, de que ao mellor as comisións informativas duran un minuto ou cinco, porque eu creo que a nosa obriga é traballar, e polo tanto non sería malo empregar esa fórmula

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017</b>
--

e non ter que vir aquí ao Pleno despois cando se pode facer perfectamente nesas comisións informativas. Así tamén poderíamos preguntar e viriamos ao pleno ao mellor con outro sentido de voto. E a última pregunta, porque ou é algo que eu me perdín ao mellor, porque hoxe case facemos internacional a Plácido, por pouco nos dá el máis a nós que nós a el no debate dos orzamentos. A min hai unha cousa (xa digo, ao mellor me perdín eu nun momento dado), pero hai unha pregunta que si me gustaría facerlle ao presidente, que é, e xa o preguntamos en comisións, ninguén o vai responder ou ningún o responde, ese plan de obras pantasma e digo pantasma porque non leva ningunha denominación, que é dun millón e medio de euros ¿a quen vai destinado Sr. presidente? ¿vai destinado aos concellos do Partido Popular? ¿vai destinado a todos? ¿vai ir destinado por criterios lóxicos? ¿ou vai dicir o mesmo que dixo o portavoz do seu grupo, que xa se irá facendo? Iso é falta de previsión, a previsión será traer un orzamento e dicir onde se vai investir. Digo se quere responder a iso e senón tamén que responda por escrito, así tamén os alcaldes ao mellor nos imos informando do que nos vai tocar. Moitas grazas.

**Sr. presidente:** responderáselle por escrito. Si, señor deputado.

**D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo do PSdG - PSOE:** si, bo día señor presidente. Mencionouse aquí polo portavoz do Partido Popular, o señor Plácido Álvarez Dobaño, tanto no pleno extraordinario de agosto como no de hoxe, ao Concello de Amoeiro. É un rogo. Direille ao Sr. portavoz que os números non enganan, depende de cómo se faga uso deles, e a cantidade que ven reflectida nese folleto que vostede puxo aí, que nos fixemos desde o concello, da cantidade que se reflicte aí eu podíalle dicir que esa cantidade aínda se pode mellorar. De números non é que entendamos moitos, pero no equipo de goberno do Concello de Amoeiro algo sabemos de números e, se quere, un día poñémonos a facelos. Nada máis.

**Sr. presidente:** ¿algún outro rogo ou algunha outra pregunta? Se non hai entón levántase a sesión. Moitísimas grazas e bos días.

E, ás 14.20 horas do día vinte e nove de setembro do ano dous mil dezasete, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**



**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2017**